

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2022/23

INDICE:

1.- SITUACIÓN E CONTORNA DO CENTRO.	4
2.- DEPENDENCIAS DO CENTRO.	4
3.- ESTADO DAS INSTALACIÓNS. REFORMAS E ARRANXOS.	7
4.-SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: PLAN DE TRANSPORTE E REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR ESCOLAR	8
5.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS.	19
6.- CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.	21
7.- ALUMNADO.	22
8.- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.	23
9.- OBXECTIVOS DO CENTRO.	23
10.- HORARIO DO CENTRO.	28
11.- HORARIO DE ATENCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.	29
12.- PLAN DE AVALIACIÓN.	30
13.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.	30
14.- RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO.	34
15.- HORARIOS DE AULA E DE PROFESORADO DO CURSO 2020/21.	35
16.- SUBSTITUCIÓNS NAS AUSENCIAS DO PROFESORADO.	35
17.- QUENDAS DE GARDAS DE ENTRADAS, SAÍDAS E RECREO.	36
18.- PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.	41
19.- PLANIFICACIÓN 2º CICLO DE INFANTIL.	44
20.- PLANIFICACIÓN DO 1º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.	46
21.- PLANIFICACIÓN DO 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.	47

22.- PLANIFICACIÓN DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.	49
23.- PLANIFICACIÓN DO 4º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.	50
24.- PLANIFICACIÓN DO 5º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.	52
25.- PLANIFICACIÓN DO 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.	53
26.- DATAS DAS AVALIACIÓNS.	54
27.- PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	54
28.- PLAN ANUAL DE LECTURA E PROGRAMACIÓN DO PROXECTO DA BIBLIOTECA.	65
29.- PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC.	87
30.- ADDENDA E PROGRAMACIÓN DO EDLG.	95
31.- PROGRAMACIÓN DO PROXECTO DE PLURILINGÜISMO E PLURINFANTIL.	101
32.- PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA NOS QUE PARTICIPA O PROFESORADO DO CENTRO: Programa para a mellora da competencia lingüística, matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Programa Deportivo de Centro. Plan Proxecta. Contratos-Programas. Plan Director.	105
33.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE.	106
34.- PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA.	136
35.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.	140

1. SITUACIÓN E CONTORNA DO CENTRO.

O CEIP Plurilingüe de Outes atópase na capital do concello, situado á beira do Río Tines, na rúa Praza de Galicia. Acoden ao centro nenos e nenas da Serra e das parroquias de San Tirso de Cando, Santa María de Entíns, San Xoán de Sabardes, San Lourenzo de Matasueiro, San Pedro de Outes, San Xoán de Roo, San Cosme de Outeiro, Santo Ourente de Entíns, San Xián de Tarás e San Miguel de Valadares, así como dos lugares de Couso (Negreira) e Fontemourente (Mazaricos).

O centro adscíbese ao IES Poeta Añón situado tamén na Serra de Outes.

O Concello de Outes radica no fondo da Ría de Muros e Noia e ten unha extensión duns 100 Km², agrupando dez parroquias. Cunha poboación de 6.282 habitantes que tende a concentrarse no litoral, nos núcleos próximos á costa, sendo os da Serra con arredor de 2.400 habitantes, O Freixo cuns 1.500 e Roo con preto de 1.000 son os máis poboados.

O desenvolvemento económico do concello baséase na agricultura, gandería, pesca e marisqueo, así como no comercio e na industria madeireira. O nivel de actividade económica da contorna pódese considerar medio-baixo. Constatándose un progresivo aumento do sector servizos e da construción, fronte á diminución do sector primario e con elevados índices de desemprego xuvenil.

O reparto da actividade económica na zona é aproximadamente como segue:

- Agricultura e gandería.....	10,65%
- Industria (fundamentalmente madeireira)	13,9%
- Construción.....	20,30%
- Pesca e marisqueo	23%
- Servizos	32%


Nas familias do alumnado a comunicación realízase fundamentalmente en galego.

2.- DEPENDENCIAS DO CENTRO.


O centro consta de tres edificios (o edificio de administración, o edificio principal e o edificio anexo), un ximnasio, un patio cuberto e tres patios para primaria e un para infantil.

No **edificio de administración** atópase a dirección, a xefatura de estudos, a secretaría, o departamento de orientación, unha sala de reunións, a sala de descanso, a conserxería, un arquivo anexo á conserxería, dous almacéns e dous baños


EDIFICIO ADMINISTRATIVO




No **edificio principal** atópanse as aulas de Educación Infantil, a biblioteca, a cociña e os seus anexos, o comedor, 6 baños, un deles destinado a sala de cambios para o alumnado que necesite cambiar de muda. Ao longo do curso a biblioteca será reubicada, trasladándose á planta baixa do edificio da autónoma. Na dependencia da antiga biblioteca situarase a aula de música.



Na **primeira planta do edificio principal** atópanse as 11 aulas de Educación Primaria, 2 de inglés, 1 aula de Audición e Linguaxe , 1 aula de Pedagogía Terapéutica, 1 aula de desdobre para relixión ou valores, o Tecno laboratorio, varios almacéns (material didáctico, TICs e de limpeza), unha titoría para relixión e catro aseos.




En toda a **planta baixa do edificio da autónoma** estará ubicada a biblioteca do centro en canto rematen as obras.




Na **primeira planta do edificio da autónoma** atópase unha dependencia asignada á ANPA para funcións administrativas, dous aseos e catro aulas: dúas delas destinadas ao

servizo de madrugadores e tardes divertidas do programa OUTES CONCILIA do concello de Outes; as outras dúas destinadas ás actividades extraescolares da ANPA.



No edificio do **ximnasio** atopase unha cancha, tres vestiarios cos seus aseos, dous almacéns e unha sala de caldeiras. Durante o primeiro trimestre do curso estará en obras por renovación do tellado e das canalizacións, así como limpeza da fachada.



3.- ESTADO DAS INSTALACIÓNS, REFORMAS E ARRANXOS.

Este curso o concello realizou as seguintes actuacións:

- Limpeza integral do centro.
- Limpeza do patio cuberto.
- Limpeza do pozo.
- Retirada da valla do patio de infantil e instalación duns postes e unha corda.
- Recheo con área do areiro do patio de Educación Infantil e do patio contiguo.
- Colocación de tarima nas aulas de 1º e 2º de Educación Primaria.
- Colocación do mobiliario para ubicar a máquina dispensadora de auga no comedor.

- Instalación dun moble para a zona de construcións do primeiro ciclo.
- Substitución da porta do caseto das bombas de achique
- Colocación de tapas nas chaves de paso de auga situadas no xardín do centro.
- Realización do control de plagas.

Durante este curso ten previsto realizar:

- Limpeza de canlóns de todos os edificios.
- Colocación de fiestras no edificio da autónoma.
- Limpeza da fachada do caseto de bombas.
- Revisión do filtro de auga e búsqueda dalgún sistema combinado que evite os atascos habituais.
- Limpeza da fachada do ximnasio e posterior pintado.
- Limpeza da fachada do edificio principal e da autónoma.

En setembro a Xefatura Territorial comezou a obra de retirada do tellado do ximnasio e instalación dun novo, así como dos canlóns. O concello realizara a limpeza e pintado da fachada do mesmo.

4.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: PLAN DE TRANSPORTE E REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR ESCOLAR.

4.1.- PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR.

O servizo de transporte escolar deste centro escolar realízano a UTE ESCOLAR GALICIA LOTE 17 formada polas empresas Manuel Ferrín SL (Ferrín), Autos Comparado SL, Autos Dosil SL e Grupo Autocares Monbus SL. O servizo inclúe 10 autobuses para a realización diaria de itinerarios ordinarios. Todas as rutas contan con acompañante no autobús.

4.2.- REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR ESCOLAR.

O comedor escolar do noso centro funciona na modalidade de xestión directa polo propio centro.

O encargado do comedor é Alejandro Manuel Romero Pérez, membro do Persoal de Administración e Servizos.

Seguindo as indicacións realizadas pola Xefatura Territorial de Sanidade e Servizo Galego de Saúde tralo análise do menú no centro no ano 2018 foronse realizando melloras no mesmo para cumprir as recomendacións nutricionais básicas para a poboación escolar.

No curso pasado participamos na modalidade EDUSaúde do Programa de Consellería de Educación CP-Innova que recoga como obxectivo “os centros educativos son institucións vitais para contribuir ao benestar físico e alimentario, polo que fai falta impulsar tanto a actividades físicas como os hábitos alimentarios ligados a unha vida saudable para que poidan ser mantidos ao longo da vida”. Nos últimos meses do curso, trala aprobación tanto no Claustro como no Consello Escolar por unanimidade, contrátase a unha nutricionista especialista en alimentación infantil para que realice a planificación do menú escolar.

Durante o presente curso escolar o Claustro e o Consello Escolar acorda que o menú siga sendo elaborado por Natalia Hospido, de Nutricoles, farmacéutica e dietista nutricionista especializada en nutrición infantil.

Elabóranse menús adecuados ás necesidades do alumnado, tendo en conta os casos individuais de intolerancias e dietas específicas medicamente certificadas. Os menús danse a coñecer mensualmente, publicándose na web do centro no apartado de comedor, para que poidan complementar o réxime alimenticio dos seus fillos/as de acordo cos criterios dunha alimentación equilibrada e saudable.

Está actualizado o Manual APPCC de análise de perigos e puntos de control crítico que se ven aplicando para cumprir así os requisitos de control de calidade establecidos na lexislación vixente sobre control sanitario, manipulación e distribución de alimentos e de mantemento das instalacións, equipos e maquinaria.

O alumnado de infantil está sentado na zona contigua á cociña, distribuídos en mesas de cinco ou seis nenos/as, un deles un servidor ou servidora de cursos altos.

O alumnado de primaria está sentado no lateral dereito do comedor, en cada mesa hai un servidor/a; que é o alumno/a encargado de servir a mesa e de recollela.

Dende o comedor distribúese a merenda de media maña do alumnado, o menú de ditas merendas tamén está elaborado por Nutricoles, Este curso solicitamos os programas de “Froita na escola” e “Leite na escola” a través do FOGGA, programas destinados a conseguir hábitos saudables no alumnado a través do fomento do consumo de froitas e leite.

Nos primeiros días do mes de setembro procederase, a través dunha empresa autorizada, á operación anual de desinfección, desinsectización, análise de superficie e potabilidade.

Alumnado usuario do comedor:

O número de prazas autorizadas para o curso 2022-2023 é de 263 aínda que o Plan de Autoprotección do centro establece un máximo de 202 prazas. Neste número máximo van incluídas as prazas de cobertura obrigatoria do persoal que intervéñen no servizo de comedor e coidadoras do centro.

Durante este curso escolar, tanto a nivel de alimentación como a nivel de hábitos de conduta, continuarase levando a cabo un reforzo do programa que anualmente se pon en marcha para favorecer o uso correcto das instalacións, a adquisición de normas e hábitos vinculados coa hixiene e alimentación, regulación da conduta durante o tempo da comida e o posterior tempo de ocio e a propia alimentación

Persoal do comedor:

Este curso escolar comedores escolares autorizounos quince coidadoras para encargarse diariamente de atención do alumnado usuario do comedor, que podían ser nais, pais, titores/as legais e/ou profesorado; dado que ao comezo do curso non conseguíamos cubrir o cupo de colaboradoras abriuse a persoas externas ao centro.

Establerezanse quendas para que poidan participar todas as persoas anotadas, ademais de que as persoas anotadas é maior non poden acudir asiduamente por compatibilizar esta colaboración coas súas actividades laborais (como o marisqueo), habendo colaboradoras que so poden asistir un día a semana.

Ademais das 15 persoas colaboradoras de comedor a relación de persoal que intervéñen no servizo de comedor é a seguinte:

Directora	Inmaculada Cortón Tesouro
Encargado de comedor	Alejandro Manuel Romero Pérez
Persoal laboral	Dolores Álvarez Martínez
	M ^a Teresa Abelleira Calvo
	Natividad Barral Rodríguez

É tamén son usuarias do comedor escolar, na súa condición de coidadoras para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, María Belén Calo Albores, substituta de Rosa Duro Castro e María José Somoza Outeiro, compartida co IES Poeta Añón.

A directora delegará algún días a súa función como responsable do comedor na xefa de estudos Eva Nieto-García Ardións ou na secretaria Patricia Ferreira Lavandeira.

PLAN ANUAL DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR.

1.- OBXECTIVOS XERAIS.

- Proporcionar ás familias un servizo complementario e nalgúns casos necesario para conciliar os horarios dos seus fillos ou fillas co seu horario laboral.
- Proporcionar ao alumnado unha dieta saudable e equilibrada.
- Concienciar ás nenas e nenos da importancia da alimentación para o funcionamento do seu organismo e, polo tanto, para a súa saúde e a súa vida.
- Promover nos nenos e nenas a idea de que a comida é tamén un feito social que comporta normas de relación cos demais.
- Asentar actitudes de igualdade entre nenos e nenas á hora de realizar tarefas relacionadas co momento da comida.
- Promover e asentar hábitos de hixiene e consumo responsable relacionados coa alimentación.
- Favorecer a relación, o intercambio e a cooperación cos demais.

2.- OBXECTIVOS ESPECIFICOS.

2.1.- HIXIENE E COIDADADO:

- Lavar as mans antes e despois de comer.
- Usar correctamente os cubertos.
- Ser coidadoso/a e ordenado/a.

2.2.-ALIMENTACIÓN:

- Afacerse a comer de todo e de xeito equilibrado.
- Acabar a comida do prato.
- Comer mastigando pouco a pouco e coa boca pechada.

2.3.- HÁBITOS DE CONDUTA:

- Sentarse ben.
- Falar en ton baixo.
- Comer sen erguerse da cadeira.
- Respectar ao persoal colaborador do comedor e aos compañeiros e compañeiras.
- Dominar o uso dos cubertos.
- Coidar as boas formas no trato cos demais: pedir as cousas por favor, dar as grazas...
- Coidar e facer un bo uso do enxoval e do mobiliario do comedor.
- Responsabilizarse, como encargado ou encargada da súa mesa (xeralmente alumnado de 5º e 6º de Primaria), de servir a comida e comunicar as incidencias que puidese haber na mesa ao persoal colaborador.

3.- PRAZAS.

O número de prazas autorizadas pola Consellería de Educación para o curso académico 2022/23 é de 263 usuarios.

4.- MENÚS.

Os menús son elaborados pola nutricionista especializada en nutrición infantil Natalia Hospido, de Nutricoles.

Elabóranse menús adecuados ás necesidades do alumnado, tendo en conta os casos individuais de intolerancias e dietas específicas medicamente certificadas, ademais de seguir os seguintes criterios:

- A variedade e equilibrio nutricional.
- Os produtos serán frescos e de tempada.
- Ás estacións do ano.
- Ao orzamento da Consellería de Educación.
- Ás recomendacións nutricionais básicas para a poboación escolar baseadas nos criterios acordados ó respecto pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e pola Consellería de Sanidade, sen menoscabo da supervisión que corresponda de conformidade co artigo 40.3 da Lei 17/2011 de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.

Cada menú mensual, estará exposto na páxina web do centro.

INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS:

Contemplanse menús alternativos adaptados a aquelas intolerancias que estean medicamente xustificadas.

Deberán ser xustificadas mediante certificación médica e actualizadas todos os anos aquelas que non sexan permanentes.

APOIO E VIXILANCIA DO COMEDOR ESCOLAR

Os obxectivos xerais destas actividades son os recollidos nos obxectivos tanto xerais como específicos do Plan de Comedor e ademais atenderase aos seguintes factores:

- **Acceso ao comedor e organización durante a comida:**

O alumnado de Educación Infantil será o primeiro en acceder ao comedor, a continuación o fará o alumnado de primaria. Antes de acceder ao comedor debe ir ao baño a lavar as mans acompañados pola mestra que teña clase con eles á última hora.

O uso do aseo durante as comidas será xestionado por unha das coidadoras.

Terase sempre en conta o seguinte:

- As nenas e nenos comerán procurando un ton de conversación adecuado, e non deben levantarse da mesa mentres comen.

- Nas mesas dos comensais de Educación Infantil o persoal colaborador estará moi pendente de que coman, axudándolles no preciso, cortar a carne, peixe, froita, etc. procurando sempre unha progresiva adaptación e autonomía dos nenos e nenas.

- O alumnado servidor será o encargado de servir a comida e a auga, as colaboradoras supervisarán que se haga un reparto equilibrado entre os comensais. Por norma xeral, as nenas e nenos deben probar a comida que se lles sirve.

Terase especial coidado en evitar que as nenas e nenos coman en exceso repetindo dos pratos que lles gusten e rexeiten e coman pouco daquela comida que non é do seu agrado. As fontes veñen con racións en cantidade estimadas para atender de xeito equilibrado as necesidades de nutrición de nenos e nenas.

O alumnado servidor deberá recoller o enxoval da mesa. Depositaranse os desperdicios no recipiente correspondente.

Se algún neno ou nena se molla e precisa cambiar a roupa utilizarase a roupa de muda que se almacena nun armario do comedor, en caso de que non quede a muda chamarase ao teléfono de contacto facilitado pola familia para que o veñan a cambiar, o cambio realizarase na sala de cambio destinada para tal fin.

- **Saída do comedor:**

O persoal colaborador será o encargado de acompañar ao alumnado nos desprazamentos e dentro do comedor para atendelo no momento da comida.

Ningún alumno/a pode abandonar o recinto escolar sen seguir o procedemento establecido (recollida polo pai/nai ou persoa por estes autorizada e sempre con comunicación previa á dirección do centro).

O comedor escolar ten unha función fundamental de educación para a adquisición de correctos hábitos hixiénico-alimenticios. Insistirase pois no control e adquisición de hábitos correctos de comportamento e alimentación.

Os incumprimentos de normas de convivencia, faltas de disciplina, etc durante o tempo de servizo de comedor corríxiranse de acordo co establecido no Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento do centro.

A colaboración no comedor comporta o compromiso no coidado e vixilancia dos menores comensais, a aceptación polo persoal colaborador do sistema de organización e de funcionamento do comedor escolar e o seu compromiso de avisar previamente con tempo suficiente as súas ausencias, que deberán ser xustificadas.

O incumprimento destas condicións será causa válida para que o centro dea por terminada a colaboración.

5.- NORMAS PARA O ALUMNADO.

O comedor é un servizo complementario polo que o seu uso está directamente vinculado á asistencia ás clases. A ausencia reiterada e/ou inxustificada poderá conlevar a perda do dereito á praza no comedor.

O alumnado de EI usuario de comedor deberá traer ao acceder a comedor unha tarxeta identificativa (debidamente plastificada e colgada da mochila), segundo o modelo proporcionado polo centro, e na que constarán:

- Nome e apelidos
- Curso
- Se é usuario do transporte o nº de autobús.
- Se queda a actividades extraescolares, os días que o fai.

Os alumnos e alumnas usuarios do servizo de comedor teñen a obriga de cumprir as normas de convivencia que están implícitas nos obxectivos específicos nos aspectos de hixiene, alimentación e conduta. A aqueles que incumpran de forma reiterada ou de forma grave as normas de convivencia e hixiene, seranlles aplicadas as directrices establecidas na Lei de Convivencia e nas Normas de Organización, Funcionamento de Convivencia do Centro.

As condutas contrarias ás normas de convivencia do centro serán rexistradas por parte do persoal colaborador que as detecte nun parte de incidencias. O equipo directivo informará ás familias segundo o protocolo de incidencias

6.- COLABORACIÓN DAS FAMILIAS.

As familias poden e deben colaborar co servizo de comedor do Centro:

- Revisando os menús mensuais cos seus fillos ou fillas e motivándoos para ter unha actitude positiva ante a comida.
- Garantindo que os seus fillos ou fillas traian sempre a tarxeta identificativa.
- Reforzando na casa as actitudes que se traballan no comedor en canto a hixiene, alimentación e comportamento.
- Informando de calquera incidencia que afecte ao seu fillo/a no tempo de comedor.
- Informando ao centro de calquera alteración na asistencia ao comedor do seu fillo/a.
- Avisando na dirección das ausencias e xustificando as faltas.
- Aportando as certificacións médicas, cando sexan necesarias, en caso de intolerancias alimentarias.
- Aportando suxestións para a mellora do servizo a través dos seus representantes legais no Consello Escolar.

7.- PERSOAL DE ATENCIÓN AO ALUMNADO.

Segundo a normativa vixente (Orde de 21 de Febreiro de 2007) o persoal de atención ao alumnado virá determinado en función do número total dos alumnos e alumnas comensais. No actual curso 2022-2023 o número de colaboradoras establecido é quince.

7.1- FUNCÍONS DO ENCARGADO DE COMEDOR.

A persoa encargada do servizo de comedor terá as seguintes funcións:

- Coordinar un plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer e de relación social na contorna do servizo de comedor.
- Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.

- Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarias para o funcionamento do comedor.
- Elaborar a actualización periódica do inventario do servizo de comedor.
- Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora dos menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto.

7.2.- FUNCÍONS DO PERSOAL COLABORADOR DE ATENCIÓN AO ALUMNADO

As funcións do persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor son as que prescribe a normativa legal de referencia e concrétanse nas seguintes:

- Supervisar a hixienización das mans do alumnado
- Acompañar ao alumnado a súa zona do comedor.
- Acompañar aos alumnos e alumnas a lavar as mans.
- Acompañar aos nenos e nenas ao comedor.
- Axudar e motivar ao alumnado na realización de tarefas como cortar a comida, recoller...
- Axudar aos nenos e nenas que o precisen nas actividades de alimentación e aseo.
- Vixiar no tempo da comida e no tempo de ocio anterior ou posterior ao xantar no patio.
- Motivar aos nenos e nenas a participar nas actividades e xogos que se propoñan.
- Informar ao equipo directivo do centro de calquera incidencia relacionada co servizo de comedor para que aquel o poña en coñecemento das familias ou tome as medidas oportunas.

8.- CALENDARIO E HORARIO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR.

O Comedor Escolar comezou a funcionar dende o día 8 de setembro de 2022 ata o 21 de xuño de 2022 segundo o establecido na Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23. O horario de funcionamento do comedor é de 14:50 a 16.00. Os luns nos que haxa clase no IES Poeta Añón nos que a hora de saída será ás 16:15 horas por combinación do transporte con dito centro.

9.- FORMA DE PAGO.

Pago mensual. O pago dos recibos farase mediante ingreso da taxa correspondente a cada mes. O ingreso farase nos 20 primeiros días do mes seguinte ao da prestación do servizo. Unha copia do impreso enviarase ao centro de maneira telemática. Este requisito é indispensable para poder facer uso do comedor escolar.

No caso de que non conste o pago do recibo correspondente o/a alumno/a non poderá facer uso do comedor ata que non sexa efectuado e xustificado o pagamento mediante a entrega do xustificante correspondente na secretaría do centro.

10.- PREZO DO MENÚ.

O uso do servizo, de conformidade co que dispón o Decreto de comedores, dará lugar ao aboamento dos seguintes prezos públicos por parte dos suxeitos obrigados por non ter dereito ao uso gratuíto do servizo: 1 euro, 2,50 euros ou 4,50 euros en función dos parámetros da renda familiar anual neta per cápita.

11.- FALTAS DE ASISTENCIA AO COMEDOR.

As faltas xustificaranse mediante aviso no correo electrónico do centro. Unicamente aquelas faltas que se comuniquen antes das 9:45 horas de cada día poderán descontarse do importe do correspondente mes.

FALTAS SEN XUSTIFICAR:

A non xustificación das faltas e/ou non avisar das ausencias cando estas non sexan por imprevistos poderán traer consigo a perda da praza no comedor. A acumulación do 10% de faltas sen xustificar nun trimestre conlevará a perda da praza de comedor previo aviso á familia.

12. ALTAS E BAIXA NO COMEDOR.

Deben notificarse por escrito na dirección do centro.

5.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS

Pensamos, e así o plasmamos na nosa práctica educativa, que a relación máis estreita dentro da comunidade educativa prodúcese entre as familias e o profesorado, pois a súa relación debe ser biunívoca. A vinculación e colaboración mutua entre institución escolar e familias do alumnado é clave e fundamental para obter resultados positivos no proceso educativo. A coherencia e a confianza entre ambas instancias é absolutamente necesaria sobre todo para poñer en común valores e normas de convivencia. A través do Consello Escolar, a Asociación de Nais e País do alumnado e entrevistas directas profesorado/familia preténdese a colaboración e o intercambio de información para favorecer actitudes positivas de cara á actividade escolar, o benestar físico e emocional e o rendemento académico do alumnado, nunha implicación mutua no obxectivo común: a formación integral dos nenos e das nenas.

Por isto, intentamos manter xa dende o inicio da escolaridade un contacto permanente e fluído coas familias, que comezou cunha reunión inicial con todas as familias o centro o 5 de setembro (convocadas en quendas) na que a dirección informoulles de normas básicas de funcionamento do centro e a continuación tiveron a reunión inicial ca titora ou titor da súa filla ou fillo.

Nese primeiro encontro instóuselles ás familias a ter unha comunicación aberta, fluída e respectuosa na que nos transmitan calquera inquedanza, dúbida, avisos ou proposta a través de calquera das vías corporativas habilitadas para tales efectos: teléfono do centro, correo electrónico corporativo, Abalar e nas reunións presenciais.

Todas as semanas contamos cunha hora de titorías con pais/nais ou titores/as legais que ten lugar con carácter ordinario os luns de 18:00 a 19:00. Este horario será flexible para atender ás necesidades de conciliación laboral das familias ou para atender a situacións educativas de certa emerxencia que deben ser tratadas con inmediatez.

Realizaranse actividades tendentes a fortalecer e potenciar as relacións entre familia-escola e sobre todo a remarcar o vínculo entre alumnado-familias, como son: actividades de aula ás que acoden pais e nais para facer actividades en conxunto cos/as fillos/as que se enmarcan dentro das programacións curriculares, actividades de lecturas compartidas

organizadas dende a biblioteca escolar, colaboración das familias na elaboración de actividades organizadas no centro para o Samaín, o Magosto, o Entroido, xornadas de portas abertas, etc.

Tamén se realizaran diversas actividades nas que se favorecerá a participación de persoas da nosa contorna, por exemplo: visitas de profesionais do entorno que encaixen na temática que se este a traballar nas aulas para dar a coñecer ao alumnado a súa profesión (nutricionistas, xardineiras, artesáns...), ademais realizaranse reunións cos profesionais que imparten servizos de atención temperá, fisioterapia, terapia ocupacional, clases de reforzo ao alumnado fóra do horario lectivo. Colaborarase co Centro Sociocultural.

Cédense as instalacións do centro para a realización de actividades de carácter xeral e que non son organizadas polo claustro (como a realización de campamentos urbanos ou torneos de fútbol).

Favorecese a colaboración coas colaboradoras no servizo de comedor escolar, tanto durante as comidas como no tempo de lecer.

Colaborase coa ANPA na cesión das instalacións do centro para a realización de actividades extraescolares

O Centro procura manter unha relación de colaboración e intercambio o máis permeable posible coa contorna.

A nivel institucional é necesario destacar a colaboración que se mantén co Concello, tanto para o adecuado mantemento das instalacións escolares, como facilitar instalacións escolares para actividades organizadas polo concello; co departamento de servizos sociais (Asistente social e educadora familiar) en canto a seguimento de situacións familiares de privación sociocultural e necesidades económicas, actividades de reforzo e outras axudas. Igualmente co departamento de animación sociocultural a través da programación coordinada de actividades e participación nas mesmas e co CIM para o servizo de “Madrugadores” e “Tardes Divertidas”

No último trimestre o curso realízase unha visita ao IES Poeta Añón co alumnado de 6º de Educación Primaria co obxectivo de tomar contacto co novo centro, coñecer o seu funcionamento, aclarar dúbidas do alumnado, etc.

6.- CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.

A adscrición do profesorado no actual curso 2022/23 é seguinte:

EDUCACIÓN INFANTIL	
Inmaculada Cortón Tesouro	Titora de EI A
Vanessa Outón Riomao	Titora de EI B
Patricia Ferreira Lavandeira	Titora de EI C
Irene Formoso Barreiros	Titora de EI D
María Tasende López	Mestra de apoio
Andrea González Aldrey	Mestra de apoio
EDUCACIÓN PRIMARIA	
Abel Vale López	Titor de 1º A
Eva Nieto-García Ardións	Titora de 1º B
Alicia Nimo Liboreiro	Titora de 2º A
Lara Correa Noya	Titora de 2º B
Eva Arias Rodríguez	Titora de 3º A
Patricia Pose Ponte	Titora de 3º B
Mª del Carmen Gómez Ríos	Titora de 4º A
Lourdes Romero Tuñas, substituída por Óscar Vázquez Dieste	Titora de 4º B
Iván Coira Silva	Titor de 5º A
Sandra Caamaño López	Titora de 5º B
Sheila Mirón Carou	Titora de 6º A
ESPECIALIDADES	
María Susana Fernández Lestón	Mestra de Educación Física
Lucinda Paz Calvo	Mestre de Educación Física
María Carmen Horta Ínsua	Mestra de Inglés
Adrián Riveiro Iglesias	Mestre de Inglés
Daniel Rodríguez Gándara	Mestre de Educación Musical
María Carmen Peteiro Busto	Mestra de Relixión

María Gemma Somoza Silva	Mestra de Relixión
María del Carmen González Iglesias	Xefa do Departamento de Orientación
Jorge García García	Mestre de Pedagogía Terapéutica
Ana Bermúdez Gómez	Mestra de Audición e Linguaxe

7.- ALUMNADO.

Este curso escolar o número total de alumnado matriculado no centro é de 242, 65 na etapa de Educación Infantil e 175 na de Educación Primaria, distribuídos da seguinte maneira:

EDUCACIÓN INFANTIL	Aulas mixtas	Alumnado de 4º EI	Alumnado de 5º EI	Alumnado de 6º EI	Total alumn@s
	A	3	7	8	18
	B	3	7	6	16
	C	4	8	5	17
	D	2	6	7	15
		12	28	26	66

EDUCACIÓN PRIMARIA		1º	2º	3º	4º	5º	6º	Total
	A	14	13	16	15	19	22	EP
	B	15	14	15	14	19		
	TOTAIS	29	27	31	29	38	22	176

Alumnado de Educación Infantil	66
Alumnado de Educación Primaria	176
Total de alumnado	242

8.- PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.

Conserxe	Coidadoras do alumnado con neae
Alejandro Manuel Romero Pérez.	M ^a Belén Calo Albores. M ^a José Somoza Outeiro.
Persoal laboral de comedor	Persoal de limpeza
Dolores Álvarez Martínez. María Teresa Calvo Abelleira. Natividad Barral Rodríguez.	Juana María García Trillo. Dolores Del Río Castro. Trinidad Blanco Núñez Limpezas Capitán.

9.- OBXECTIVOS DO CENTRO.

Obxectivo: Fomentar a participación dos distintos sectores da comunidade educativa e do centro con outras institucións, organismos e empresas do entorno.	
Acción 1	Impulsar a participación das familias na vida do centro.
Indicador	Nivel de asistencia, participación e grao de satisfacción das familias nas actividades organizadas no centro.
Responsables	Equipo directivo, os distintos equipos de dinamización do centro, a ANPA.
Recursos	Os que xurdan das propostas feitas.
Acción 2	Impulsar o papel da ANPA no centro como órgano dinamizador da vida da comunidade educativa en Xeral.
Indicador	Reunións trimestrais coa ANPA
Responsables	Equipo directivo e ANPA
Recursos	Os que xurdan das propostas feitas.
Acción 3	Preparación de documentos sintetizados que faciliten os trámites ás familias.
Indicador	Número de documentos adaptados para as familias e subidos á páxina web.
Responsables	Equipo directivo e responsable da páxina web.
Recursos	Equipos informáticos, web, abalar, xuntanzas informativas.

Acción 4	Establecemento de canles de comunicación fluídas co Concello, asociación, organización e empresas da zona para favorecer a súa
Indicador	Número de encontros realizados co Concello e outros organismos da zona.
Responsables	Equipo directo, claustro e concello.
Recursos	Os que xurdan das propostas feitas.

Impulsar a xestión democrática en todos os aspectos da vida escolar.	
Acción 1	Seguir potenciando o papel do Consello da Infancia como canle para o achegamento das propostas do alumnado.
Indicador	Número de xuntanzas do Consello da Infancia. Número de propostas do alumnado implantadas.
Responsables	Equipo Directivo. Alumnado. Claustro.
Recursos	Material funxible. Os recursos necesarios para implementar propostas do alumnado.
Acción 2	Sistematizar o funcionamento das asembleas de aula tanto en educación infantil como en educación primaria.
Indicador	Cantidade de aulas que realizan como mínimo unha asemblea semanal. Número de aulas que acondicionan un espazo na aula para a realización da asemblea.
Responsables	Equipo directivo. Claustro.
Recursos	Material funxible. Mobiliario para acondicionar o espazo.

Potenciar o traballo en equipo do profesorado.	
Acción 1	Potenciar o organización do centro ao redor do traballo en equipo a través da cotitorías, traballo internivel... de forma que se convirta nunca necesidade o traballo en grupo.
Indicador	Establecer reunións de coordinación, titorización pedagóxica, creación de comisións de dinamización... Establecer unha hora semanal de reflexión e intercambio pedagóxico. Número de actividades realizadas entre titorías e/ou internivel.
Responsables	Equipo directivo. Claustro.
Recursos	Outros centros de referencia.

Acción 2	Promover o espazo da Aula Virtual do profesorado para avanzar nas comunicacións internas e no traballo colaborativo través das novas tecnoloxías.
Indicador	Crear carpetas virtuais coa documentación necesaria para desenvolver o traballo colaborativo (formación, documentación de centro, material didáctico...)
Responsables	Equipo directivo. Claustro.
Recursos	Aula virtual.

Converter a Biblioteca nun dos eixes vertebrados da vida do centro.	
Acción 1	Seguir evolucionando na liña de incluír recursos para a multialfabetización na biblioteca escolar no marco dos proxectos nos que xa estamos e noutros que se poidan convocar por distintas Administracións ou organismos.
Indicador	Ampliación dos recursos da biblioteca atendendo a ámbitos diversos (lingüístico, audiovisual, tecnolóxico...)
Responsables	Equipo directivo. Equipo de Biblioteca. Claustro.
Recursos	CAFI. Bibliotecas. Centros de referencia. Lexislación. Fontes bibliográficas.
Acción 2	Promover e apoiar a elaboración de PDI anuais desde a Biblioteca que vertebren distintos proxectos complementarios.
Indicador	Continuación coa dinámica do PDI a nivel centro. Participación de todas as aulas no PDI.
Responsables	Equipo Biblioteca. Claustro.
Recursos	Os que xurdan da realización do PDI
Acción 3	Avanzar na adecuación dos distintos espazos que forman a Biblioteca.
Indicador	Adecuación a un espazo máis amplo, ou os espazos pertinentes para acoller todos os recursos propios da biblioteca: sala de lectura, espazo de creación, estudo de radio, estudo de grabación... Nº de espazos creados.
Responsables	Equipo directivo. Equipo de Biblioteca. Claustro.
Recursos	Os necesarios para equipalos.

<p>Desenvolver estratexias para un acompañamento integral das nenas e nenos esté baseado no respecto, a dignidade, a responsabilidade social, a igualdade e a convivencia, considerando ao alumnado protagonista da súa propia aprendizaxe, onde as persoas adultas seamos acompañantes e facilitadoras deste proceso.</p>	
Acción 1	Mellorar a formación do profesorado e o debate pedagóxico en metodoloxías activas e significativas.
Indicador	Participación don 90% do Claustro na formación e nos debates. Número de reunións para a análise de horarios e debates pedagóxicos entre docentes. Establecer no horario unha hora semanal dedica á reflexión e ao intercambio pedagóxico.
Responsables	Equipo Directivo. Claustro.
Recursos	CAFI. Centros de referencia. Lexislación. Fontes bibliográficas.
Acción 2	Organizar o horario para mellorar o reparto de tempos que facilite o traballo con metodoloxías activas e significativas.
Indicador	Análise das novas distribucións horarias implantadas este curso. Número de aulas que adaptan a distribución horaria para poder implantar metodoloxías activas.
Responsables	Equipo Directivo. Claustro.
Recursos	Lexislación. Centros de referencia. CAFI. Fontes bibliográficas.
Acción 3	Deseñar ambientes educativos, espazos e contextos de aprendizaxe adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado.
Indicador	Número de reunións para a análise dos espazos, redistribución dos mesmos e dotación de mobiliario e recursos para a implementación e metodoloxías activas.
Responsables	Equipo Directivo. Claustro. CCP.
Recursos	Lexislación. Centros de referencia. Fontes bibliográficas. Mobiliario e material didáctico.
Acción 4	Fomentar o traballo por proxectos e secuencias como medio para o traballo interdisciplinar na que as áreas deisen de ser compartimentos estancos.
Indicador	Número de titorías que establecen o traballo por proxectos de forma sistemática.
Responsables	Equipo Directivo. Claustro.
Recursos	CAFI. Centros de referencia. Lexislación. Fontes bibliográficas.

Potenciar unha escola inclusiva onde a diversidade é un elemento enriquecedor para o aprendizaxe de toda a comunidade educativa.

Acción 1	Fortalecer o papel do DO
Indicador	Control das sesión de avaliación e seguimentos de acordos. Número de actuacións encaminadas á atención á diversidade e á inclusión do alumnado. Ampliación e aplicación na aula dos coñecementos adquiridos mediante a formación impulsada polo DO e compartindo experiencias de aprendizaxe.
Responsables	Equipo Directivo, Claustro, DO, CCP
Recursos	Xefa do DO, PT, AL, cuidadoras, EOE, CAFI.
Acción 2	Favorecer a coordinación dos distintos profesionais que interveñen no proceso de ensino aprendizaxe do alumnado con neae e coa súa familia.
Indicador	Número de reunións de coordinación cos mestres que interveñen no proceso de ensino aprendizaxe do alumnado con neae, cos servimos externos e coas familias.
Responsables	Equipo directivo, Claustro, DO
Recursos	PE

Mellorar a convivencia dentro da comunidade educativa.

Acción 1	Establecer obradoiros co alumnado nos que se faga un traballo específico coas habilidades sociais: escrita activa, gestionar impulsividade, empatía...
Indicador	Realización anual de obradoiros para o alumnado de 5º e 6º no que se abordan a xestión emocional. Implementación en cursos inferiores.
Responsables	Equipo directivo. Equipo de convivencia.
Recursos	Especialistas na materia.
Acción 2	Colaborar co ANPA e/ou co Concello na creación dunha Escola de Nais e Pais no que se aborden temáticas relacionadas coa educación emocional, crianza, xestións de conflitos...
Indicador	Creación dunha Escola de Nais e Pais e fanse propostas de temas que o centro considera importantes abordar coas familias.
Responsables	Equipo Directivo, ANPA, Concello
Recursos	Especialistas na materia.

Acción 3	Fomentar a igualdade entre as persoas que forman parte da Comunidade Educativa evitando calquera tipo de discriminación de xénero.
Indicador	Elaboración do Plan de Igualdade. Número de actividades de concienciación levadas a caba no centro.
Responsables	Equipo directivo. Claustro. CCP. Equipo de convivencia.
Recursos	Equipo directivo, campañas, especialistas na materia.

Estas accións realizaranse ao longo de todo o curso.

10.- HORARIO DO CENTRO.

O horario do centro é de 9:50 a 14:50 horas e o horario de comedor de 14:50 a 16:00 horas (a excepción dos luns nos que, por coincidencia coa sesión de tarde do IES “Poeta Añón”, a saída dos alumnos do comedor se realiza ás 16:15 horas por necesidades de combinación do transporte escolar).

HORARIO	
1ª sesión	9:50 - 10:40
2ª sesión	10:40 - 11:30
3ª sesión	11:30 - 12:20
Recreo	12:20 - 12:50
Hora de ler	12:50 - 13:10
4ª sesión	13:10 - 14:00
5ª sesión	14:00: 14:50

11.- HORARIO DE ATENCIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.

O Equipo Directivo está formado por:

		Horas de dedicación ao cargo
Directora	Inmaculada Cortón Tesouro	9 horas
Xefa de Estudos	Eva Nieto-García Ardións	7 horas
Secretaria	Patricia Ferreira Lavandeira	5 horas

As súas competencias atópanse no marco do Decreto 374/1996 do 17 de Outubro e na Orde do 22 de Xullo de 1997. O Equipo Directivo está nomeado dende 1 de Xullo de 2021. Este nomeamento faise por un período de 4 anos segundo o establecido na Orde de 21 de abril de 2021 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento das direccións dos centros públicos docentes.

O Equipo Directivo reunírase semanalmente, ou cantas veces sexa necesario, segundo as necesidades de cada momento.

O horario de atención do Equipo Directivo é:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:50 – 10:40					
10:40 – 11:30					
11:30 – 12:20	DIRECCIÓN SECRETARÍA	DIRECCIÓN XEFATURA	DIRECCIÓN SECRETARÍA	XEFATURA SECRETARÍA	DIRECCIÓN
12:20 – 12:50	RECREO				
12:50 – 14:00	DIRECCIÓN XEFATURA	DIRECCIÓN	XEFATURA SECRETARÍA	DIRECCIÓN	SECRETARÍA
14:00 – 14:50	DIRECCIÓN	XEFATURA		DIRECCIÓN XEFATURA	XEFATURA

12.- PLAN DE AVALIACIÓN.

Entendemos por avaliación o conxunto de tarefas encamiñadas a detectar a situación da organización, controlar os procesos que nela se desenvolven e medir os resultados observados tanto considerados en si mesmos como en relación aos obxectivos propostos e aos medios empregados.

En canto aos obxectivos e as actividades a avaliación será un proceso permanente que se reflectirá na memoria anual.

A avaliación procesual contemplarase de xeito global, sen perder a perspectiva de centro, pero analizando os diversos compoñentes agrupados en torno aos seguintes sectores:

- Funcionamento dos órganos de goberno e de coordinación pedagóxica.
- Desenvolvemento do proceso educativo.
- Relacións do centro coa comunidade.
- Funcionamento da actividade económica e administrativa.
- Clima institucional.

O desenvolvemento da avaliación procesual require sistemas de control interno de organización e xestión:

- Controis de supervisión, como a aprobación dos documentos.
- Controis de procedemento a través dos distintos órganos do centro.
- Controis de rexistro e custodia: libros de actas e actas.

Xunto á avaliación interna a actividade xeral do centro estará ademais sometida á análise de resultados e procesos que corresponda facer á administración educativa a través de axentes externos ao Centro.

13.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Situación do Centro:

Situado á beira do río Tines, dentro do núcleo urbano da Serra de Outes.

Situado a 800 metros do Centro de Saúde, 200 m. do cuartel da Garda Civil e a 550 m. das instalacións da Policía Local e Protección civil (Concello).

O Centro conta coas seguintes edificacións:

- Edificio de administración: despachos, sala de descanso, conserxería, aseos e almacéns.
- Edificio principal de dúas plantas con espazos didácticos de Ed. Infantil, Primaria , especialidades (aulas, titorías), biblioteca e dependencias comedor.
- Edificio da Autónoma: a planta baixa estará destinada á nova biblioteca e a primeira planta están as dependencias para actividades da ANPA e do concello. A planta baixa inclúe unha sala de caldeiras.
- Ximnasio. Anexo ao mesmo hai unha sala de caldeiras.
- Vivenda do conserxe.

Medios dispoñibles de protección:

- Medios de extinción de incendios: No Centro existen extintores, colocados nos seguintes puntos: cociña, entrada do edificio principal, corredor do edificio principal, edificio da autónoma, edificio de administración e no ximnasio.
- Sistema de aviso de alarma: O aviso daríase polo sistema de megafonía activando o son de emerxencia. Incluso se poden dar indicacións a través deste servizo. Se por calquera causa non funcionara o sistema de megafonía avisaríase nos distintos edificios mediante toques repetidos de asubío.
- Botiquíns: Dispoñemos de seis botiquíns situados nos seguintes puntos: ximnasio, cociña, edificio de administración(conserxería), no corredor de primaria e no corredor de infantil.

DESEÑO DA EVACUACIÓN.

Darase o aviso a través da megafonía do centro facendo soar un son de alarma.

O desaloxo en cada planta realizarase por grupos, saíndo en primeiro lugar as aulas máis próximas ás escaleiras, en secuencia ordenada e sen mesturarse os grupos.

Non se empregarán outras saídas que non sexan as normais do edificio. Non se considerarán como tales as fiestras, etc. Será o profesor/a que se atope nese momento

na aula o responsable de conducir ao alumnado da mesma, na dirección de saída previamente establecida.

O persoal do Centro debe procurar non incorrer en comportamentos que poidan denotar precipitación ou nerviosismo, para evitar que esta actitude se transmita ao alumnado, coas consecuencias negativas que con levaría para un desaloxo rápido e organizado.

A medida que abandonen o edificio o alumnado dirixírase ao patio concentrándose no lugar establecido (ao fondo das canchas de xogo) sempre baixo o control do profesor/a responsable do grupo que comprobará a presenza de todo o alumnado do mesmo.

O alumnado cando se escoite o aviso non recollerá obxectos nin materiais de traballo, co fin de evitar obstaculizacións e demoras na evacuación.

O alumnado que ao producirse o aviso se atopase nos aseos ou noutros locais do centro incorporárase ao grupo máis próximo que atope no momento da saída.

Todos os movementos realizaranse con rapidez pero con orde, sen correr ou empurrar aos demais. En ningún caso o alumnado deberá volver atrás sexa cal sexa o pretexto.

En todo caso, os grupos terán que permanecer sempre xuntos, sen desagregarse nin adiantar uns aos outros, mesmo ao atoparse nos lugares exteriores de concentración establecido, co obxecto de facilitar ao profesorado o control e recuento do alumnado.

VÍAS DE EVACUACIÓN.

O alumnado que se atope nas aulas de Educación Infantil da planta baixa do edificio principal sairá pola porta lateral que da ao patio cuberto.

O alumnado que se atope nas aulas de 3º e 4º de EP, desdobre de valores/proxecto competencial/relixión, tecnolab e aula de inglés (aula 5 - P1) da 1ª planta do edificio principal realizará a evacuación pola porta traseira que da ao edificio da Autónoma para dirixirse a zona de patio 5. Baixará polo tramo de escaleira máis próximo a dita porta de saída

O alumnado das aulas do corredor central (5º A, 5º B e 6º A EP) e das aulas da ala norte (1º e 2º de Primaria, AL/PT e inglés) sairá pola porta do reloxo para dirixirse a zona de patio 5. Baixará polo tramo de escaleira mais próxima a dita porta.

O alumnado que no momento do desaloxo se atope na biblioteca, no edificio administrativo ou no ximnasio dirixirase tamén a zona de patio 4.

O alumnado que se atope no Edificio da Autónoma sairá do edificio e dirixirase a zona de patio 5 pola zona situada entre o patio cuberto e os patios 8 e 9.

Unha vez chegados ao punto de concentración o alumnado permanecerá en filas e a mestra ou mestre procederá ao seu recento.

O lugar de concentración das nenas e nenos poderá variar en función das características e tipo de emerxencia. De supoñer risco ou non ser posible a concentración no lugar acordado (ao fondo da zona de patio 5) avisaríase do lugar de concentración alternativo por parte de persoal do centro situado nas portas de saída ao exterior (campo de fútbol anexo ao recinto escolar ou outro a establecer).

Realizaranse simulacros de evacuación periodicamente seguindo as orientacións establecidas.

En caso de emerxencia real avisarase de inmediato aos servizos necesarios: bombeiros, protección civil, etc.

ACTIVACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA.

Considerarase situación de emerxencia aquela motivada por incendio, ou anuncio de bomba, fuga de gas, ou calquera outro tipo de situación que xustifique a rápida evacuación do edificio escolar.

A persoa que detecte a situación de emerxencia, ademais de adoptar as accións que puidesen evitar ou paliar consecuencias negativas, posibilitará a comunicación á dirección a fin de concretar as resolucións de seguridade necesarias.

Se a emerxencia ten lugar durante as horas de clase ou no recreo, o persoal de cociña procederá a desconectar o gas e saír ao patio.

Se a emerxencia ten lugar durante o recreo, ao escoitar o aviso, o alumnado concentrarase no campo de fútbol nos extremos máis alonxados dos edificios.

EVACUACIÓN DO COMEDOR.

Se a emerxencia sucede durante a hora de recreo de comedor ou durante horario lectivo, o persoal da cociña procederá a desconectar o gas e saír ao patio.

Se a emerxencia ten lugar durante o tempo da comida procederase á saída ordenada dos nenos/as ao patio comezando polas mesas máis próximas á porta de emerxencia.

Dependendo do tipo de emerxencia, o alumnado divisares a zona 5 do patio, ao campo de fútbol anexo ou cara a outro punto que se determinase no momento do desaloxo.

14.- RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO PARA O CURSO 2019-2020	
CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE OUTES	CÓDIGO: 15033101
LOCALIDADE: Outes	PROVINCIA: A Coruña

1º e 2º de Educación Primaria		
Matemáticas	- Abremente. 250 preguntas y respuestas, 6-7 años. Ed. VVAA. 9789876371582	Castelá
Lingua Castelá e Literatura	- Las Pescadoras. Ballesteros Xosé. Ed Kalandraka. 9788484642824 - Paula Crusoe. Mathilde Domecq. Ed. Dibbuku. 9788416507207	Galego
Lingua Galego e Literatura	- Un conto de OQO en galego a elixir. - Rosalía pequeniña. Uxía Senlle. Ed. Sonabore. 9788498654844 - Na punta do pé. Pesdelán. Ed. Kalandraka. 9788484647522 - Astro-Rato. Fermín Solís. El Patito Editorial. 9788494551291	Castelá
Ciencias Naturais e Sociais	- Mapamundi: Todo lo que se puede explicar en un mapa. Martín, Raquel Ed. Mosquito books. 9788412262100 - Misterios del universo: el libro del universo para niños. Gater, Will. Ed. DK. 9780241538104 - A ciencia do día a día. Respostas rápidas para preguntas enxeñosas. López Rigo, Caterina. Edicións Xerais. 9788491214311 - Emocionario. Núñez Pereira, Cristina e R. Valcárcel Rafael. Ed. Palabras Aladas. 9788494151309 - Todo o mundo! A vida tan moitas cores. Tuckermann, Anja. Hércules Ediciones. 9788494702341 - Vida sa! Dende a infancia e para sempre. María Corbacho e Enrique López. Hércules Ediciones. 9788494650253	Castelá e Galego

3º de Educación Primaria		
Matemáticas	3PRI Matemáticas Construyendo mundos Mochila Ligera. Ed Santillana 9788468071367	Castelá
Lingua Galega e Literatura	3PRI Lingua Construindo mundos. Editorial Obradoiro. 9788491854098	Galego
Ciencias da Natureza	3PRI Ciencias da Natureza. Construindo mundos Ed. Obradoiro 9788491854104	Galego
Ciencias Sociais	3PRI Ciencias Sociais. Construindo mundos Ed Obradoiro 9788491854166	Galego

4º A de Educación Primaria		
Matemáticas 4	Matemáticas. "SUPERPIXÉPOLIS". Ed EDELVIVES 9788426396181	Castelá
Lingua Galega e Literatura 4	Lingua Galega e Literatura. "SUPERPIXÉPOLIS" Ed TAMBRE-EDELVIVES 9788490460917	Galego
Ciencias da Natureza 4	Ciencias da Natureza. "SUPERPIXÉPOLIS" Ed TAMBRE-EDELVIVES 9788490460931	Galego
Ciencias Sociais 4	Ciencias Sociais. "SUPERPIXÉPOLIS". Ed TAMBRE-EDELVIVES 9788490460955	Galego

15.- HORARIOS DE AULA E DE PROFESORADO DO CURSO 2020/21

Anexados no DOC para informe de Inspección Educativa.

16.- SUBSTITUCIÓNS NAS AUSENCIAS DO PROFESORADO

Cando as ausencias estean previstas con anterioridade, a mestra ou mestre deixará na xefatura de estudos ou na súa aula un plan de traballo que deberá seguir a mestra ou mestre substituto/a.

Levarase rexistro das substitucións realizadas. Preferentemente realizarán substitucións aqueles/as mestres/as con máis dispoñibilidade horaria no cómputo semanal, en función

da docencia directa e doutras actividades de dedicación ao centro previamente asignadas.

Cando falte a mestra ou mestre dalgunha das especialidades de idioma estranxeiro, educación física, música ou relixión, cubrirá a ausencia preferiblemente a mestra ou mestre titor do grupo.

Ao profesorado que teña asignadas fóra das horas de docencia directa tarefas de dedicación a coordinacións ou outras, respectaráselle as mesmas salvo que sexa funcionalmente necesario encomendarlle a substitución.

No caso de ausencia prolongada dalgún titor ou titora non cuberta pola Administración Educativa co correspondente nomeamento de substitución, os restantes mestres programarán a actividade do grupo afectado. Neste caso organizaranse as substitución con antelación suficiente para permitir a necesaria coordinación docente. O profesorado que substitúa nesta circunstancia levará rexistro e control do traballo realizado na aula para facilitar a continuidade e o avance nos programas das diversas áreas. Nestes casos de ausencia prolongada non se manterán estritamente os criterios de substitución indicados en parágrafos anteriores.

17.- QUENDAS DE GARDAS DE ENTRADAS, SAÍDAS E RECREO

- **GARDAS DE CLASE:**

As persoas que estean de garda e que teñan dispoñibilidade horaria poderán realizar reforzos ou apoios con carácter xeral, e tamén farán substitucións cando fose necesario seguindo o cómputo xeral para cubrir as faltas. Se faltasen moitos mestres/as corresponderá cubrir o/a que estea en coordinación, xefatura, dirección, secretaría... seguindo o correspondente cómputo.

- **GARDAS DE RECREO:**

Cada mestra e mestre que está na aula con cada grupo será o encargado de acompañalos ata a zona de cambio de calzado e supervisar que sean correctamente ao patio. No patio agardaraos as mestras de gardas distribuídas polas distintas zonas do patio.

As zonas de cambio de calzado son as seguintes:

- Educación Infantil: corredores de EI
- 1º ciclo: corredor de acceso a EI
- 2º ciclo: corredor central da planta baixa.
- 3º ciclo: corredor central da primeira planta.

Cinco minutos antes de rematar o recreo comezará a soar unha música para que o alumnado sepa que debe empezar a recoller os materiais das distintas zonas de xogo, todo o alumnado debe colaborar na recollida de dito material, o profesorado que esté de garda supervisará dita recollida e encargarse de que o alumnado deixe todo recollido cando finalice o recreo. No momento en que comece a soar a música unha mestra de garda situarase en cada unha das portas de acceso ao edificio para controlar que o alumnado non acceda ao mesmo ata que remate de soar a música.

As mestras que non están de garda cando remate de soar a música deben estar polos corredores para supervisar que se cambian o calzado e desprazan polo edificio con tranquilidade.

O alumnado sairá e entrará no edificio principal da seguinte maneira:

- ▶ O alumnado de Educación Infantil pola lateral de infantil.
- ▶ O alumnado de primeiro e terceiro ciclo o fará pola porta principal (a porta do reloxo)
- ▶ O alumnado de segundo ciclo pola porta traseira do edificio.

O patio estará dividido en 9 zonas con propostas de material e xogo diferenciado. O alumnado moverase libremente por todas as zonas, incluída a biblioteca que estará aberta durante o recreo con mestras de garda.



Os materiais dos patios están distribuídos da seguinte maneira:

Zona 1 con valado:

- Xogos con balón: brilé, baloncesto, fútbol...

Zona 2 :

- Construcións en terra: pas, rastrillos, caldeiros metálicos, carretillas metálicas...
- Grandes construcións: caixas plásticas e rodas de coche.

Zona 3 - xogos de construción: rodas de coches e caixas plásticas.

Zona 4 - investigación e natureza:

- Recipientes metálicos, pinzas, tarros, lupas, pas, rastrillos de xardinería.
- Zona de troncos

Zona 5 - zona bicis e boti boti.

Zona 6 (patio cuberto):

- Rocódromo
- Zona de construción de cabanas coas mesas, teas e trapillo.

Zona 7 :

- Zona de construción con madeiras,

Zona 8:

- Equilibrios e trepa con troncos de madeira
- Xogos con area: coladores, peneiras metálicas, pas, rastrillos, caldeiros e carretillas.
- Cocinita.
- Xogos con mesas de auga.

Zona 9 :

- Xogos con area: carretillas, peneiras, coladores, rodillos, cubos, pas e rastrillos.
- Columpios

Os **días de chuvia** os **recreos** faranse no patio cuberto seguindo a seguinte distribución:

- Os grupos de Educación Infantil realizarán o recreo de 11:50 a 12:20.

- Os grupos de 1ºA, 1º B, 2º A e 2º B de Educación Primaria realizarán o recreo de 12:20 a 12:45.
- Os grupos de 3º a 6º de EP organizaranse para que a metade dos grupos baixen ao recreo no patio cuberto e a outra metade o realice nas aulas na hora de ler. Seguirán as seguintes quendas:

QUENDAS DO USO DO PATIO CUBERTO EN CASO DE CHOIVA PARA O ALUMNADO DE 3º A 6º

Horario: 12:45 a 13:10 (hora de ler)

1º trimestre do curso 2022/23

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
3º e 4º	5º e 6º	3º e 4º	5º e 6º

VENRES (alternos)

	9	16	23	30
SETEMBRO	3º e 4º	5º e 6º	3º e 4º	5º e 6º
OUTUBRO	7	14	21	28
	3º e 4º	5º e 6º	3º e 4º	5º e 6º
NOVEMBRO	4	11	18	25
	3º e 4º	5º e 6º	3º e 4º	5º e 6º
DECEMBRO	2	9	16	
	3º e 4º	5º e 6º	3º e 4º	

QUENDAS DO USO DO PATIO CUBERTO EN CASO DE CHOIVA PARA O ALUMNADO DE 3º A 6º

Horario: 12:45 a 13:10 (hora de ler)

2º e 3º trimestre do curso 2022/23

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES
3º e 4º	5º e 6º	3º e 4º	5º e 6º

VENRES (alternos)

	13	20	27		
XANEIRO	5º e 6º	3º e 4º	5º e 6º		
FEBREIRO	3	10	17	24	
	3º e 4º	5º e 6º	3º e 4º	5º e 6º	
MARZO	3	10	17	24	31
	3º e 4º	5º e 6º	3º e 4º	5º e 6º	3º e 4º
ABRIL	14	21	28		
	5º e 6º	3º e 4º	5º e 6º		
MAIO	5	12	19	26	
	3º e 4º	5º e 6º	3º e 4º	5º e 6º	
XUÑO	2	9	16		
	3º e 4º	5º e 6º	3º e 4º		

GARDAS DE ENTRADA:

Haberá dous tipos de garda de entrada, as que se fan na aula agardando polo alumnado e as que se fan nas portas de acceso ao centro e nos corredores, neste caso o profesorado velará para que o alumnado entre con tranquilidade no centro, calce as zapatillas e se dirixa a súa aula.

Na seguinte imaxe podedes ver as portas de acceso ao centro.



ENTRADAS AO CENTRO	
ALUMNADO TRANSPORTADO	<p>O autobús entrará no patio deixando ao alumnado na porta principal do edificio das aulas. O alumnado entrará no edificio para dirixirse á zona asignada ao seu ciclo para calzar as zapatillas, onde habera profesorado de garda.</p> <p>O autobús unha vez baleiro abandonará o patio para a entrada do seguinte.</p>
ALUMNADO DE INFANTIL NON TRANSPORTADO	<p>O acceso será pola porta lateral situada na rúa sen saída que está á dereita da principal, que se abrirá ás 9:45. O alumnado entrará ao centro pola porta traseira do edificio principal e accederá ao corredor de infantil para calzar as zapatillas.</p> <p>Nesta porta haberá profesorado de garda.</p>
ALUMNADO DE PRIMARIA NON TRANSPORTADO	<p>O acceso será pola cancela peatonal da entrada principal do centro e camiñarán pola beirarrúa que estará delimitada para impedir o acceso do alumnado á zona de autobuses. A cancela abrirase ás 9:45. Nesta porta haberá profesorado de garda.</p>
MADRUGADORES	<p>Unha vez se pechen as portas de entrada de alumnado non transportado, o alumnado que acude a madrugadores, acompañado polas monitoras, entrará no edificio principal pola porta de atrás.</p>

- **GARDAS DE SAÍDA:**

O alumnado de comedor deberá lavar as mans antes de acceder ao mesmo. A distribución dos baños para este fin será a seguinte:

Os mestres e mestras que se atopen na aula á 5ª hora organizaranse por nivel para que un supervise o lavado de mans e a entrada ao comedor e outro acompañe ao alumnado non transportado sen comedor á saída. Unha mestra de garda supervisará dita saída.

- **GARDAS DE BIBLIOTECA:**

As gardas de biblioteca realizaranse de 16:00 a 18:00 de martes a xoves nas seguintes quendas:

SETEMBRO					OUTUBRO					NOVEMBRO					DECEMBRO					XANEIRO				
L	M	ME	X	V	L	M	ME	X	V	L	M	ME	X	V	L	M	ME	X	V	L	M	ME	X	V
			8	9	3	4	5	6	7	31	1	2	3	4	28	29	30	1	2	9	10	11	12	13
			1	1	5	5	5	5	5	X	9	9	9	9	13	13	13	13	13	1	1	1	1	1
12	13	14	15	16	10	11	12	13	14	7	8	9	10	11	5	6	7	8	9	16	17	18	19	20
	2	2	2	2	6	6	6	6	6	10	10	10	10	10		1	1	1	1	4	4	4	4	4
19	20	21	22	23	17	18	19	20	21	14	15	16	17	18	12	13	14	15	16	23	24	25	26	27
	3	3	3	3	7	7	7	7	7	11	11	11	11	11	2	2	2	2	2	5	5	5	5	5
26	27	28	29	30	24	25	26	27	28	21	22	23	24	25	19	20	21	22		30	31			
	4	4	X	4	8	8	8	8	8	12	12	12	12	12	3	3	3			6				

FEBREIRO					MARZO					ABRIL					MAIO					XUÑO				
L	M	ME	X	V	L	M	ME	X	V	L	M	ME	X	V	L	M	ME	X	V	L	M	ME	X	V
		1	2	3	27	28	1	2	3	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5				1	2
		6	6	6	9	9	9	9	9	X	X	X	X	X	7	7	8	8	8				3	4
6	7	8	9	10	6	7	8	9	10	10	11	12	13	14	8	9	10	11	12	5	6	7	8	9
	7	7	7	7	10	10	10	10	10	1	1	2	2	2	9	9	10	10	10	5	6	7	8	8
13	14	15	16	17	13	14	15	16	17	17	18	19	20	21	15	16	17	18	19	12	13	14	15	16
	8	8	8	8	11	11	11	11	11	3	3	4	4	4	9	X	11	11	11	9	10	11	12	12
20	21	22	23	24	20	21	22	23	24	24	25	26	27	28	22	23	24	25	26	19	20	21		
	X	X	4	4	12	12	12	12	12	5	5	6	6	6	12	12	13	13	13	13				
					27	28	29	30	31						29	30	31							
					13	13	13	13	13						1	2								

EQUIPOS DE GARDA:		
Equipo 1: Maiuca e Patricia F. Equipo 2: Vanessa e Irene. Equipo 3: Andrea e María. Equipo 4: Abel e Eva N. Equipo 5: Alicia e Lara.	Equipo 6: Eva A. e Patricia P. Equipo 7: Mª Carmen G e Lourdes Equipo 8: Iván e Sandra Equipo 9: Sheila e Mª Carmen P	Equipo 10: Carla e Adrián Equipo 11: Susana e Luci Equipo 12: Carmen e Jorge Equipo 13: Ana e Dani

18.-CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

As reunións dos órganos de coordinación docente quedan da seguinte maneira:

DÍA	HORA	TIPO
LUNS	16:00 a 17:00	Informes do equipo directivo
	17:00 a 18:00	Primer luns de mes: Xuntanzas dos diversos ciclos e departamentos.
		Segundo luns de mes: Traballo sobre textos, matemáticas...
		Terceiro luns de mes: CCP
		Cuarto luns do mes: Equipos de dinamización e reunión de reflexión de centro.
18:00 a 19:00	Atención ás familias *	

Cando o profesorado non teña que asistir a algunha destas reunións empregará o seu tempo en programar, elaborar materiais, xestións de espazos, dinamización de equipos...

* Por razóns de concialización da vida familiar e laboral dos/as pais, nais e/ou titores/as legais poderan ser atendidos/as noutro horario, previamente acordado.

A composición dos diversos equipos das dinamización este curso escolar é a seguinte:

<p>EQUIPO DE EXTRAESCOLARES</p>	<p>Iván Coira Silva M^a Carmen Gómez Ríos M^a Susana Fernández Lestón Eva Nieto-García Ardións</p>
<p>EQUIPO DE CONVIVENCIA Equipo de patios e horto</p>	<p>Jorge García García M^a del Carmen González Iglesias Lucinda Paz Calvo Ana Bermúdez Gómez Patricia Ferreira Lavandeira Eva Nieto-García Ardións Sandra Caamaño López</p>
<p>EQUIPO DE BIBLIOTECA</p>	<p>Alicia Nimo Liboreiro Adrián Rivero Iglesias Abel Vale López Irene Formoso Barreiros Inmaculada Cortón Tesouro Daniel Rodríguez Gándara Eva Arias Rodríguez María Tasende López Andrea González Aldrey Patricia Pose Ponte</p>

EQUIPO TIC	<p>Sheila Mirón Carou Iván Coria Silva Sandra Caamaño López Óscar Vázquez Dieste</p>
EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	<p>M^a Vanessa Outón Riomao Patricia Ferreira Lavandeira M^a Carmen Peteiro Busto M^a Carmen Horta Insua Lara Correa Noya</p>

A persoa que aparece en negra é a coordinadora ou coordinador do equipo.

Comisión de coordinación pedagóxica

Durante este curso a composición da CCP é a seguinte:

Directora	Inmaculada Cortón Tesouro
Xefa de estudos	Eva Nieto-García Ardións
Xefa do DO	María del Carmen González Iglesias
Coordinadora do 2º ciclo de EI	Irene Formoso Barreiros
Coordinadora de Educación Primaria	María del Carmén Gómez Ríos
Coordinadora do EDLG	María Vanessa Outón Riomao
Coordinador de Actv. Extraescolares	Iván Coira Silva
Coordinadora de Biblioteca	Alicia Nimo Liboreiro
Coordinadora TIC	Sheila Mirón Carou
Coordinadora de Plurilingüismo	María Carmen Horta Ínsua
Especialista en AL	Ana Bermúdez Gómez
Especialista en PT e coordinador de Convivencia	Jorge García García

O plan de traballo da CCP para o presente curso enmárcase nas seguintes tarefas:

- Revisión das Concrecións Anuais Curriculares: Seguimento da aplicación e revisión se é o caso das concrecións anuais nos distintos cursos. Análise da coherencia vertical no tratamento metodolóxico das diversas áreas.
- Plan de convivencia: Seguimento dos aspectos do Plan de convivencia que corresponden a este órgano.
- Revisión e seguimento do desenvolvemento dos diversos plans e proxectos que están en funcionamento no centro.
- Elaboración do PE.
- Revisión das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do Centro.
- Facer propostas e supervisar dentro da súa competencia aspectos estruturais de carácter didáctico e de avaliación nos distintos niveis.
- Análise das avaliacións iniciais e trimestrais.
- Proposta de accións de mellora en base aos resultados da análise referido no punto anterior.
- Calquer asunto pedagóxico e/ou metodolóxico que sexa preciso abordar.

19- PLANIFICACIÓN 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

COMPOSICIÓN: O ciclo está composto por catro mestras titoras, dúas mestras de apoio e as mestras especialistas de Relixión, Psicomotricidade, Música, Inglés e Arts.

- E.I. A: Inmaculada Cortón Tesouro.
- E.I. B: Patricia Ferreira Lavandeira.
- E.I. C: Vanessa Outón Riomao.
- E.I. D: Irene Formoso Barreiros, mestra de Arts.
- Mestra de apoio: María Tasende López.
- Mestra de apoio: Andrea González Aldrey.
- Mestra especialista de Relixión: M^a del Carmen Peteiro Busto.
- Mestre especialista de Psicomotricidade: Lucinda Paz Calvo
- Mestra especialista de Inglés: M^a Carmen Horta Ínsua.

OBXECTIVOS DO EQUIPO:

- *Promover unha formación integral e de calidade para todo o alumnado.*
- *Atender á diversidade de intereses, motivacións, ritmos e capacidades de aprendizaxe dos alumnos/as.*
- *Ofrecer información, formación e axuda ás familias en relación coa educación dos seus fillos/as.*
- *Colaborar e planificar actividades conxuntas con outros centros educativos.*
- *Promover a participación do profesorado en actividades de innovación pedagóxica e de formación.*
- *Facilitar a socialización e a coeducación .*
- *Continuar traballando hábitos de comportamento, hixiene, orde e limpeza co alumnado.*
- *Potenciar o desenvolvemento de todas as capacidades cognitivas, intelectuais, emocionais, afectivas e de relación.*
- *Educar no respecto pola natureza.*
- *Achegar ao alumnado á unha utilización responsable e moderada das ferramentas dispoñibles tanto na aula coma no centro.*
- *Participar nas actividades e conmemoracións organizadas polo centro.*
- *Iniciar aos nenos/as no uso funcional da lectura e da escritura.*
- *Realizar saídas didácticas para coñecer a contorna promovendo nos nenos/as o respecto e o coidado pola mesma.*
- *Considerar á familia como unha parte importante da educación potenciando reunións e actividades nas que se requira da súa colaboración.*
- *Ofrecer espazos para “ser”, para “estar” e para “facer”.*
- *Participar no desenvolvemento das actividades propostas polos distintos equipos de traballo.*

PLAN DE TRABAJO

- Cooperar co profesorado de cara a confeccionar un plan para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- Traballo propio do ciclo: avaliación, organización e programación de actividades e saídas, problemas de aprendizaxe... coa finalidade de coordinar o noso labor educativo e compartir as experiencias xurdidas dentro da aula.
- Traballar en educación artística de xeito coordinado todo o ciclo cos membros do proxecto de plurilingüismo e os mestres/as de lingua estranxeira.
- Traballar nas propostas do Departamento de Orientación, Equipo de Dinamización da lingua galega e Equipo de Actividades extraescolares e complementarias.
- Participar no desenvolvemento do proxecto común do centro.
- Participar no proxecto de biblioteca sobre igualdade a través das artes escénicas.
- Promover estratexias que favorezan ao desenvolvemento da atención do alumnado e que reiteren o cumprimento das normas da aula e do centro.
- Programar reunións xerais coas familias tanto ao inicio do curso como durante o transcurso do mesmo.

20.- PLANIFICACIÓN DO 1º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

TITORAS

1º A EP: Abel Vale López

1º B EP: Eva Nieto-García Ardións

OBXECTIVOS

- Facilitar a socialización.
- Favorecer o proceso de autonomía do alumnado.
- Potenciar a exploración activa na aprendizaxe.
- Posibilitar o traballo en grupo respectando o ritmo e características individuais. Acoller a diversidade.
- Fomentar a cooperación e o respecto ás persoas sen discriminación por razón de sexo e idade.
- Aprender a coidar, respectar e observar a natureza así como a contorna e institucións do centro.

- Tomar conciencia sobre a importancia do reciclado e uso de materiais de refugallo.
- Favorecer e potenciar o uso normal da lingua galega.
- Potenciar a contextualización da contorna.
- Coordinar todas as actividades entre o profesorado do nivel.
- Coordinación entre titores e especialistas para levar a cabo o Plan Plurilingüe do centro.

PLAN DE TRABAJO

- Cooperar co profesorado de cara a confeccionar un plan para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Traballo propio do nivel: avaliación, organización e programación de actividades e saídas, problemas de aprendizaxe, etc.
- Traballar de forma coordinada cos mestres/as do 1º e 2º nivel para a organización dos distintos ámbitos a través da dotación de recursos e adecuación do espazos ás metodoloxías activas e programación de actividades e saídas.
- Traballar nas propostas do Departamento de Orientación, Equipo de Dinamización da lingua galega, Equipo de Actividades extraescolares e complementarias, convivencia e biblioteca.

21.- PLANIFICACIÓN DO 2º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

TITORAS

2º A EP: Alicia Nimo Librero

2º B EP: Lara Correa Noya

OBXECTIVOS

- Facilitar a socialización, principalmente, entre o grupo de iguais e nos diferentes espazos e tempos de lecer, ocio e aprendizaxe.
- Favorecer o proceso de autonomía do alumnado, incidindo nunha progresiva confianza das capacidades dos nenos/as e potenciando a iniciativa persoal.

- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como de actitudes encamiñadas a desenvolver un sentido crítico, a curiosidade, o interese, a participación e a creatividade nos procesos de ensino aprendizaxe.
- Favorecer a integración no currículo dos temas transversais, especialmente aqueles que interfiren máis directamente no contexto vital do alumnado, é dicir, o traballo referido á educación para a saúde, a coeducación, a educación viaria, así como outros elementos citados neste apartado.
- Potenciar a exploración activa na aprendizaxe a través de actividades de diversa índole en gran grupo, pequeno grupo e de xeito individual.
- Posibilitar o traballo en grupo respectando o ritmo e características individuais. Acoller a diversidade, entendéndoa como un elemento intrínseco ao ser humano.
- Fomentar a cooperación e o respecto ás persoas sen discriminación por razón de sexo, idade, discapacidade e/ou procedencia.
- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, así como aprender a obrar de acordo con elas.
- Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos que lles permiten desenvolverse con autonomía en diferentes ámbitos e grupos.
- Aprender a coidar, respectar e observar a natureza así como o contorno e as relacións que se producen nel.
- Tomar conciencia sobre a importancia do reciclado e uso de materiais de refugallo.
- Favorecer e potenciar o uso normativo da lingua galega, considerando as singularidades propias da zona como un elemento enriquecedor.
- Potenciar a contextualización do contorno como enclave de aprendizaxe.
- Coordinar todas as actividades entre o profesorado de nivel para unha mellora da calidade educativa.
- Colaborar co claustro nas diferentes actividades e accións promovidas polos diferentes equipos do centro educativo.

PLAN DE TRABAJO

- Cooperar co profesorado de cara a confeccionar un plan para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar e realizar o traballo propio do nivel: reunións, avaliación, organización e programación de actividades e saídas, etc.
- Traballar de forma coordinada coas mestras do primeiro nivel para a organización dos distintos ámbitos a través da dotación de recursos e adecuación do espazos ás metodoloxías activas programación de actividades e saídas.
- Traballar nas propostas do Departamento de Orientación, equipo de Dinamización da Lingua Galega, equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias, equipo de Convivencia, equipo de Biblioteca e o equipo Plurilingüe.
- Traballar e celebrar as conmemoracións programadas no calendario escolar deste curso, facendo fincapé na coeducación e igualdade.

22.- PLANIFICACIÓN DO 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

TITORAS:

3º A EP: Eva Arias Rodríguez.

3º B EP: Patricia Pose Ponte.

OBXECTIVOS DO NIVEL

- Coñecer e facilitar o uso da lingua galega e castelá
- Fomentar hábitos lectores
- Adquirir habilidades sociais
- Fomentar aspectos cognitivos básicos (atención , percepción e memoria)
- Favorecer valores diversos, entre eles a convivencia e respecto polas ideas dos demais.
- Favorecer o espírito crítico, a capacidade de esforzo e responsabilidade
- Fomentar a autonomía

- Desenvolver a competencia matemática e levar certos contidos á vida práctica e cotiá do alumno/a.
- Coñecer e saber empregar o uso das novas tecnoloxías segundo o contido a traballar.
- Fomentar hábitos saudables, tanto hixiénicos como alimenticios
- Coñecer diferentes aspectos da educación viaria.
- Ser capaz de valorar a súa cultura e todo o que a rodea
- Coñecer aspectos básicos das ciencias da natureza e das ciencias sociais.
- Fomentar o traballo grupal
- Coordinarme cos diferentes membros do claustro para levar a cabo certas actividades.
- Colaborar coas diferentes institucións da zona e outros centros educativos próximos.
- Favorecer a relación entre as familias e os diferentes mestres que imparten docencia neste curso.

PLAN DE TRABALLO

- Organizar aspectos relevantes de titoría: organización da aula, programación de actividades diversas, saídas, organización das diferentes avaliacións, elaboración de material de reforzo ou ampliación, metodoloxía a traballar...
- Coordinarse cos/as mestres/as especialistas así como coa orientadora do centro para elaborar actividades de reforzo para aquel alumnado que o precise ou para aquel outro que presente necesidades específicas de apoio educativo (no caso de habelo ao longo do curso)
- Traballar nas propostas do Departamento de Orientación, Equipo de Dinamización da lingua galega, Equipo de Actividades extraescolares e complementarias, convivencia e biblioteca.
- Manter unha fluída relación coas familias facilitando a súa integración no proceso de ensinanza-aprendizaxe mediante diversas reunións e actividades.

23.- PLANIFICACIÓN DO 4º NIVEL A DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

TITORAS:

4º A EP: M^a del Carmen Gómez Ríos.

4º B EP: Lourdes Romero Tuñas substituída por Óscar Vázquez Dieste.

OBXECTIVOS DO NIVEL

- Fomentar a autonomía.
- Fomentar hábitos lectores.
- Adquirir habilidades sociais.
- Fomentar aspectos cognitivos básicos (atención, percepción e memoria).
- Favorecer valores diversos, entre eles a convivencia e respecto polas ideas dos demais.
- Favorecer o espírito crítico, a capacidade de esforzo e responsabilidade.
- Desenvolver a competencia matemática e levar certos contidos á vida práctica e cotiá do alumno/a.
- Coñecer e facilitar o uso da lingua galega e castelá.
- Coñecer e saber facer o uso das novas tecnoloxías segundo o contido a traballar.
- Fomentar hábitos saudables, tanto hixiénicos como alimenticios.
- Coñecer diferentes aspectos da educación viaria.
- Ser capaz de valorar a súa cultura e todo o que a rodea.
- Coñecer aspectos básicos das ciencias da natureza e das ciencias sociais.
- Fomentar o traballo grupal.
- Coordinarme cos diferentes membros do claustro para levar a cabo certas actividades.
- Colaborar coas diferentes institucións da zona e outros centros educativos próximos.
- Favorecer a relación entre as familias e os diferentes mestres que imparten docencia neste curso.

PLAN DE TRABAJO :

- Coordinación cos mestres/as especialistas así como coa orientadora do centro para elaborar actividades de reforzo para aquel alumnado que o precise ocupara aquel outro que presente necesidades específicas de apoio educativo (no caso de habelo ao longo do curso).
- Colaborar cos diferentes Equipos de Dinamización no caso de ter que compartir algunha tarefa ao longo do curso.
- Manter unha fluída relación coas familias facilitando a súa integración no proceso de ensinanza-aprendizaxe mediante diversas reunións e actividades.

24.- PLANIFICACIÓN DO 5º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

TITORAS

5º A EP: Iván Coira Silva.

5º B EP: Sandra Caamaño López.

OBXECTIVOS DO NIVEL

- Fomentar hábitos lectores, estimulando a lectura e mellorando a comprensión lectora.
- Coñecer e facilitar o uso da lingua galega e castelá.
- Fomentar no alumnado valores básicos que contribúan á súa formación integral: tolerancia, cooperación, respecto... integrando de forma transversal a diversidade afectivo-sexual.
- Fomentar o coñecemento así como respecto e coidado do medio ambiente e a contorna natural.
- Favorecer o espírito crítico, a capacidade de esforzo e responsabilidade.
- Afianzar hábitos de estudo e de autonomía persoal no traballo.
- Usar as TIC como instrumento de aprendizaxe.
- Desenvolver a competencia matemática e levar certos contidos á vida práctica e cotiá do alumnado.

- Fomentar hábitos saudables, tanto hixiénicos, alimenticios e deportivos.
- Fomentar o traballo grupal.
- Impulsar a relación familia-escola fomentando a participación e a colaboración de pais/nais na aprendizaxe.

PLAN DE TRABALLO

- Cooperar co profesorado de cara a confeccionar un plan para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Traballo propio do ciclo: avaliación, organización e programación de actividades e saídas, problemas de aprendizaxe, a organización dos espazos e dotación de recursos para aplicar metodoloxías activas e participativas.
- Traballar nas propostas do Departamento de Orientación, Equipo de Dinamización da lingua galega e Equipo de Actividades extraescolares e complementarias.

25.- PLANIFICACIÓN DO 6º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

TITORA

6º A EP: Sheila Mirón Carou

OBXECTIVOS DO NIVEL

- Fomentar no alumnado valores básicos que contribúan á súa formación integral: tolerancia, cooperación, respecto... integrando de forma transversal a diversidade afectivo-sexual.
- Afianzar hábitos de estudo e de autonomía persoal no traballo.
- Estimular a lectura e mellorar a comprensión lectora.
- Usar as TIC como apoio curricular.
- Fomentar o deporte como medida de vida sa.
- Fomentar o coñecemento, respecto e coidado do medio ambiente e a contorna natural.

- Impulsar a relación familia-escola fomentando o achegamento, a participación e a colaboración de pais/nais na aprendizaxe.
- Fomentar a colaboración intercentros a través de actividades conxuntas con outros centros da zona.

PLAN DE TRABAJO

- Traballo propio do ciclo: avaliación, organización e programación de actividades e saídas, problemas de aprendizaxe, a organización dos espazos e dotación de recursos para aplicar metodoloxías activas e participativas.
- Traballo cos distintos equipos do centro nas actividades propostas para as diferentes conmemoracións a celebrar ao longo do curso.
- Propoñer saídas tanto dentro como fóra do concello de acordo cos contidos traballados.
- Participar nas actividades do concello que se consideren oportunas.
- Colaborar e participar en actividades conxuntas con outros centros.

26.- DATAS DAS AVALIACIÓNS

As sesións das avaliacións acordadas en claustro son as seguintes:

- 1ª Avaliación: 12, 13, 14 e 19 de decembro. de notas o 22 de decembro.
- 2ª Avaliación: 20, 21, 27 e 28 de marzo. Comunicación de notas o 31 de marzo.
- 3ª Avaliación: 5, 12, 13 e 14 de xuño. Comunicación de notas o 21 de xuño.

27.- PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

27.1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A importancia das actividades complementarias e extraescolares parte da premisa de que se considera unha educación de calidade aquela que responde ás novas demandas

sociais de maneira eficaz e proporciona, non so un incremento da súa calidade de vida, senón tamén igualdade, xustiza e oportunidades para todos. É neste contexto no que se recoñece a contribución das actividades complementarias e extraescolares para lograr unha formación plena do alumnado.

Por outra banda, estas actividades permiten unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e realización das mesmas, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación.

Este tipo de actividades promoven no alumnado un sentimento de pertenza ao centro e ao grupo, axudan á adquisición dunha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo de lecer, favorecendo a autoestima en determinados alumnos e alumnas e ofrecendo oportunidades que doutro xeito non poderían disfrutar. Ademais, cada vez é máis necesario promover actividades que favorezan a sensibilidade, a curiosidade, a creatividade,... así como as actividades culturais e deportivas para que os nosos alumnos e alumnas amplíen o seu horizonte persoal e cultural.

É un obxectivo clave na educación mellorar as relacións entre o alumnado, así como axudarles na adquisición de habilidades sociais e de comunicación. As actividades complementarias e extraescolares permiten acadar este obxectivo xa que son unha forma distinta á formal de conseguilo e promovelos.

Por todo isto, ditas actividades deben de ter o seu lugar dentro do noso centro, integrándose adecuándose no conxunto das demais actividades educativas e facilitando a participación dos distintos sectores da comunidade educativa na elección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

Considéranse:

Actividades complementarias: aquelas organizadas durante o horario escolar de acordo co Proxecto Curricular e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, o espazo e os recursos que empregan.

Actividades extraescolares: encárganse de potenciar a apertura do centro ao seu entorno e na procura da formación integral do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou o uso do tempo de lecer. Realízanse fóra do horario lectivo, tendo carácter voluntario para o alumnado, e buscarán a implicación activa de toda a comunidade educativa.

A organización e coordinación destas actividades será levada a cabo polo coordinador do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, neste curso 2022/2023, Iván Coira Silva, titor de 5º A.

O coordinador establecerá canles organizativas e coordinantes con todos os niveis e co profesorado (de Educación Física, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Biblioteca,...), e sempre e cando se considere necesario, para a planificación dalgunhas actividades concretas.

27.2. INTEGRANTES

- Iván Coira Silva (coordinador)
- Mª del Carmen Gómez Ríos.
- Eva Nieto-García Ardións.
- Mª Susana Fernández Lestón.

27.3. CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DAS ACTIVIDADES

Establécense como criterios para o deseño e realización das actividades complementarias e extraescolares, os seguintes:

- Que os obxectivos da actividade estean integrados no proxecto curricular.
- Que motiven ao alumnado tendo presente a idade e as características do grupo.
- Que a actividade sexa educativa.
- Colaborar cos titores/as na planificación das actividades complementarias e extraescolares, así como desenvolver actividades conxuntas co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e co de Biblioteca.
- Que estean relacionadas cos obxectivos de etapa, de cada ciclo ou nivel. Existirán diversos tipos de agrupamentos, segundo as características da actividade, establecendo actividades xerais de centro, nivel, área ou ciclo.
- Temporalizar as actividades planificadas organizándoas debidamente: datas de celebración, niveis ou ciclos participantes, necesidade de mestres colaboradores (especialistas), instalacións, materiais e recursos necesarios,...
- Proporcionar información ao alumnado e aos pais e nais sobre as actividades extraescolares a realizar, sendo necesario un documento de autorización da mesma para ter constancia de que están debidamente informados se a actividade se realiza fóra do recinto escolar.

- Que estean ubicadas nun tempo acorde coa programación, se é posible.
- Que a actividade sexa considerada como un día lectivo normal, dando continuidade as tarefas lectivas.
- Trataranse de actividades que favorezan o desenvolvemento das competencias básicas.
- Que non supoña un gasto excesivo para as familias.
- Evitar as distancias excesivas dende o centro escolar ao lugar de realización da actividade.
- Que a actividade consista en algo que os alumnos/as non fan ou ven normalmente.
- Que unha maioría de nenos/as realicen a actividade, establecéndose como norma xeral que asistan as 2/3 partes da clase, actuando con certa flexibilidade.
- O alumnado que non asista ten o dereito e o deber de acudir a clase, polo tanto, o profesor titor deixará traballo a estes alumnos/as. Dependendo do tipo de actividade e do número de nenos/as que non a realicen, decidírase entre os mestres do ciclo e o xefe de estudos o que no seu momento convén facer.
- Programaranse polo menos tres actividades ao longo do curso, unha por cada trimestre.
- Fomentárase o maior número de actividades conxuntas entre os distintos cursos.
- Elaborar unha memoria final coa avaliación das actividades realizadas (incluída na memoria de centro).
- Tomaremos como punto de partida as actividades que propón a Administración para a nosa planificación.

27.4. OBXECTIVOS DA PROGRAMACIÓN DAS ACE:

Os seguintes obxectivos están deseñados de acordo coas Competencias Clave, de maneira que as actividades programadas desenvolven estas de modo diverso. As actividades complementarias e extraescolares perseguen acadar o desenvolvemento de ditas competencias pero nun medio distinto ao da aula e en momentos diferentes, xa que na elaboración das actividades trabállanse unhas competencias, no momento da realización outras e, con posterioridade, favorécense outras.

Relación das Competencias Clave LOE:

1. Competencia en comunicación lingüística.(CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
3. Competencia dixital (CD)
4. Aprender a aprender (CAA)
5. Competencias sociais e cívicas (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Relación das Competencias Clave LOMLOE:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia plurilingüe.
3. Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e inxeñería.
4. Competencia dixital.
5. Competencia persoal, social, e de aprender a aprender.
6. Competencia cidadá.
7. Competencia emprendedora.
8. Competencia en conciencia e expresións culturais.

Na relación dos seguintes obxectivos aparecen os números das competencias que desenvolven en maior medida pero isto non quere dicir que as outras non sexan traballadas ao longo do proceso de realización das distintas actividades.

Obxectivos que se pretenden acadar nesta programación:

- Promover a participación do alumnado nas actividades extraescolares (organización e desenvolvemento) que impliquen unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo de lecer. **(C.C.: 1, 4, 5, 6, 7, 1, 5, 6, 7, 8)**
- Facilitar aquelas actividades que completen o desenvolvemento integral e fomenten a autoestima do alumnado. **(C.C.: 4, 5, 6, 5, 6, 7)**
- Fomentar a participación en actividades relacionadas co entorno natural, social e cultural que se len a cabo por organismos distintos ao centro escolar. **(C.C.: 5, 6, 7, 5, 6, 7, 8)**
- Estimular o desexo de investigar e saber. **(C.C.:4, 6, 7, 5, 7, 8)**
- Potenciar a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno/a. **(C.C.: 4, 6, 5, 7)**
- Promover no alumno/a un sentimento positivo de pertenza ao centro e ao grupo. **(C.C.:**

5, 5, 6)

- Favorecer o establecemento de relacións entre o alumnado fóra do ámbito escolar e axudarlles na adquisición de habilidades sociais e de comunicación. **(C.C.: 1, 5, 1, 5, 6)**
- Posibilitar o acceso a todo tipo de actividades (deportivas, musicais, artísticas,...) a todo o alumnado ampliando o seu horizonte cultural. **(C.C.: 5, 6, 5, 6, 7)**
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen. **(C.C.: 6, 7)**
- Favorecer e poñer en práctica a dimensión lúdica da ensinanza. **(C.C.: 5, 6, 5, 6, 7)**
- Exercer un efecto compensador das desigualdades que provocan que algúns dos nosos alumnos/as non teñan a posibilidade de gozar do seu tempo de lecer por falta de medios económicos, problemas familiares e/ou carencias no seu entorno inmediato. **(C.C.: 5, 5, 6)**
- Reforzar os obxectivos curriculares a través da participación dos alumnos/as ao poñerse en contacto co medio natural e sociocultural. **(C.C.: 5, 7, 5, 6, 8)**

27.5. PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

26.5.1. ACTIVIDADES

O centro organizará actividades puntuais para conmemorar datas que teñan especial relevancia co noso Proxecto Curricular ou polo seu carácter de Celebración Oficial.

Pretendemos con estas actividades que cada data adquira o seu carácter festivo, especial e que se conmemore nun contexto distinto da aula. Por outra banda, tamén buscamos que os alumnos/as traballen en equipo, saiban adaptar o seu discurso a diferentes grupos de idade, que sexan creativos, autónomos, responsables, que perdan o medo a falar en público, que afiancen a súa pertenza ao centro e non so a un grupo-clase,...

As Conmemoracións para este curso serán as que se enumeran e desenvolveranse de acordo co seguinte CRONOGRAMA:

CONMEMORACIÓNS	DATA
<u>Día Universal da Infancia</u>	20 novembro
<u>Día Internacional contra a Violencia de Xénero</u>	25 novembro
<u>Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia</u>	30 nov-7 dec
<u>Día Internacional das Persoas con Discapacidade</u>	3 decembro
<u>Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos</u>	10 decembro
<u>Día Internacional da Educación</u>	24 xaneiro
<u>Día escolar da non Violencia e da Paz</u>	30 xaneiro
<u>Día de Rosalía de Castro</u>	23 febreiro
<u>Día Internacional da Muller</u>	8 marzo
<u>Día Mundial dos Dereitos do Consumidor</u>	15 marzo
<u>Semana da Prensa</u>	6 ao 10 marzo
<u>Día das Artes Galegas</u>	1 abril
<u>Día Mundial da Saúde</u>	7 abril
<u>Semana do Libro</u>	17 ao 21 abril
<u>Día Internacional contra o Acoso Escolar</u>	2 maio
<u>Día de Europa</u>	9 maio
<u>Semana das Letras Galegas</u>	15 ao 19 maio
<u>Día Mundial do Medio Ambiente</u>	5 xuño

27.5.2. PROPOSTAS DA CCP

Nas reunións da CCP, nas que participan os coordinadores dos distintos equipos, compartiranse as distintas propostas e distribuirase a súa organización e planificación para evitar duplicidades, sempre coa intención de favorecer e promover unha participación activa nas mesmas. Isto terá como finalidade adecuar o número de actividades a realizar dentro do calendario escolar, xa que un volume moi alto de actividades imposibilita darlle a atención e tempo precisos para aproveitar ca maior idoneidade cada proxecto.

As propostas serán diferenciadas en actividades a NIVEL CENTRO e NIVEL AULA, sempre ca colaboración dos Equipo ACE así como a colaboración cos Equipos EDLG, BIBLIOTECA e o departamento de Educación Física.

Con estas propostas levadas a CCP búscase procurar a mellora do ambiente de traballo entre o profesorado colaborando entre equipos e coidar os procedementos formais como convocatorias. Neste senso, repartir a inicios de curso as actividades por equipos.

ACTIVIDADES ACE
SAMAÍN (27 outubro: xoves): EDLG A NIVEL DE CENTRO
MAGOSTO (12 nov. a determinar): A NIVEL DE CENTRO
<u>Día Universal da Infancia (20 nov): A NIVEL AULA</u>
<u>Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 nov): A NIVEL CENTRO</u>
<u>Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia (30 nov-7 dec): A NIVEL AULA XUNTO CO DÍA DA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS.</u>
<u>Día Internacional das Persoas con Discapacidade (3 dec.): NIVEL AULA</u>
<u>Día da Declaración Universal dos dereitos Humanos (10 dec.): NIVEL AULA</u>
<u>Día escolar da non Violencia e da Paz (30 xan): A NIVEL CENTRO</u>
<u>Día de Rosalía de Castro (24 feb): COLABORAREMOS CO EQUIPO EDLG e BIBLIOTECA</u>
ENTROIDO (25 feb): A NIVEL CENTRO
<u>Día Internacional da Muller (8 marzo): A NIVEL CENTRO</u>
<u>Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (15 marzo): A NIVEL AULA</u>
<u>Semana da Prensa (7-11 marzo): A NIVEL AULA COLABORAREMOS CO EQUIPO BIBLIOTECA</u>
<u>Día Mundial da Saúde (7 abril): A NIVEL AULA</u>
<u>Semana do Libro (18-22 abril): COLABORAREMOS CON EQUIPO BIBLIOTECA/EDLG</u>
<u>Día internacional contra o acoso escolar (2 maio): A NIVEL AULA</u>
<u>Día de Europa (9 maio): NIVEL AULA</u>
<u>Semana das Letras Galegas (16-20 maio): A NIVEL CENTRO COLABORAREMOS CO EQUIPO EDLG/BIBLIOTECA</u>
<u>Día Mundial do Medio Ambiente (5 xuño): NIVEL DE CENTRO</u>
FESTIVAL DE FIN DE CURSO: A NIVEL CENTRO

27.5.3. PLAN DE ACTIVIDADES DA ANPA RÍO TINES E DO CONCELLO DE OUTES.

Tanto a **ANPA Río Tines** como o Concello de Outes ofertan un plan de actividades con fin de facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias durante este curso escolar.

A ANPA oferta as seguintes actividades:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
De 4 a 5	Patinaxe	Obradoiro creativo	Lecer en inglés	Ciencia divertida	Zumba	Robótica
	Taekwondo		Taekwondo			
De 5 a 6	Patinaxe		Taekwondo			
	Taekwondo					
	Multideporte					

Realizaranse en dúas aulas da 1ª planta do edificio da autónoma e no pavillón municipal.

O **Concello de Outes** dentro do programa Concilia Outes, co obxectivo xeral facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, levará a cabo os servizos de “Madrugadores” e “Tardes divertidas” que teñen a función de coidado e atención de carácter lúdico, social e educativo a rapaces de idades entre 3 e 12 anos de idade do municipio.

Este servizo prestarase baixo a atención de persoal especializado, de luns a venres, en días lectivos, de setembro a xuño o servizo de “Madrugadores” en horario de 7:50 a 10:00 e de outubro a maio o de “Tardes Divertidas” en horario de 17:00 a 19:00. Realizaranse en dúas aulas da 1ª planta do edificio da autónoma.

27.6. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Os niveis, titores, departamentos ou equipos fixarán os criterios para avaliar as actividades complementarias e extraescolares. No caso de que un alumno/a sexa excluído dunha actividade deste tipo ou non vaia, xa sexa por non entregar a autorización ou os cartos, ou porque non acuda ese día (falta xustificada ou non), e acuda a centro, o titor/a responsable da actividade terá preparada traballo substitutivo a dita actividade.

Cada curso incluíra as actividades na súa programación anual e as comunicarán ao Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

O procedemento de preparación, información e desenvolvemento da actividade será o seguinte:

- Entregar e recoller a circular e autorización da actividade ao alumnado.
- Entregar en Dirección o importe da actividade (se o houberse) así como o listado definitivo do alumnado participante, antes da saída.
- Levar os números de teléfono da empresa de transporte e do Centro.
- Informar da chegada a calquera cargo directivo.
- No caso de que a actividade se realice fora do horario escolar se solicitará o número de teléfono dun cargo directivo.
- A actuación en caso de incidentes ou accidentes será a seguinte:
- Todo incidente ou accidente importante (retrasos na hora de chegada, cambio de itinerario, etc) será comunicado telefonicamente a un cargo directivo.
- No caso de accidente que plantexe dúbidas sobre a necesidade de asistencia médica inmediata, chamarase ao 112.
- No caso de problemas de retraso do transporte chamarase á empresa ou ao Centro.
- Baixo ningún concepto subministraranse medicamentos ao alumnado.

27.7. RECURSOS NECESARIOS

Recursos persoais: ademais do coordinador do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Iván Coira Silva que é a persoa encargada de coordinar os recursos disponibles para o mellor funcionamento das actividades programadas, cóntase coa participación activa do resto do profesorado e alumnado. Os mestres e os doutros equipos colaborarán co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares a través de la Comisión de Coordinación Pedagóxica e tamén por vía directa, propoñendo e recollendo as ideas dos seus respectivos niveis e equipos.

Os alumnos/as tamén colaborarán na organización e planificación das actividades, a través do Consello da Infancia dedicando, desinteresadamente, parte do seu tempo de recreos e das súas horas libres.

Ademais do alumnado, as nais e pais da ANPA colaborarán en diversas as actividades, axudando na súa xestión e desenvolvemento.

Recursos materiais: o centro conta cunha biblioteca, uns exteriores e un ximnasio no que se realizan actividades culturais propias do centro (representacións teatrais, conferencias, festas, Entroido, etc.).

Respecto ao orzamento das actividades programadas, ademais do presuposto asignado pola dirección do centro, cóntase coa colaboración da ANPA, que subvencionan distintas actividades ao longo do curso.

Tamén hai que salientar, que a maioría das actividades realizadas polo equipo, requiren do uso de moito material funxible como son: cartolinas, diferentes tipos de papel (pinocho, charol, folios de cores...), fixo ancho, cinta illante, témperas, tesoiras, pinceis, pegamentos,... polo que sería conveniente repoñer o material necesario con certa asiduidade e habilitar un espazo para gardar este material de uso cotiá.

27.8. PROPOSTAS DE SAÍDAS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Algunhas das actividades que se realizarán durante este curso escolar son:

ACTIVIDADE	DATA	DESCRICIÓN	CURSOS	LUGAR
Contacontos con Anxo Moure	8 de setembro	Contacontos en relación a educación ambiental.	todos	Biblioteca do cole
“Proxecto Escolas sen Violencia”	26, 27, 28 e 30 de novembro	Traballo en relación as emocións, convivencia e a educación responsable en temas de acoso e violencia.	3º, 4º, 5º e 6º	Biblioteca do cole
Educación vial	4 de outubro	Obradoiro de Educación Vial do Plan Director.	3º e 4º	Patio da escola
Educación cívico-tributaria	18 de outubro	La Educación Cívico-Tributaria tiene como objetivo primordial transmitir valores y actitudes favorables a la responsabilidad fiscal y contrarios a las conductas defraudadoras	5º e 6º	Aulas
Andainas pola contorna	Ao longo de todo o curso	Coñecemento da nosa contorna	Todos	Outes

Mostras Internacional de cine documental "Mares da fin do mundo"	19 de outubro	Mostras de cine documental para acercar ao alumnado este tipo de cinema.	Todos	Casa da Cultura
Actividade fin de curso	Xuño	Excursión recreativa e cultural	6º	—

Atenderanse ás propostas que vaian chegando por parte do Concello, centros educativos próximos e outras institucións, podendo efectuar outras saídas en función do seu grao de interese.

28. PLAN ANUAL DE LECTURA E PROGRAMACIÓN DO PROXECTO DA BIBLIOTECA.

27.1- PLAN ANUAL DE LECTURA.

1. OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS, ORGANIZACIÓN E ACCIÓNS.

1.1. Formación de lectores competentes.

A **finalidade** do plan anual de lectura é:

- Integrar todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e á adquisición das competencias básicas.
- Fomentar o hábito e o gusto pola lectura e contribuír a mellorar a práctica da lectoescritura.

Os **obxectivos xerais** do plan de lectura son os seguintes:

- Lograr que a meirande parte do alumnado descubra na lectura un elemento de goce persoal.
- Formar lectores e lectoras competentes coa intención de crearlles e/ou consolidarlles o hábito de lectura.

- Incorporar a lectura literaria e non literaria na práctica diaria cun tempo mínimo de 20 minutos ao día.
- Integrar as fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
- Desenvolver actitudes favorables cara á lectura mediante a creación de ambientes lectores.
- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos fondos pola CDU, as distintas seccións en que están distribuídos e as normas xerais de funcionamento.
- Producir textos coherentes e ben estruturados (en diferentes soportes) atendendo ás propiedades de cada tipoloxía textual.
- Introducirse en procesos de alfabetización informacional e desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, hipertextos,...), a selección crítica da información para a elaboración de proxectos de traballo e a construción autónoma do coñecemento.
- Incorporar as TIC's no día a día do centro, de xeito que @s alumn@s aprendan a súa utilización nos diversos ámbitos
- Contribuír a que a biblioteca escolar sexa un centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.

1.2. Creación e consolidación de hábitos de lectura.

Para conseguir crear en principio e consolidar o hábito de lectura posteriormente, propoñemos as seguintes accións para os diferentes ciclos de ensino primario.

Para a consolidación de hábitos de lectura é necesario tempo e constancia, xa que, a lectura non é só unha técnica senón un medio de comunicación e un acceso á información; por iso debemos presentar todas as ocasións posibles para animar a ler.

En Infantil, 1º, 2º, 3º ciclo están a funcionar as bibliotecas de aula con libros procedentes da biblioteca do centro en réxime de préstamo. No caso dos grupos de EP, cada titor escolle os libros para un período de tempo, normalmente unha quincena, un mes ou un

trimestre para empregar na hora de ler ou traballar algún proxecto, e xestiona os empréstitos na súa aula.

No caso de Infantil, cada semana, levan un ou dous libros en préstamo ás súas casas, coa finalidade de compartir esas lecturas coas súas familias.

Nos tres ciclos de primaria foméntase a lectura libre e acompañada de xeito individual, facendo un diagnóstico en todo momento co alumnado da adquisición da competencia lectora e os gustos, intentando facer un asesoramento adecuado para a creación de itinerarios lectores persoais que vaian incrementando a calidade e dificultade das lecturas abordadas.

Ademais abórdanse lecturas de distintas tipoloxías textuais na aula coa finalidade de facer unha labor de compensación de desigualdades e de adquisición das propiedades de ditas tipoloxías. Para profundizar nisto establécense secuencias de traballo funcional en algunhas destas tipoloxías.

Implementarase como rutina diaria un momento de lectura “Hora de ler” para todo o alumnado do centro.

Finalmente todas as familias do CEIP Plurilingüe de Outes se benefician da campaña das “Mochilas Viaxeiras”. Hai unha mochila por curso que viaxa cada semana á casa dun alumno/a que previamente elixiu as lecturas preferidas e tamén se intenta que vaia algún fondo para outros membros da súa familia. A maiores, en cada mochila vai unha actividade relacionada co proxecto para a recollida de datos relacionados co mesmo.

1.3. Proceso lector. Características dos lectores competentes na sociedade da información.

Un dos obxectivos da elaboración e desenvolvemento deste Proxecto Lector é a creación de lectores/as competentes, entendendo como lectores/as competentes aqueles que aplican na lectura aos seus coñecementos previos, que dirixen autonomamente o seu proceso lector, que distinguen o fundamental do accesorio, que procesan información en calquera soporte, que lle atribúen significado, que escriben para expresarse e comunicarse, que se preguntan sobre o lido, e que, finalmente, son quen de resumilo; en suma, que saben xestionar a súa lectura persoal e son capaces de convertela nunha actividade permanente.

O profesorado ten que dar resposta aos diferentes niveis e intereses lectores, ofrecéndolles distintas situacións de lectura. Como responsables da súa educación temos que:

- Dar sentido ao feito de ler e escribir.
- Unir propósitos didácticos e comunicativos.
- Aumentar os tempos de lectura individual e en grupo.

1.4. Literacidade. Competencia lectora. Competencia literaria.

O concepto de literacidade abarca todos os coñecementos e actitudes necesarias para o uso eficaz dos xéneros escritos. A orientación é máis sociocultural, que baseada nos enfoques lingüísticos. Dende esta perspectiva entendemos a lectura e a escritura como unha práctica social, onde @s nen@s utilizan os textos dentro dun contexto particular que debemos ter moi presente.

Debemos ter en conta que a literacidade abarca aspectos coma:

- Multiliteracidade: lectura de moitos textos, moi variados en moi pouco espazo de tempo.
- Biliteracidade: posibilidade de ler e escribir en dúas linguas.
- Literacidade electrónica: chats, xogos de simulación, e-mails, web, blogs, foros: uso real da linguaxe que hoxe xa ocupa un lugar importante.

Ademais é importante educar nunha *literacidade crítica ou informativa* que nos permita buscar, atopar, avaliar e manexar datos en Internet. A lectura electrónica require un lector mellor formado e máis crítico.

- Criticidade: permite adoptar un punto de vista crítico sobre o que lemos.

Por outro lado, tamén desexamos que os nosos alumnos adquiran certa **competencia literaria**, formando lectores literarios: nenos e nenas que gozan cos libros, en especial coa literatura, coa ficción ou coa poesía. Para isto, dentro dos proxectos traballados unha das propostas que levamos sempre a cabo é a elaboración por parte do alumnado dun libro no que recollen a información e as súas investigacións, expresan as súas ideas, escriben os seus relatos, as súas poesías, realizan ilustracións ou participan en diferentes certames literarios.

1.5. Lectura de todo tipo de texto, en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.

Estas xeracións do século XXI van a necesitar ser lectores competentes en calquera tipo de soporte. Ademais dos máis habituais (libros, cadernos, dicionarios,...) deberán ser capaces de manexar unha páxina web, elaborar un hipertexto, uso axeitado de internet, chats, blogs,...competencia que devolve á lectura a súa faceta primordial e á vez a enfrenta a novos e importantes retos.

Por isto, todas as aulas dispoñen de ordenadores, contamos con varios puntos de acceso na biblioteca a cunha aula de informática a disposición do profesorado, coa finalidade de implementar o uso contextualizado das tecnoloxías da información en distintas secuencias dependentes ademais da competencia lecto-escritora, para avanzar nos procesos de construción autónoma do coñecemento.

Con relación á escritura utilizaremos todo tipo de textos segundo os diferentes niveis: narrativos, expositivos, descritivos, científicos,...

1.6. Metodoloxías máis axeitadas.

O proceso de ensinanza–aprendizaxe da lectura constrúese a través do traballo de diferentes tipos de textos, mediante a asimilación de contidos conceptuais e a través da realización de actividades, tanto de forma oral coma escrita. Iníciase en Educación Infantil e vaise afianzando na Educación Primaria.

Diferentes actuacións axudannos a seguir unha metodoloxía de traballo tanto en Infantil coma en Primaria:

En Infantil:

- Lectura diaria de contos ou outras tipoloxías textuais, coa persoa docente como modelo de lectura.
- Presencia nas aulas de distintos materiais de lectura, contos principalmente, pero sempre acompañados de outras tipoloxías textuais nos seus lexítimos soportes.
- Secuencias estables periódicas de representación das personaxes principais e secundarias.
- Xogos de asociación: palabra-debuxo.

- Lectura e escritura en contextos significativos e con función social das mesmas.

En 1º Ciclo de Ed. Primaria:

- Partir do nivel de desenvolvemento lector que cada alumno/a posúe.
- Avanzar dos coñecementos previos á nova información.
- Ter en conta os intereses desta idade:
- Historias que contan a vida de nenos/as coma el.
- Historias de aventuras, de fantasía e humor.
- Lendas e contos de sempre.
- Poemas, adiviñas.
- Valorar que o alumno responda positivamente.
- Aproveitar os erros para mellorar a tarefa.
- Favorecer as relacións interpersoais en actividades coma o xogo.

En 2º e 3º Ciclo de Ed. Primaria:

- Partir sempre do nivel lector do alumnado.
- O alumnado terá liberdade para elixir as lecturas.
- Establecer un seguimento de lecturas e libros para cada alumno.
- Ler marcando signos gráficos e de puntuación.
- Primar o sentido e comprensión da lectura sobre a velocidade.
- Non recriminar fallos para non humillar ao lector.
- Promover xestos que dean dinamismo á lectura.
- Aplicar a todas as áreas a metodoloxía aplicada.
- Elaborar normas de respecto e uso da biblioteca.
- Visitar bibliotecas públicas e, por suposto, a do centro con asiduidade.
- Fomentar a creación dunha biblioteca de uso persoal.
- Traballaremos textos continuos e textos discontinuos, tanto impresos como en formatos dixitais.

Actuacións comúns en todas as áreas:

Cada vez que @s alumn@s vaian realizar unha lectura deberemos integrar as estratexias arriba citadas (antes, durante e despois), clarificando a intención da lectura así como a forma de enfrontala (en voz alta, en silencio, colectiva...)

Esto afecta á lectura en calquera tipoloxía textual que se estea a abordar na aula. Será fundamental nas primeiras sesións que o profesor amose un modelo do proceso, guiando os pasos a seguir, procurando paulatinamente que este vaia sendo asumido polo alumnado.

1.7. Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.

En canto aos espazos principais onde se desenvolve o proxecto, contamos coa biblioteca de centro, as propias titorías e coa bibliomóvil, nunha zona exterior no horario de recreo.

En canto aos tempos, o horario de funcionamento da Biblioteca vai en función do horario dos membros do Equipo de Biblioteca, procurando que, na medida do posible, se manteña aberta o maior número de horas posible. O préstamo de libros realízase no horario que se estableceu a principio de curso, nos recreos da mañá (co mestre de garda e o alumnado colaborador), máis por iniciativa de cada titor/a unha sesión á semana, momento no que tamén incide no traballo en biblioteca (clasificación dos materiais, educación documental....)

1.8. A biblioteca escolar como recurso imprescindible e factor de compensación social.

Debido a que o nivel socio-económico das familias do noso alumnado non é moi elevado e ás dificultades que teñen para acceder á cultura polo distanciamento e as infraestruturas (aceso a Internet) intentamos achegarlle propostas desde a biblioteca por medio de:

Empréstitos: aberto para todos os pais/nais e exalumn@s. Tan só teñen que solicitar o carné de usuari@.

Libros que veñen e van: en Ed. Infantil o alumnado leva un libro semanalmente escollido de forma libre na biblioteca escolar.

Mochilas viaxeiras: cunha selección de fondos de distinta tipoloxía e temática. Ditas seleccións poden estar feitas pola persoa titora do grupo en función dos intereses da aula, pola biblioteca se así é requerido, ou polo propio alumnado.

Aceso á rede dende os ordenadores da biblioteca para todo tipo de consulta e/ou documentación.

Aumento de fondos para alumn@s con NEE adaptados aos seus niveis.

1.8.1. Coordinación de labores da biblioteca

O Equipo de Biblioteca inténtase que esté conformado por un grupo estable de mestres/as durante uns anos, sendo coordinado pola mesma persoa, aínda que isto non é posible cando hai cambio de profesorado. Tamén en actividades puntuais e cos proxectos participa o total do profesorado do centro, así coma na asistencia co seu grupo, cando menos, unha sesión semanal.

Procúrase que entre os membros do equipo cubran o maior horario de biblioteca para que sempre estea atendida

1.8.2. Actividade de fomento e consolidación de hábitos de lectura e escritura en todas as áreas

As actividades de fomento da lectura, da escritura e de capacitación das habilidades para o tratamento da información soamente resultan eficaces se son sistematizadas e integradas no tratamento de todas e cada unha das áreas do currículo.

Ademais das actuacións expostas ao longo deste documento sinalamos, a continuación, as actividades que se desenvolven nos distintos ciclos de Ed. Primaria e Ed. Infantil de cara a favorecer a lectura e a escritura.

Ed. Infantil:

A motivación é a base de calquera aprendizaxe; así dende as nosas aulas de infantil levamos a cabo diferentes **tipos de lectura**: contos, adiviñas, trabalinguas, receitas,....

Buscamos acadar o obxectivo de que @s nen@s gocen, e ao mesmo tempo valoren a linguaxe escrita como medio de comunicación, expresión e información.

Poñemos, de maneira habitual, ao alcance dos nenos/as textos orais de tradición cultural, pretendendo alcanzar un dobre obxectivo: despertar o gusto polos distintos xéneros literarios (contos, poemas...) e favorecer o desenvolvemento da súa capacidade de memoria, repetindo primeiro textos curtos e logo máis longos (por exemplo: versos, estrofas e poemas completos). Así pois, facilitando o contacto con varios tipos de libros os nenos e as nenas son quen de deducir o seu contido a partir da lectura dos debuxos, ilustracións ou fotografías que os acompañan.

E, evidentemente, porque non nos podemos esquecer da importancia que ten o **xogo** na Educación Infantil, realizamos distintos tipos de actividades, sobre todo cos trabalinguas e as sartas, coas que pretendemos lograr o obxectivo de estimular e afianzar a pronunciación dos grupos consonánticos complexos no noso alumnado.

Co obxectivo de desenvolver o gusto pola lectura a expresión, e o coñecemento de algunhas propiedades das distintas tipoloxías textuais para a súa creación, realizamos distintas actividades:

- Secuencias periódicas estables de debuxo das personaxes principais e secundarias.

- Secuencias de texto literario na que se da lectura a numerosos contos que funcionan como modelo de escritura e base para o estudo das propiedades e posterior escritura de textos propios.

- Participación en sesións de contacontos a cargo de alumnado e profesorado do centro, do concello, ou de outras entidades.

Os **materiais** que usamos para levar a cabo as actividades mencionadas baséanse, fundamentalmente, nos fondos da biblioteca de aula, da biblioteca escolar e materiais persoais,... Tamén nos axudamos dos recursos que ofrecen as TICs .

1º ciclo de Primaria:

Actividades para o Proxecto Lector de Centro axeitadas ao 1º ciclo de Educación Primaria:

- Facer listados de libros, autores e autoras, editoriais favoritos coa finalidade de converter as lecturas de algúns usuari@s en recomendacións para outras.

- Traer da casa o libro favorito para compartir cos compañeiros e compañeiras.

Visitas guiadas á biblioteca escolar para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un, analizar os datos de cada etiqueta...

Compartir a lectura coa familia.

Visitar outras bibliotecas (municipal...)

Acceder aos fondos usando o marcador persoal da biblioteca.

Lectura silenciosa e individual de libros de ficción e informativos.

Lectura por parte da persoa docente de todo tipo de textos, funcionando esta como modelo de lectura... Tamén por parte dos nenos e nenas.

Realización e exposición de debuxos ou traballos plásticos relacionados coas lecturas.

Elaboración de contos e outros textos relacionados co proxecto da biblioteca.

Identificar as partes do libro: título, personaxes...

Préstamo semanal de libros.

2º e 3º ciclo de Primaria:

Visitas guiadas á biblioteca escolar para ler os carteis, coñecer as seccións, diferenciar os libros das distintas seccións, observar a etiqueta que identifica a cada un e analizar os datos de cada etiqueta.

Visitar outras bibliotecas (municipais,...)

Promover a implementación de secuencias de diferentes tipoloxías textuais asociadas a contextos de uso social das mesmas.

Buscar e colocar libros pola CDU, autor, título, materias.

Lectura de diferentes tipos de textos (literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos) e en distintos soportes: impresos ou electrónicos.

Lectura colectiva na aula de diferentes libros.

Colaborar na selección de títulos para a biblioteca.

Exposicións orais de distintos tipos e temas.

Encontros con autor@s.

Participación nos Proxectos Documentais Integrados a través da implementación de procesos baseados na aprendizaxe baseada en proxectos e do tratamento da información.

1.9. Futuros proxectos.

En canto aos proxectos traballados desde a Biblioteca procuramos que non se repitan nin en canto a temática nin no que se refire aos produtos nos que derivan, coa finalidade de ofrecer oportunidades de aprendizaxe diversificadas, tanto no contido ao que acceden a través dos mesmos, como dos procesos que abordan.

O Equipo de Biblioteca traballa en coordinación co Equipo de actividades extrascolares e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega. O proxecto deste curso leva como título “Temos raíces, temos ás. Outes con memoria”

Tentamos que as propostas de PDI queden pechadas do mes de Xuño coa finalidade de comezar coa programación das distintas posibles liñas de investigación e das actividades que se levarán a cabo no marco do mesmo.

1.10. Presuposto.

O centro, dende hai varios anos por acordo previo do Claustro, destina unha porcentaxe do presuposto anual para a Biblioteca Escolar. Neste curso foi o 10% do total do centro. Ademais grazas ao PLAMBE da Consellería de Educación dispoñemos dunha dotación anual para investir na promoción e mantemento da B.E.

2. INTERVENCIONS QUE É NECESARIO SISTEMATIZAR.

2.1. Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.

Antes da lectura:

- Activar o coñecemento previo sobre o que se vai ler.
- Establecer predicións sobre o texto atendendo ao título.
- Fomentar as preguntas sobre o texto.

Durante a lectura:

- Actividades que favorecen o acceso á comprensión.
- Ter en conta o proceso da lectura, facerse conscientes del, guialo.

- Lectura individual e silenciosa previa a calquera actividade de lectura expresiva.
- Lectura exemplificadora do profesorado.
- En actividades de lectura compartida:
 - Formular predicións sobre o texto que se está a ler.
 - Facerse preguntas sobre o que se leu.
 - Aclarar posibles dúbidas acerca do texto.
 - Resumir ideas do texto.
- Prácticas de lectura independente:
- Textos con erros, para identificar.
- Textos con lagoas para completar.
- Textos con frases “pirata”.
- Completar textos, engadir finais, reescritura segundo diversos criterios.

Despois da lectura:

- Idea principal.
- Análise e estudo de propiedades
- Formulación de preguntas.
- Ensinar a formular e responder preguntas sobre un texto é unha estratexia esencial para unha lectura activa.
 - Preguntas de resposta literal.
 - Preguntas “para pensar”. O lector deberá relacionar diversos aspectos do texto para atopar a resposta.
 - Preguntas de elaboración persoal. Esixen a asociación co que se sabe, se pensa ou se ten experimentado.
- Actividades que fomentan a creatividade e o pensamento diverxente.
- Actividades que forman lectores críticos.
- Actividades que desenvolven a afectividade.

2.2. Actividades relacionadas coa alfabetización informacional

Nos últimos cursos desenvólvese un proxecto por ano, partindo do esquema fundamental de calquera proxecto de traballo, poñendo en marcha procesos propios da aprendizaxe

baseada en proxectos e da alfabetización informacional que teñen como gran finalidade desenvolver a competencia de aprender a aprender.

Procurarase ademais ir introducindo tarefas propias da alfabetización mediática, tanto nos procesos de investigación como a través da diversificación dos produtos pactados ou encomendados.

O remate final de todo proceso educativo é o da avaliación do mesmo, xa que determina a validez de todo o proceso educativo. No caso das procuras documentais a avaliación non se ha de restrinxir a valorar só o produto final, senón que, deberá valorar o desenvolvemento das distintas fases do proceso.

2.3. Integración das TIC.

As novas tecnoloxías, e moito máis nos últimos anos, van adquirindo unha importancia capital no funcionamento das bibliotecas, e afrontar o reto organizativo e didáctico que supoñen é, ao noso entender, unha das claves para o futuro das mesmas.

Na nosa biblioteca abordamos a súa incorporación dende varias perspectivas diferenciadas:

- Xestión informática dos fondos.

Cóntase co programa MEIGA da Consellería de Cultura para a catalogación informática dos fondos, o préstamo, a consulta OPAC ou consulta vía internet a través da páxina web opacmeiga.

- Blogue da biblioteca

O enderezo é o seguinte: <https://bibliooutes.blogspot.com/> Este blogue funciona como plataforma de difusión das actividades realizadas dende a biblioteca escolar, para dar difusión a outras actividades relacionadas e levadas a cabo coa dirección de outros equipos ou mesmo dende as propias aulas.

Ademais téntase que o blogue sexa un banco de recursos dixitais a través de distintas páxinas de contidos seleccionados e que se considera poidan ser de interese para toda a comunidade. Tanto para o profesorado na súa labor educativa, como para as familias ou para o propio alumnado a través de consultas autónomas.

- Conta de instagram da biblioteca

Cunha finalidade parecida á do blogue, pero co engadido da consulta rápida e a publicación máis vencellada á actualidade da nosa biblioteca.

- Acceso a internet

Na Biblioteca temos dous ordenadores e varias tablets conectadas a internete que se atopan a disposición do alumnado do centro para a súa utilización como fonte de información para os traballos documentais e o préstamo.

- Outras tecnoloxías

Robótica e outras posibilidades entran en xogo coa liña de Bibliotecas Creativas para dar cabida a outros xeitos experimentais de empregar as posibilidades da tecnoloxía.

2.4. Implicación das familias e da contorna.

Neste apartado temos que mencionar a boa disposición das familias en actividades puntuais ou á hora de aportar materiais (exposicións). Ademais hai varias nais/avós que dispoñen do carné da biblioteca e collen libros regularmente. Tamén participan activamente na campaña das mochilas viaxeiras aportando opinións e facendo uso delas. Gustaríanos poder seguir traballando neste campo para concienciar a toda a comunidade da importancia de formar bos lectores nos primeiros grupos de referencia, así como de participar activamente en propostas de escritura creativa.

3. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

3.1. Criterios de avaliación.

1. Recoñecer n@s nen@s o hábito e o pracer pola lectura, pola aprendizaxe e pola utilización axeitada da Biblioteca.
2. Valorar as experiencias de creación e busca de información para adquirir coñecementos, comprender e desenvolver a imaxinación para entreterse.
3. Comprobar no alumnado a adquisición e aplicación de capacidades que permitan avaliar e empregar a información.
4. Apreciar o grao de participación do alumnado, profesorado, administración e das familias para levar a cabo o Proxecto Lector de Centro.

5. Realizar observacións que permitan comprobar o gusto pola lectura e a utilización dos recursos e servizos da Biblioteca, facendo fincapé na liberdade intelectual e no acceso á información coma dereitos fundamentais.
6. Colaborar activamente nas actividades que estimulen a concienciación e a sensibilización no plano cultural e social.

En base a estes criterios e aos resultados, cremos que esta é a liña de traballo que debemos seguir e aínda que nos queda moito por andar, constatamos que no noso alumnado crece o interese pola lectura e pola creación de textos. Tamén mellorou na comprensión e aumentaron as súas capacidades para a procura de información. Ademais dispoñemos, grazas ao programa de catalogación Meiga, de datos específicos sobre empréstitos, libros máis lidos, etc. En canto á colaboración das familias de momento non conseguimos alcanzar os obxectivos propostos pero cada vez notamos máis a súa colaboración e participación, polo que non nos desanimamos a seguir implicándoos coa Biblioteca e a vida do centro en xeral.

28.2.- PROGRAMACIÓN DO PROXECTO DA BIBLIOTECA.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

• Definición

Consideramos que a Biblioteca escolar debe ser concebida coma un centro dinamizador das propostas de centro, no que actúa como promotor de dinámicas e como centro de recursos para a ensinanza, a aprendizaxe e a lectura. É un recurso educativo ao servizo do currículo e do proxecto educativo e concíbese na actualidade como un espazo dinámico no que os recursos e servizos de información cumpren un papel primordial no proceso de aprendizaxe do alumnado e da innovación profesional do profesorado, como apoio á planificación educativa.

Durante o curso 2022/23, por fin retomamos o curso con normalidade, polo que por fin o espazo físico poderá abrir con normalidade, quedando a disposición das aulas no horario lectivo e con apertura normalizada para todo o centro nos tempos de recreo.

Ademais este curso contamos con levar a cabo por fin o cambio de espazo á nova biblioteca, que neste momento se atopa á espera do cambio de ventás, xa que o resto da obra está concluída. Este cambio de ubicación e gran ampliación enmárcase dentro da proposta de Bibliotecas Escolares para ser un dos centros seleccionados para o programa LÍA 3, no que a partir dunha importante dotación de recursos se nos reta a desenvolver de xeito importante as liñas de traballo existentes e a investigar sobre novos camiños a percorrer contando con ese importante apoio. A idea é construír unha gran biblioteca que aúne distintos espazos e que se ubicará na planta baixa do edificio da Autónoma. Este curso escolar, moitos dos esforzos do equipo de biblioteca centraranse no proceso de colocación e organización da mesma e de adquisición e dotación do equipamento que acollerá.

O Proxecto de Biblioteca se presentará en Claustro, adquirindo o compromiso de participación nas distintas actividades propostas, tanto dende as titorías coma dende as diferentes especialidades. Tense o completo apoio e implicación do Equipo Directivo e, iso plásmase entre outras cousas no orzamento destinado á biblioteca, que é de un 10% do orzamento de centro, o que supón a porcentaxe máxima do proposto nas instrucións do PLAMBE. Este ano recibirá o nome de “Temos raíces, temos ás. Outes con memoria” e versará sobre a historia da nosa comunidade escolar da man da propia historia do noso concello, e da nosa comunidade en xeral pero dende unha óptica moi emocional que conecte ao noso alumnado ás súas raíces para aprender a medrar dende o respecto ás mesmas.

• **O Equipo de Biblioteca**

O Equipo de Biblioteca está composto por 10 mestras:

- Alicia Nimo Liboreiro (coordinadora)
- Adrián Rivero Iglesias
- Maiuca Cortón Tesouro
- Abel Vale López
- Irene Formoso Barrientos
- Daniel Rodríguez Gándara

- María Tasende López
- Andrea González Aldrey
- Patricia Pose Ponte
- Eva Arias Rodríguez

Ademais, tentarase contar este ano cun equipo de colaboradoras e colaboradores, alumn@s actuais do centro.

• Horario de disposición de profesorado do Equipo de Biblioteca

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª sesión	Alicia (coord)				Alicia (coord)
2ª sesión				Patricia Daniel	Alicia (coord)
3ª sesión			Alicia (coord) María Andrea	Alicia (coord)	
RECREO	Abel Alicia Maiuca	Irene Alicia Maiuca	Daniel Adrián	Adrián Irene	Abel Dani
4ª sesión		Alicia (coord) Maiuca		Alicia (coord)	
5ª sesión		Alicia (coord)			

• Beneficiarios

Son beneficiarios dos recursos da Biblioteca todos os membros da comunidade escolar:

- Alumnado (241 alumnos/as)
- Profesorado (24 mestres/as)
- Familias
- Persoal non docente.

B. OBXECTIVOS.

Ten como obxectivos fundamentais:

- Converterse nun lugar de referencia para toda a comunidade educativa, non só como lugar de información e lectura, senón tamén como espazo de lecer.

- Impulsar a Biblioteca como recurso imprescindible para a ensinanza, a aprendizaxe, o acceso á información, á cultura, á lectura e á compensación de desigualdades.

Ademais destes obxectivos xerais, teremos sempre como referente o manifesto da UNESCO sobre bibliotecas escolares onde describe as funcións da biblioteca escolar :

- Proporcionar información e ideas que son fundamentais para desenvolverse con éxito na sociedade contemporánea, baseada na información e no coñecemento. Debe proporcionar ós alumnos competencias para a aprendizaxe ó longo de toda a súa vida e contribuír a desenvolver a súa imaxinación, permitíndolles que se conduzan na vida como cidadáns responsables.
- Ofrecer servizos que permitan forxar un pensamento crítico e utilizar eficazmente a información en calquera formato.
- Acoller os fondos e organizalos segundo os criterios adoptados. Na biblioteca estarán centralizados todos os fondos do Centro co fin de lograr un uso eficaz dos mesmos. Todos os fondos adquiridos no centro polo colexio recibirán un número de rexistro e serán catalogados na biblioteca, independentemente da súa localización física final (aulas, bibliotecas de aula ou a propia biblioteca).
- Ofrecer un conxunto organizado de fondos en distintos soportes que permitan afondar no estudio e o fomento do uso da información. Para unha axeitada xestión e organización dos fondos, a biblioteca sigue criterios estandarizados no ámbito bibliotecario.
- Facilitar e difundir os fondos existentes entre os diversos sectores da comunidade escolar para un uso eficaz dos mesmos.
- Prestar servizo de información e formación de usuarios, así como de orientación respecto ós materiais existentes na mesma.
- Prestar servizo de axuda na utilización de libros e outras fontes de información en todo tipo de soportes e accesibles directamente ou a distancia para completar e enriquecer os libros de texto e outros materiais pedagóxicos.
- Facilitar o acceso a internet.
- Ofrecer servizos de información bibliográfica, consulta en sala, hemeroteca e préstamo a domicilio, tratando de poñer os fondos documentais existentes no centro ó servizo da comunidade.

C. ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN.

As actividades que se levarán a cabo durante este curso serán as relacionadas coa organización da biblioteca, proxecto e participación da comunidade educativa, destacando de xeito moi significativo a creación da nova biblioteca.

Deste xeito podemos sinalar as seguintes:

CON RESPECTO Á ORGANIZACIÓN DA PROPIA BIBLIOTECA

- Montaxe e dotación de equipamento e recursos da nova biblioteca
- Realizar o expurgo de materiais.
- Facer actividades de formación de usuarios cando se considere preciso.
- Continuar formando un equipo de alumnos/as colaboradores /as que axuden na biblioteca
- Sinalizar ben os fondos atendendo á CDU.
- Continuar coa catalogación e o rexistro informático de todo tipo de fondos: textuais, gráficos, materiais informáticos, etc.
- Mantemento do blog da Biblioteca. <http://www.bibliooutes.blogspot.com>

CON RESPECTO Á BIBLIOTECA COMO CENTRO DE RECURSOS DIDÁCTICOS E NO APOIO AO PROXECTO DE CENTRO, E COA FORMACIÓN DE USUARIOS PARA A ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

- Coordinar as propostas e seguemento de distintas dinámicas.
- Selección de fondos relacionados cos proxectos que se leven a cabo no centro.
- Realizar actividades sistematizadas que melloren e afiancen o manexo dos recursos da biblioteca e axuden a fomentar a educación documental.
- Elaborar unidades didácticas, tarefas e/ou proxectos integrados no currículo que poidan desenvolverse a partires dos recursos da biblioteca, buscando a implicación de todo o profesorado.
- Seguir organizando actividades de busca e investigación para todo o alumnado.
- Creación de seccións de aula, que se nutren dos recursos da biblioteca, mediante o préstamo temporal.
- Materiais de creación propia en distintos soportes.
- Catalogar os materiais de produción propia elaborados polo alumnado en distintos soportes.

- Adquirir novos materiais atendendo ás necesidades dos distintos ciclos en canto aos materiais precisos para desenvolver os proxectos programados ou aos intereses do alumnado.
- Propoñer e coordinar as actividades de dinamización, implicando a todo o Claustro e a toda a comunidade educativa.
- Elaborar propostas e seleccións de recursos para as distintas celebracións e conmemoracións do centro ao longo do curso (Samaín, Nadal, Antroido...)
- Facilitar o emprego das TICs como medio de acceso á información dende a Biblioteca Escolar.
- Seleccionar recursos para os distintos espazos cos que contará a nova biblioteca: recanto maker, estudo de radio, estudo de televisión, zona de literatura dixital e zonas varias de lectura.

CON RESPECTO Á DINAMIZACIÓN DA LECTURA

- Elaborar guías de lectura
- Propoñer e coordinar as actividades de dinamización, implicando a todo o Claustro e a toda a comunidade educativa..
- Dar publicidade a celebracións relacionadas cos libros (día da Biblioteca, da poesía, día do libro infantil e xuvenil,etc.) ademais de participar activamente noutras coma Samaín, Nadal, Paz, Entroido, Letras Galegas,...
- Convocar e participar en diferentes concursos, certames, exposicións, etc.
- Estableceranse sesións de contacontos online.
- Continuar co programa de lectura silenciosa sostida, “hora de ler”, todo o centro ao mesmo tempo.

OUTRAS

- Organizar actividades dirixidas ás familias do alumnado, buscando unha maior implicación delas (equipo de colaboradores de biblioteca, club de lectura, etc.)
- Promover o intercambio de experiencias con outros centros e con entidades locais, como a biblioteca municipal.
- Mellorar os recursos vinculados á atención á diversidade e á transformación da biblioteca nun espazo totalmente inclusivo.

- Facer do blogue da biblioteca un espazo multidimensional de coordinación de dinamizacións e vertebración de recursos en distintos eidos, co obxectivo de fomentar a multialfabetización.

A temporalización das actividades concretarase nas reunións do Equipo de Biblioteca ao longo do curso.

D. Liñas de actuación a ter en conta.

Tal e como reflicten as distintas actividades descritas, o equipo de biblioteca, coa colaboración do resto do profesorado do centro, terá en conta os seguintes aspectos:

- Implicación activa dos membros da comunidade.
- Utilización das TICs.
- Colaboración con outras institucións externas ao centro.
- Colaboración con outros centros educativos.
- Realización de actividades plurianuais.
- Diversificación de actividades.

Por outra banda, e para que o traballo do Equipo de Biblioteca teña unha plena integración coa actividade do centro, haberá un traballo coordinado co resto dos Órganos de Coordinación Docente.

E. Avaliación.

Levarase a cabo unha avaliación externa ao centro coa entrega da memoria final e posterior avaliación do PLAMBE.

A avaliación interna quedará recollida na memoria final onde especificaremos o grao de cumprimento dos obxectivos propostos atendendo a:

- **Organización da biblioteca**

Trátase de avaliar a biblioteca como espazo onde se localizan e organizan os recursos documentais do centro. As decisións en canto as instalacións e a súa dotación, o proceso técnico do fondo documental, o funcionamento do servizo de biblioteca e os recursos económicos e humanos.

- **Do proxecto**

Valoraremos o fomento da lectura, o acceso, uso e tratamento da información, ou as actividades de aprendizaxe, dende todas as áreas do currículo nas que se inclúen:

actividades de lectura en diferentes formatos (impresa e dixital) con obxectivos diferentes (por pracer e para aprender), actividades de busca de información e traballos académicos (principalmente proxectos de investigación) e a súa comunicación nos diferentes formatos (exposición de traballos plásticos, exposicións orais, memorias escritas ou presentacións virtuais).

- Da participación da comunidade educativa

Determinaremos o grao de participación dos membros da comunidade educativa, especialmente as familias, e a colaboración con outros organismos e institucións do entorno. Concretaranse a organización de actividades abertas (como exposicións), as celebracións en torno ao libro e a lectura ou outras actividades culturais.

CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS QUE SE VAN UTILIZAR.

- Recoñecer no alumnado o hábito lector, o pracer da lectura.
- Apreciar o grao de participación de toda a comunidade educativa nas actividades que dende a Biblioteca se propoñen, axudando ao desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro.
- Valorar e recoñecer a importancia da lectura como fonte de desenvolvemento, coñecemento e pracer.
- Descubrir no alumnado a adquisición e aplicación de capacidades que permitan localizar, seleccionar e empregar a información.
- Recoñecer e valorar como dereitos fundamentais a liberdade intelectual e o acceso á información.
- Colaborar activamente nas actividades que estimulen a concienciación e a sensibilización no plano cultural e social.
- Elaborar enquisas para comprobar o grado de satisfacción do funcionamento da biblioteca escolar e as propostas de mellora, dirixidas aos distintos membros da comunidade educativa.

29.- PLAN DIXITAL

29.1. INTRODUCCIÓN.

1.1. CONTEXTUALIZACIÓN DO PLAN DIXITAL NO CENTRO. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

O CEIPP de Outes é un centro en constante análise e reflexión da súa práctica educativa, o que nos leva a detectar como unha necesidade a importancia de poder garantir unha educación dixitalizada e inclusiva na nosa comunidade educativa. Diminuír a brecha dixital do alumnado da nosa escola, nun concello sen outras posibilidades de achegamento a recursos dixitais e de corte STEM, empoderándoo no uso destas tecnoloxías, é un dos obxectivos principais que plantexamos neste plan.

Asumimos a incorporación do Plan Dixital de xeito integrado co resto de programas nos que participa o centro e de maneira especial co Proxecto Documental Integrado que cada ano se desenvolve no centro, o que propiciará unha abordaxe curricular, significativa e contextualizada das iniciativas que se leven a cabo neste plan.

O Plan Dixital intégrase dentro do Proxecto Educativo (PE) do centro, como un elemento dinamizador do traballo educativo cotiá. Así mesmo, debe estar integrado en todos os proxectos e plans do centro, ofrecendo ferramentas de traballo motivadoras, inclusivas e, sobre todo, orientadas a todo o alumnado.

Do mesmo xeito, a PXA deberá ter en conta dito plan para desenvolver os obxectivos establecidos no Plan de Acción e formará parte do Plan de Integración das TIC.

1.2. BREVE XUSTIFICACIÓN DO MESMO.

Á hora de elaborar o Plan Dixital tívose en conta a seguinte lexislación:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.3. PROCESO DE ELABORACIÓN

Setembro: Composición do Equipo de Dinamización do Plan Dixital, formado por 5 mestres e mestras do centro, para levar a cabo a distintas tarefas necesarias para a elaboración de dito plan. Establécese a organización dentro do equipo.

Novembro: Posta en marcha da rede para a elaboración do Plan Dixital e contacto coas persoas ADIX.

Decembro: Configuración e envío do SELFIE ao alumnado, profesorado e equipo directivo, a través dunha aplicación, para coñecer o modo en que se emprega a tecnoloxía no centro así como o grado de competencia dixital dos distintos implicados.

Febreiro: Realización do test CDD por parte do profesorado do centro.

Marzo: Recompilación de datos, reflexión e elaboración do DAFO, no cal se estableceron as debilidades, fortalezas, oportunidades e ameazas observadas.

Maio: Definición dos obxectivos e accións a seguir despois da análise DAFO.

Xuño: Elaboración do Plan Dixital, tendo en conta toda a información recollida ata o momento.

29.2. SITUACIÓN DE PARTIDA

2.1. INFRAESTRUTURA, EQUIPAMENTO E SERVIZOS DIXITAIS

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: o centro dispón de conexión sen fíos da Xunta (á cal se hai que conectar co nome de usuario de cada mestre e a súa contrasinal) e conexión por cable no edificio de conserxería, dirección e sala de profesorado, e en parte do edificio de infantil e primaria.

- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:
 - 11 aulas (de infantil e primaria) con ordenador de sobremesa e un proxector cada unha.
 - Tres aulas dentro do proxecto E-Dixgal (portátil e pizarra dixital interactiva).
 - 5 aulas de especialidades dotadas con ordenadores de sobremesa e, dúas delas, con proxector.
 - 7 ordenadores de sobremesa en dirección, conserxería e sala de profesorado.
 - 3 ordenadores de sobremesa na biblioteca.
 - 55 ordenadores portátiles E-Dixgal do alumnado.
 - Varias tablets para uso do alumnado.
 - Almacén TIC: material de reposto (3 portátiles, 8 kits de FEDER, 3 proxectores, 12 CPU's (pendientes de actualizar con tarxeta DDS), ratos, auriculares...).
 - Outros elementos de uso diario como: impresora B/N e cor, equipos de audio...

- Servizos dixitais educativos:
 - Páxina web do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipoutes/>
 - Aula virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipoutes/aulavirtual/>
 - E-Dixgal: <https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>
 - Espazo Abalar e Abalar Móbil.

- Xestión do mantemento do equipamento do centro: a través do equipo TIC e a UAC.

2.2. FONTES EMPREGADAS PARA A ANÁLISE DAFO.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	3,4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	3,7				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,7				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	4,3				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	3,7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	3,8				

2.2.1. PARTICIPACIÓN SEGUNDO PERFIL DO PROFESORADO.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>9</u>	<u>14</u>	<u>64,3%</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>4</u>	<u>50%</u>
INTERINO	<u>2</u>	<u>5</u>	<u>40%</u>
SUBSTITUTO	<u>3</u>	<u>5</u>	<u>60%</u>
DESPRAZADO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>

2.2.2. PUNTUACIÓN E NIVEL DE COMPETENCIA DO CENTRO.

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>93,1</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

Área/s de mellora: Colaboración e redes.						
OBXECTIVO 2: (1)	Formar ás familias en recursos dixitais.				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Erros na comunicación/xestión co centro.					
Valor de partida: (3)	50% de familias que utilizan ben os recursos dixitais na comunicación ou xestións co centro.					
Valor previsto e data: (4)	70 % de familias que utilizan ben os recursos dixitais na comunicación ou xestións co centro.			22/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Taller de formación a cargo de Mestres do cole para familias.	Equipo TIC	28/02/23	Ordenadores e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Realización de distintas actividades para comprobar o éxito da formación (envío mail, pago comedor...).	Tutores	22/06/23	Ordenadores e conexión a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 3: (1)	Dotar a aula específica de Polos creativos co equipamento e infraestrutura do proxecto.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Aula específica de Polos creativos					
Valor de partida: (3)	2 posibles aulas para a súa creación.					
Valor previsto e data: (4)	1 aula específica para os Polos Creativos.			30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1:Solicitar Polo creativo	Equipo directivo Equipo de dinamización do plan dixital.	Solicitado en maio			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2:Habilitar un espazo dotado de mobiliario e equipamento tecnolóxico axeitado á actividade que se vai desenvolver.	Equipo directivo.	Primer trimestre	Mobiliario e equipamentos tecnolóxicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3:Levar a cabo as actividades de ensino-aprendizaxe do proxecto de Polos creativos	Profesorado implicado no proxecto	30/06/23	Polo creativo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipamentos.						
OBXECTIVO 4: (1)	Actualizar os equipos informáticos do centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de ordenadores actualizados.					
Valor de partida: (3)	20% de equipos actualizados.					
Valor previsto e data: (4)	80% de equipos actualizados.			22/12/22		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Abrir unha incidencia na UAC para a solicitude dun técnico que revise os equipos existentes.	Equipo TIC	30/09/22			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Habilitación de equipos con pezas novas.	Equipo TIC	1/11/22	Pezas necesarios para a mellora de equipos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Compra de portátiles novos para algunhas aulas.	Equipo TIC	22/12/22	Financiamento do departamento TIC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

2.2.3. PUNTUACIÓN E NIVEL DE COMPETENCIA POR ETAPAS.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	<u>77,7</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI.	<u>97,5</u>	<u>Experto/a (B2)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2.4. DISTRIBUCIÓN DO PROFESORADO POR NIVEIS

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>4</u>	<u>23,5%</u>
B1	<u>5</u>	<u>29,4%</u>
B2	<u>5</u>	<u>29,4%</u>
C1	<u>2</u>	<u>11,8%</u>
C2	<u>1</u>	<u>5,9%</u>
TOTAL	<u>17</u>	<u>100,00%</u>

2.3. ANÁLISE DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		Equipamento dixital deficiente tanto por antigüidade, tipo e cantidade. Deficiente conectividade por cable. Falta de armarios de carga para ordenadores Edixgal.
	PERSOAL DOCENTE	Excelente formación técnica na utilización de entornas e recursos dixitais abertos.	Insuficiente creación de recursos dixitais para reforzar a labor de ensinanza. Falta de formación en software libre para un máximo aproveitamento.
	PERSOAL NON DOCENTE	Gran implicación do persoal non docente.	
	ALUMNADO	Elevada motivación do alumnado coas propostas dixitais. Úsanse contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado de primaria.	
	FAMILIAS		Deficiente conectividade no concello. Deficiente solvencia dixital para o apoio do alumnado. Ferramentas tecnolóxicas pouco adaptadas.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Suficiente experiencia no emprego de plataformas educativas e/ou outros recursos dixitais por parte do alumnado e profesorado de xeito colaborativo.	O horario do centro dificulta a exploración de métodos de ensinanza con tecnoloxías dixitais.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Posibilidade de realizar un Plan Dixital para conseguir unha estratexia dixital no centro útil.	Falta de servizo técnico fóra de Edixgal. Falta de dotación do equipamento adecuado e actualizado ás necesidades do centro.
	LEXISLACIÓN		Lentitude e limitación que pode supoñer.
	CONTORNA		Mala conectividade no concello. Cortes de suministro repetitivos.
	ANPA	Formación para as familias organiza pola ANPA.	
	OUTRAS ENTIDADES	Posibilidade de establecer sinerxias para traballar conxuntamente.	

A partir do Informe SELFIE e o TCDD o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

29.3. PLAN DE ACCIÓN.

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. OBXECTIVOS, INDICADORES E ACCIÓNS

Unha vez elaborado o DAFO, analizamos cada apartado para establecer os seguintes obxectivos que queremos conseguir durante o curso 2022/2023, en materia dixital:

- Mellorar a formación do profesorado no uso do software libre.
 - Responsable: Equipo TIC.
 - Indicadores do obxectivo: porcentaxe de profesorado que utiliza habitualmente software libre.
 - Accións: curso de formación e foro de dúbidas na aula virtual.
- Formar ás familias en recursos dixitais.
 - Responsable: Equipo TIC.

- Indicadores do obxectivo: erros na comunicación/xestión co centro.
- Accións: taller de formación e realización de actividades concretas.

3.2. NECESIDADES DE EQUIPAMENTO E DE INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS

- Dotar a aula específica de Polos creativos co equipamento e infraestrutura do proxecto.
 - Responsable: Equipo Directivo.
 - Indicadores do obxectivo: aula específica de Polos creativos.
 - Accións: solicitude do programa, habilitación dun espazo específico e realizar actividades concretas.
- Actualizar os equipos informáticos do centro.
 - Responsable: Equipo TIC.
 - Indicadores: porcentaxe de ordenadores actualizados.
 - Accións: falar coa UAC, habilitar equipos de sobremesa e comprar portátiles.

Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo.							
OBXECTIVO 1: (1)	Mellorar a formación do profesorado no uso do software libre.					Acadado	
Responsable:	Equipo TIC.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% Profesorado que utiliza habitualmente software libre.						
Valor de partida: (3)	Sen datos do claustro utilizando habitualmente software libre.						
Valor previsto e data: (4)	55% do claustro utilizando habitualmente software libre.				30/06/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO1.1: Solicitar curso sobre manexo de software libre.	Coordinador/a do PFPP.	22/12/22	Convocatoria do PFPP.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Crear na Aula Virtual un foro de dúbidas para ir solventando inconvincentes entre todos.	Coordinadora equipo TIC.	30/06/23	Foro creado en "Espazo profesorado".		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

29.4. AVALIACIÓN DO PLAN

Para a avaliación do Plan Dixital seguiremos as seguintes indicacións:

- No contexto de **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

29.5. DIFUSIÓN DO PLAN

A forma de dar a coñecer o Plan Dixital será a seguinte:

- Publicación na páxina web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipoutes/>) así como na aula virtual do mesmo.
- Dalo a coñecer a través da ANPA e do Claustro.

30.- ADDENDA E PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

COMPOSICIÓN.

Durante este curso escolar M^a Vanessa Outón Riomaso será a coordinadora deste equipo.

Tamén forman parte do equipo:

- Patricia Ferreira Lavandeira.
- M^a Carmen Peteiro Busto.
- M^a Carmen Horta Insua.
- Lara Correa Noya.

OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais que prevemos levar a cabo son:

Comunidade educativa

- Fomentar o emprego da lingua galega por parte da comunidade educativa.
- Acadar a normalización do galego na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa, comprometendo na tarefa de normalización ao maior número posible de membros da mesma.
- Propor actividades que melloren as competencias e actitudes lingüísticas da comunidade educativa, campañas publicitarias, exposicións, etc. tamén en colaboración co Departamento de Actividades Complementarias.
- Promover que se fomente máis a lectura de libros en galego
- Potenciar a presenza no centro da realidade galega, en especial a do propio patrimonio de Outes, en todas as súas vertentes: historia educativa, cultura, xeografía, patrimonio arquitectónico, etnografía, artes, folclore, lingua, literatura, economía...

Alumnado

- Garantir os dereitos lingüísticos dos alumnos galego falantes.
- Promover que se fomente máis a lectura de libros en galego
- Promover o uso do galego en ámbitos nos que ata agora non se emprega.
- Poñer en práctica as destrezas activas de escritura e fala.
- Investigar e coñocer o patrimonio de Outes: oral, cultural, xeográfico, arquitectónico, artístico, ...

Nais e Pais

- Promover a valoración do galego por parte das familias, como imprescindible na transmisión do idioma e na aprendizaxe do mesmo polos alumnos/as.
- Implicar ás familias no proceso de recoñecemento do noso Patrimonio.

Administración

- Velar polo cumprimento da lexislación en actas, anuncios, comunicados, horarios e materias en lingua galega.

Profesorado

- Deseñar as estratexias convenientes e os medios necesarios para o funcionamento do equipo de normalización e dinamización lingüística.

- Diseñar as actividades efectivas para conseguir a participación de docentes e alumnos/as, propoñendo traballos axeitados para acadar unha actitude positiva cara á lingua.
- Aportar materiais aos distintos niveis e ciclos, sobre contidos da realidade cultural galega para seren introducidos nas diferentes programacións e como **temas transversais** nas diferentes **celebracións e actividades complementarias**. Fomentando tamén a realización e divulgación de materiais de apoio en galego.
- Crear redes sociais do centro, nas cales se divulgará material elaborado polo equipo de EDNL, nas cales, podrán divulgarse distintas actividades realizadas, e poderán deixarse suxestións, opinións,...
- Facilitar ao profesorado información, materiais e medios, a través dos cales poden investigar sobre o patrimonio do noso concello.

ACTIVIDADES QUE SE VAN ORGANIZAR PARA A DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

- Creación e publicacións nas redes sociais do centro como contas de Instagram, bloques, onde predomine o uso do galego e aparezan colaboracións do alumnado.
- Manexo de programas informáticos didácticos en galego.
- Facilitarase o encontro do alumnado con persoaxes populares, ou de recoñecido prestixio, galegofalantes: magos, músicos, escritores, ilustradores... E tamén familiares, especialmente da terceira idade, en canto que atesouran unha importante bagaxe cultural, lingüística e experiencial, que poden compartir co alumnado e profesorado do centro. Ademáis de achegar ao centro diferentes asociacións do noso concello que fan un gran traballo de cara a recuperación de distintas artes, como “A Portela Vella” (elaboración de Sancosmeiros), e outras como “Terra de Outes”, “Tremuzo, historia e patrimonio”...
- Supervisar as producións escritas dirixidas a alumnado e familias para que se adecúen á normativa lingüística vixente.
- O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística programará ao inicio de cada curso un repertorio de actividades de dinamización sociolingüística, tendo en conta a realidade e os recursos con que conta o centro. Estas actividades quedarán recollidas no Plan de Potenciación da Lingua Galega e serán actualizadas cada ano mediante unha addenda ao Proxecto Lingüístico.

- O Equipo de Dinamización da Biblioteca tamén elaborará actividades e difundirá e fomentará o uso da lectura como fonte de pracer e aprendizaxe. Estas actividades aparecerán reflectidas no Proxecto Lector de Centro e cada ano serán recollidas mediante unha addenda a dito proxecto lingüístico.
- Conmemoración de distintas datas que teñen unha gran implantación na cultura tradicional galega e no uso e fomento da lingua como son:
 - O Samaín a finais de outubro.
 - O Magosto arredor do San Martiño.
 - O San Martiño coa semana do trompo.
 - O Nadal.
 - O Día da Paz.
 - O Entroido.
 - O Pampallín (30 abril).
 - As Letras Galegas.

Participarase nas xornadas de convivencia e xogos populares, tradicionais e autóctonos (en colaboración con outros centros educativos da contorna), así como, nas andainas a nivel interno, coa colaboración de diferentes mestres/as.

Ademais, tratarase de continuar coas xornadas de convivencia cos/as usuarios/as do Centro Ocupacional de Valadares, e cos/as do Centro de Día municipal, realizando diversos talleres de cestería, olaría, ..., actividades lúdicas e/ou xogos populares, bailes, etc.

Tamén se tentará realizar actividades en colaboración co Instituto do Concello e con algúns centros educativos de fóra da comarca.

DETERMINACIÓN DAS LINGUAS QUE SE UTILIZARÁN EN CADA ÁREA

No presente curso académico, 2022/23, de acordo coa decisión tomada polo claustro no curso 2010/11 para aplicar a normativa vixente, as linguas nas que se imparten as diferentes áreas quedan do seguinte xeito:

E.INFANTIL.

Na etapa de E. Infantil a lingua vehicular será o galego, xa que é a lingua materna maioritaria das familias do noso alumnado. Ademais de utilizar a lingua castelá na lectura de contos, algunhas cancións,... Ademais como lingua estranxeira traballarase a lingua

inglesa en dúas sesións semanais. Unha sesión tratarase da materia de lingua inglesa e ademáis, trala aprobación do Programa de Pluriinfantil, no curso 2018-19, impartirase 1 sesión semanal dunha área non lingüística, que abordará contidos plásticos e audiovisuais dentro da área de Linguaxe, comunicación e representación.

E. PRIMARIA.

	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS
1º NIVEL	Lingua Galega (4) Ciencias Naturais (2) Ciencias Sociais (3) Música (1) Relixión/PC (1)	Lingua Castelán (4) Matemáticas (5) Educación Física (2)	Lingua estranxeira: inglés (2) Arts (1)
	11	11	3
2º NIVEL	Lingua Galega (4) Ciencias Naturais (2) Ciencias Sociais (2) Música (1) Relixión/VSC (2)	Lingua Castelán (4) Matemáticas (5) Educación Física (2)	Lingua estranxeira: inglés (2) Arts (1)
	11	11	3
3º NIVEL	Lingua Galega (4) Ciencias Naturais (3) Ciencias Sociais (2) Música (1)	Lingua Castelán (4) Matemáticas (4) Educación Física (2) Relixión/PC (1)	Lingua estranxeira: inglés (3) Arts (1)
	10	11	4
4º NIVEL	Lingua Galega (4) Ciencias Naturais (2) Ciencias Sociais (2) Música (1) Libre configuración (1)	Lingua Castelán (4) Matemáticas (4) Educación Física (2) Relixión/AE (1)	Lingua estranxeira: inglés (3) Arts (1)
	10	11	4
5º NIVEL	Lingua Galega (4) Ciencias Naturais (2) Ciencias Sociais (2) Música (1) Educación Física (2)	Lingua Castelán (4) Matemáticas (5) Relixión/PC (1)	Lingua estranxeira: inglés (3) Arts (1)
	11	10	4
6º NIVEL	Lingua Galega (3) Ciencias Naturais (2) Ciencias Sociais (3) Música (1) Educación Física (2)	Lingua Castelán (3) Matemáticas (5) Relixión/AE (1) Libre configuración (1)	Lingua estranxeira: inglés (3) Arts (1)
	11	10	4

MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO ESCOLAR E EDUCATIVO

- Uso do galego como lingua vehicular no eido administrativo do Centro, tanto na súa relación coa administración como coa comunidade educativa.
- Erradicación do emprego sexista ou discriminatorio da lingua galega e castelá en calquera ámbito.
- Uso do galego como lingua vehicular nas relacións mutuas e internas do profesorado, nas relacións entre profesorado e alumnado, nas relacións entre profesorado e familias, nas relacións entre profesorado e as administracións territoriais e locais galegas e demais entidades públicas e privadas de Galicia, na redacción de documentación administrativa e informes educativos tanto internos como externos, agás as comunicacións con organismos radicados fóra da comunidade autónoma.
- Adquisición progresiva da lectura e escritura en galego.
- Uso do galego en relación con contextos vivos que fagan sentir ao alumnado e entorno a utilidade da lingua galega. Asociar a lingua galega con actividades actuais e con consideración e prestixio social, de xeito que se perciba como algo máis que unha materia de estudo.
- Apoio á compra e realización de materiais didácticos de uso habitual en galego.
- Liberdade de elección do idioma na escolla de libros da biblioteca, para a lectura persoal.
- O equipo de Biblioteca, apoiado pola dirección do centro, impulsará a dinamización da biblioteca escolar, para convertela nun axente dinamizador de primeiro orde na vida escolar, con conexión ás familias, favorecendo a adquisición das distintas competencias e en especial a competencia lectora, tanto en galego como en castelán. Todo isto apoiándonos no Proxecto Lector de Centro.
- Impulsar a coordinación con outros centros de primaria a nivel de Equipos de Normalización e Dinamización Educativa.
- Facilitar desde a dirección do centro o labor do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, como programador de actividades e impulsor e dinamizador da lingua galega. Nel están representados os distintos ciclos.
- Facilitar desde a dirección do centro o traballo desenvolvido polo equipo de Biblioteca, que realiza un labor moi importante de cara as actividades de fomento da lectura.

MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSIANZAS QUE SE LLE IMPARTEN

Proponse poñer en marcha unha serie de medidas para garantir que o alumnado que presente dificultades na adquisición dos obxectivos debido a un dominio insuficiente das linguas solvete este problema:

Logo dunha valoración inicial por parte do/a titora correspondente elaborárase e porase en práctica un plan de traballo individualizado para reforzar o dominio das linguas, por parte do titor dentro da propia aula.

Desde o Departamento de Orientación organízanse unha serie de apoios, tendo en conta as características individuais do/a neno/a, estes apoios serían feitos por profesorado que imparte clase no mesmo nivel educativo e serían na aula ordinaria.

Nos casos que se considere oportuno este apoio poderá ser especializado, e este alumnado acudiría á aula de Audición e Linguaxe ou Pedagogía Terapéutica. A lingua usada será, nestes casos, a lingua materna do/a alumno/a.

A distribución horaria dos apoios será variable segundo a evolución dos alumnos/as e a dinámica do centro.

A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.

Para os casos de alumnado procedente doutros países, logo de avaliar cada caso de xeito individualizado organizaranse unha serie de apoios por parte do profesorado que imparte docencia neses niveis ademais se fose necesario crearíase un grupo de adquisición de linguas.

31.- PROGRAMACIÓN DO PROXECTO PLURILINGÜE E PLURINFANTIL

XUSTIFICACIÓN

Dende o curso 2010-2011 o Centro participa na convocatoria da Consellería de Educación para a constitución de centros Plurilingües. A área na que se imparte o Programa é a Educación Artística (Plástica).

A partir do curso 2016- 2017 o Centro participa na convocatoria de Plurinfantil, polo que todo o alumnado ten docencia de Plástica en Lingua Estranxeira (Inglés)

A Orde do 12 e maio de 2011 regula o funcionamento e establece o procedemento para a incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia. Segundo esta Orde, terá consideración de Centros Plurilingües aqueles centros en que se impartan en lingua estranxeira áreas ou materias non lingüísticas, cunha carga horaria total impartida en lingua estranxeira de ata un tercio do horario lectivo do grupo de alumnado.

Disponse de profesorado coa especialidade axeitada para impartir a devandita área e seguiranse as liñas propostas para a unificación de criterios no tratamento das linguas que se recolle no Proxecto Lingüístico do Centro

Coa participación no Programa de Centros Plurilingües preténdese o fomento da pluralidade lingüística e cultural no centro educativo para lograr unha integración progresiva do alumnado nun contexto global e favorecer a transferencia de coñecementos e competencias dunha lingua a outra. Polo tanto, o proceso de ensino e aprendizaxe lévase a cabo nun contexto plurilingüe, é dicir, en lingua galega, castelá e inglesa.

Ao constituírse como Plurilingüe o Centro asume o compromiso de participar nas actividades de formación convocadas pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, ademáis de comprometerse nos procesos de avaliación do centro que a tal fin se determinen.

ADSCRIPCIÓN

A continuación detállase o profesorado implicado neste Proxecto:

- Irene Formoso Barreiros, mestra especialista de EI e que imparte Arts and Crafts en EI.
- Daniel Rodríguez Gándara, mestre especialista en música, que imparte Arts and Crafts en 1º e 2º de EP.
- María del Carmen Horta Insua, docente da área de Lingua Estranxeira en toda a etapa de Infantil, e en 1º, 2º e 3º de Primaria. Tamén é a persoa encargada de coordinar o Programa.
- Eva Arias Rodríguez, quen impartirá Educación Artística en 3º A e B de Primaria.
- Adrián Rivero Iglesias, docente da área de Educación Artística (Plástica) en 4º, 5º e 6º de EP. Nestes mesmos cursos impartirá tamén Lingua Estranxeira.
- Akash Tirkey, auxiliar de conversa procedente de India, con dezaseis horas de docencia semanais, a repartir entre tódolos cursos de Infantil e de Primaria. Permanecerá adscrito ao Centro dende o 1 de outubro ata o 31 de maio.

CALENDARIO DE REUNIÓNS

O Equipo Plurilingüe de Centro reunirase semanalmente, este curso os luns a 5º hora. Para levar a cabo o Proxecto Plurilingüe do Centro é moi importante a coordinación entre os mestres especialistas en lingua estranxeira e o resto de profesorado implicado. Ademais, tamén é imprescindible a coordinación co mestre especialista en Música (sobre todo para levar a cabo a avaliación do alumnado) e o Equipo de Dinamización das Linguas.

OBXECTIVOS DO PROXECTO PLURILINGÜE

Dende o Equipo Plurilingüe do Centro plantéxanse estes obxectivos para o curso académico:

- Potenciar as destrezas orais do alumnado na Lingua Estranxeira, tanto na clase de Inglés como na de Plástica.
- Contribuir ao desenvolvemento das competencias que indica o Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o Currículo da Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia.
- Participar nas actividades complementarias con cancións, representacións ou outro tipo de propostas que implique a expresión tanto oral como escrita.
- Incorporar a figura da persoa auxiliar de conversa como unha mestra máis, encargada de fomentar a escoita e a fala en lingua inglesa.
- Avaliar os recursos existentes e elaborar materiais manipulativos.
- Dotar as actividades en lingua inglesa de maior significatividade para o alumnado.
- Realizar actividades plásticas con material de refugallo sempre que sexa posible.
- Colaborar nos procesos de avaliación do alumnado e do centro que ao respecto determine a Consellería de Educación.
- Coordinarse co Equipo de Dinamización das Linguas para levar a cabo as actividades que se plantexen no centro.
- Participar na maior cantidade posible de conmemoracións con especial incidencia nestas datas, tal e como se regula na Orde de 20 de maio de 2022:
 - Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
 - Día Escolar da non Violencia e a Paz
 - Día Internacional da Muller

Tamén se celebrarán máis especialmente outras festividades da cultura anglosaxona. En concreto:

- Thanksgiving Day, o cuarto xoves de novembro
- Easter, 8 de abril.

A persoa coordinadora do Proxecto, xunto coa persoa auxiliar de conversa, deberán acudir ás xornadas de acollida que se convocan a principio de outubro . A finais de curso a persoa coordinadora realizará a avaliación do Proxecto e unha proposta de boas prácticas, xunto coa persoa auxiliar de conversa.

FUNCIÓNS DA PERSOA AUXILIAR DE CONVERSA

A persoa auxiliar de conversa incorpórase ao centro o 1 de outubro e remata o 31 de maio, cunha docencia semanal de dezaseis horas.

As funcións das persoa auxiliar de conversa están recollidas na Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa, e son as seguintes:

- a) Posibilitar a práctica da conversa oral na lingua estranxeira obxecto de estudo do alumnado.
- b) Achegar ao alumnado e o profesorado á cultura do país onde se fala a lingua estranxeira, mediante a presentación de temas de actualidade e actividades lúdicas.
- c) Proporcionar un modelo de corrección fonética e gramatical na lingua estranxeira correspondente.
- d) Colaborar co profesorado na elaboración de materiais didácticos.
- e) Colaborar nas actividades e nos proxectos internacionais en que participe o centro
- f) Apoiar o alumnado cos medios informáticos ou audiovisuais necesarios para a mellora da lingua oral.
- g) Calquer outra relacionada coa lingua estranxeira obxecto de estudo, que lle sexa encomendada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- h) Ao constituirse como Plurilingüe, o Centro asume o compromiso de participar nas actividades de formación e colaborar nos procesos de avaliación do alumnado e do centro que ao respecto determine a Consellería de Educación.

AVALIACIÓN DO PROXECTO

A persoa coordinadora do programa, coa participación do profesorado implicado no programa, deberá elaborar unha memoria ao remate do curso escolar para a súa integración na memoria anual do centro. Ademais, enviarase á Consellería un informe de avaliación do Programa, onde se valoran os seguintes puntos:

- 1- Información sobre o traballo realizado pola persoa auxiliar (implicación, interese, coordinación, aptitude pedagóxica, motivación)
- 2- Valoración da consecución dos obxectivos e funcionamento do Programa de Centros Plurilingües.
- 3- Valoración do grado de dificultade atopado na adaptación curricular.
- 4- Aspectos positivos do programa.
- 5- Propostas de mellora.

32.- PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA NOS QUE PARTICIPA O PROFESORADO DO CENTRO

Os programas de innovación educativa nos que participa o centro son os seguintes:

Dentro do Plan Proxecta:

- **Proxecto de vida activa e deportiva (PVAD)**

Dentro dos Contratos-Programa os solicitado neste curso escolar son:

- CPInclúe:

- **QUÉDA-T**
- **IGUALA-T**
- **CONVIVE-T**
- **INCLÚE-T**
- **EMOCIONA-T**

- CPInnova:

- **EDUinnova.**
- **EDUexcelencia.**
- **EDUsaúde.**
- **EDUsostenibilidade.**
- **EDUcalidade.**

Outros:

- Dentro da Biblioteca:
 - **PLAMBE.**
 - **Bibliotecas creativas.**
 - **Bibliotecas solidarias.**
 - **Voluntariado de lectura.**
 - **Radio na Biblio.**
 - **Club de Lectura,**
 - **Lecturas e familias.**
 - **LIA 3 21/25.**

- **PLAN DIRECTOR** para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nas súas contornas.

- Club de Ciencia.

- Plan de Formación Permanente del Profesorado, con dous itinerarios:
 - **Matemáticas manipulativas.**
 - **PLAN DIXITAL.**

33.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO NEAE

33.1. PLAN DE ORIENTACIÓN

1. Introducción e xustificación:

A orientación educativa está inmersa no proceso educativo, orientar consiste en estruturar de xeito máis personalizado e integral o proceso de ensino-aprendizaxe. Dende esta perspectiva, **orientación** e **educación** comparten o mesmo fin: o **pleno desenvolvemento do alumnado** e a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais.

O **Departamento de Orientación** é o **recurso organizativo**, técnico e material **que apoia a función orientadora e titorial do profesorado**, un órgano de planificación e coordinación que constitúe un instrumento de apoio e dinamización, favorecedor da mellora da calidade educativa.

A **orientación** debe ser entendida, polo tanto, como un **proceso que inclúe a toda a comunicade educativa**, que debe garantirse dende as primeiras idades do alumnado, permitindo así a **prevención e detección temperá das súas dificultades** tanto no desenvolvemento persoal ou da aprendizaxe. Sempre co obxectivo final de acadar unha integración persoal, escolar e social do noso alumnado e o desenvolvemento competencial.

O **Plan de Orientación** trata de **partir das necesidades do noso centro** para garantir unha orientación e asesoramento permanente ao alumnado, ao profesorado e ás familias. É un **plan flexible**, no sentido de que o **desenvolvemento e a avaliación constante do mesmo** posibilitánnos **responder de modo máis axeitado ás necesidades existentes** e, a súa vez, ás necesidades que aparezan ao longo do curso escolar.

A **diversidade** é unha **realidade da nosa sociedade** e demanda da educación unha resposta axeitada ás necesidades particulares de cada individuo. Todo proceso educativo implica aprendizaxe, pero **cada persoa constrúe novas aprendizaxes segundo** as súas **características persoais** (coñecementos previos, experiencias, capacidade...) e a influencia que exercen sobre ela factores de tipo social (contorna sociofamiliar, relacións, cultura...)

A **atención á diversidade** é unha das premisas que **debe guiar** a intervención do **Departamento de Orientación** e que fará que se **axuste a resposta educativa ás diferentes necesidades do alumnado**, facilitando recursos ou estratexias que permitan dar resposta á diversidade de demandas. Dentro do principio de atención á diversidade, a **atención** integral ao **alumnado con NEAE** iniciárase dende o mesmo **momento en que dita necesidade sexa identificada** e rexeráse baixo os principios de **normalización e inclusión**.

Partimos das indicacións do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación modificada pola Lei orgánica 3/2020, e da e da Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve dito Decreto.

2. Departamento de Orientación.

1. Situación e equipamento:

O DO conta cunha **dependencia no edificio de dirección e administración**. Dispón do seguinte mobiliario: 1 mesa, cadeiras, andeis, archivador, ordenador de sobremesa e portátil.

2. Recursos:

Respecto ao aspecto económico conta cunha **partida** que se detrae **do presuposto xeral do Centro**.

- **Material psicopedagóxico**: Cóntase con diversas **probas de avaliación** para as etapas de **Infantil e Primaria** e para as distintas áreas: psicomotriz, cognitiva, de personalidade, lingüística, madurez para as aprendizaxes.

- **Materiais de apoio e reforzo**: Lectura, escritura, razoamento lóxico, desenvolvemento motor e perceptivo, atención, memoria, problemas de conduta, autoconcepto e autoestima, habilidades sociais.

- **Bibliografía** especializada.

3. Membros do departamento:

- Coordinadora do 2º ciclo de Educación Infantil: Irene Formoso Barreiro

- Coordinadora de Educación Primaria: *María del Carmen Gómez Ríos*

- Profesora especialista en Audición e Linguaxe: *Ana Bermúdez Gómez*

- Profesor especialista en Pedagogía Terapéutica: *Jorge García García*

- Xefa do departamento de orientación: *María del Carmen González Iglesias*

3. Funcións do Departamento de Orientación.

- **Valorar as necesidades educativas**, no ámbito da orientación do alumnado da contorna e **deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención**.

- **Elaborar as propostas do plan de orientación académica** e do **plan de acción tutorial**, incidindo no desenvolvemento, persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecendo soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

- **Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PE**, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención do alumnado con NEAE e nos principios de avaliación formativa e na adecuación dos criterios de promoción.
- **Deseñar accións encamiñadas á atención temperá**, se é o caso, do alumnado e a **prevención de dificultades de aprendizaxe** e problemas de desenvolvemento.
- **Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade**.
- **Facilitarlle á comunidade educativa o apoio e o asesoramento** necesarios para que o alumnado poida afrontar adecuadamente os momentos escolares de maior dificultade.
- **Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos** no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
- **Impulsar a participación do profesorado en programas de innovación educativa** nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e outros relacionados co seu ámbito de actuación.
- **Promover a cooperación entre o centro e as familias**, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos/as.
- **Establecer canles de comunicación con outros servizos** e institucións no ámbito das súas competencias.

4. Funcións da Xefatura do Departamento.

- **Dirixir e coordinar as actividades** e actuacións propias do **departamento de orientación**.
- **Responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento**, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.
- **Representar o departamento na comisión de coordinación pedagóxica**.
- **Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento** e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- **Asistir ás reunións do departamento de orientación do instituto de educación secundaria** ao que está adscrito.
- **Velar pola confidencialidade dos documentos** se é o caso.
- **Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación**, así como a **adquisición de material e equipamento específico**, velando polo seu uso correcto e conservación.

- **Realizar as avaliacións psicopedagógicas**, asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade e responsabilizarse, cando cumpra, da **elaboración do informe psicopedagógico**.
- **Coordinar**, en colaboración co profesorado de apoio, a **atención do alumnado con NEAE**.
- **Participar nas sesións de avaliación** para o **deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas** que permitan a coherencia das respostas educativas.

5. Obxectivos.

A partir da nosa concepción da orientación e das funcións recollidas nas disposicións legais de referencia, destácanse como **obxectivos** do departamento os seguintes:

- **Realizar as avaliacións psicopedagógicas** do alumnado con NEE para o posterior **deseño e aplicación das** correspondentes **ACS e medidas** de reforzo que procedan.
- **Coordinación entre os diversos equipos docentes** de ciclo/nivel.
- **Coordinar** en colaboración co profesorado de apoio **a atención ao alumnado con neae**.
- **Accións** para a atención temperá e a **prevención de dificultades** de desenvolvemento e aprendizaxe.
- **Ofertar soporte técnico** ás actividades de titoría, fundamentalmente no referente a: **clima de relacións na aula, actividades de dinámica de grupos, autoestima e formación en valores**.
- **Promover a elaboración de programas preventivos:** Lectura comprensiva, atención, concentración, habilidades sociais.
- **Contribuír** a que a avaliación no centro se desenvolva segundo os principios de avaliación inicial, continua, formativa e orientadora.
- **Recompilación** e rexistro de **material bibliográfico**, psicopedagógico, de apoio e reforzo educativo.
- **Participar na revisión do PE** e asesoramento sobre aspectos organizativos, pedagóxicos e de avaliación e promoción.
- **Promover a cooperación entre familia e escola** na educación dos nenos/as.

- **Coordinación con outras institucións** e organismos de intervención socioeducativa: IES, Servizos sociais ou diversos servizos externos aos que acode o noso alumnado.

6. Actuacións.

6.1 Medidas de atención á diversidade.

- ATENCIÓN XERAL:

Como norma xeral, **o profesorado adaptará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a**, o que pode traducirse nunha **flexibilización metodolóxica**, organizativa e de cooperación familiar. Así, haberá alumnos e alumnas que requirirán exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos; outros/as aos/ás que lles haberá que encomendar certas responsabilidades; outros/as que necesitarán estar nun grupo específico dentro da aula, do que recibirán as axudas que precisan; outros/as aos/ás que haberá que poñer frecuentemente en situación de éxito, etc.

En síntese, trátase de que **a cada alumno e alumna se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos** e dentro da súa **zona de desenvolvemento próximo** e se **respecte o seu ritmo de aprendizaxe**, no ánimo de que cada quen vai reconstruíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións, como se contempla no propio Plan de Acción Titorial, **é necesario que o/a titor/a estableza unha rede coordinadora** entre o distinto profesorado (equipo docente); que **coñeza a situación persoal de cada alumno/a**, os principais datos evolutivos e de saúde, **o estilo e o ritmo de aprendizaxe** de cada quen; que reflexione sobre a metodoloxía máis adecuada para cada neno/a respecto do seu achegamento ao currículo; que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula e que **demande asesoramento do departamento de orientación** cando a precise.

- ATENCIÓN NO CASO DO ALUMNADO CON NEAE

Na atención daquel alumnado con NEAE poden establecerse diferentes vías de apoio dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, poñendo énfase na detección temperá do **alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria**, por:

- Necesidades educativas especiais.
- Retraso madurativo.
- Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación.
- Trastornos de atención ou de aprendizaxe.
- Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.
- Atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa.
- Polas súas altas capacidades intelectuais.
- Por terse incorporado tarde ao sistema educativo.
- Por condicións persoais ou de historia escolar.

Implementaranse atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou de trastornos graves da conduta, da comunicación e da linguaxe, e medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso do alumno/a, dentro dos principios de inclusión e normalidade.

a) Medidas ordinarias.

Considéranse **medidas ordinarias de atención á diversidade** todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e das características do alumnado. Estas medidas teñen como **finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe** e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Entre as **medidas ordinarias de atención á diversidade** inclúense:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas.
- Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de adaptación educativa e convivencia e medidas de actuación destinadas á mellora da convivencia.
- Desdoblamento de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- l) Programas de recuperación.
- m) Programas específicos personalizados.
- n) Programas de habilidades sociais.

Reforzo Educativo (RE): Son **medidas que o/a propio/a mestre/a diseña e aplica na aula** co alumnado que ten dificultades de seguimento da programación diaria. O reforzo educativo dentro das aulas é un dos puntais básicos da labor obrigatoria dos/as titores/as. Para este labor poden solicitar asesoramento por parte do Departamento de Orientación.

b) Medidas extraordinarias.

Son todas aquelas **dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario** e/ou supoñer **cambios esenciais no ámbito organizativo**, así como, de ser o caso, nos **elementos de acceso** ao currículo ou na **modalidade de escolarización**. **Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario** ou por resultar estas insuficientes.

Considéranse medidas extraordinarias e atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para a asistencia continuada ao centro.
- f) Grupos de adquisición das linguas.
- g) Grupos de adaptación da competencia curricular.

-Adaptación curricular (AC)

Para levar a cabo unha AC **é preciso ter esgotado as medidas de reforzo ordinario**.

Os **pasos** a seguir no relativo a **elaboración dunha AC** son os seguintes:

- 1) Comprobar que se esgotaron todas as medidas de reforzo ordinario.

2) Realizar a avaliación diagnóstica.

3) O xefe/a de estudos coordina unha reunión á que asisten o/a titor/a, o profesorado que imparte clase ao alumno nas materias obxecto de adaptación, e a orientadora. Nesta reunión decídese a pertinencia ou non da ACS así como dos elementos a adaptar.

4) Elaboración da ACS nas áreas ou materias acordadas e solicitarase a preceptiva aprobación pola inspección educativa.

7. Criterios de utilización dos servizos de apoio.

Tendo sempre como referente os **principios de integración e normalización**, a xefa do departamento de orientación **determinará as medidas de atención á diversidade que procedan co alumnado con NEAE** e establecerá, en coordinación coa xefatura de estudos, o profesorado de apoio e o titor/a, o horario de atención de dito alumnado así como as distintas modalidades de axuda.

Tratarase de **conseguir a medida máis integradora para o alumnado**, considerando o reforzo na propia aula ou, se é necesario, fóra desta.

8. Avaliación psicopedagóxica.

1. Proceso nas avaliacións psicopedagóxicas:

- Detección do problema: Mediante o informe do profesor/a titor/a (folla de demanda).
- Revisión e análise de datos.
- Observación.
- Entrevistas.
- Se é o caso, análise de traballos escolares.
- Avaliación do desenvolvemento e da competencia curricular.
- Proposta de medidas a adoptar e orientacións.
- Intervencións.
- Seguimento.

- O **proceso de avaliación psicopedagóxica** tería a seguinte secuencia:
 - Demanda.
 - Concertación de entrevista co/a profesor/a-titor/a. Observación de cadernos de traballo do alumno/a.
 - Entrevista.
 - Primeira valoración.
 - Entrevista cos pais/nais (cando sexa preciso) e deseño de intervención provisional en colaboración co profesor/a-titor/a.
 - Intervención directa (alumno/a-orientadora), previa conformidade dos pais/titores, a fin de realizar unha valoración psicopedagóxica máis exhaustiva:
 - Observación do alumno/a en distintas situacións.
 - Recollida de información doutro profesorado.
 - Realización da avaliación a través de probas e test.
 - Valoración e resume de intervención.
 - Deseño de intervención consensuada en reunións co profesorado implicado e adopción de medidas educativas necesarias.
 - Se a situación require, elaboración do correspondente informe psicopedagóxico.

Preténdese, por unha banda, **desenvolver actuacións preventivas** e potenciadoras, e por outra banda **actuacións correctivas** nos casos que así o precisen. Ao mesmo tempo manterase unha **estreita colaboración con outros servizos educativos e profesionais que participen na atención do alumnado**, cos **servizos sociais**, de **sanidade**, etc., coa finalidade de establecer pautas comúns de actuación e de coordinación.

9. Proposta de planificación xeral de actividades.

Na planificación e definición de **accións prioritarias** indícanse tres grandes ámbitos de actuación.

9.1 Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.

- **Colaboración e participación** nas decisións xerais do **PE**.

- **Asistencia ás sesións de avaliación** para contribuír ao carácter formativo e continuo da mesma así como aportar información de utilidade sobre o alumnado relacionado co departamento de orientación.
- **Organizar e coordinar os apoios.**
- **Colaboración** ca **Comisión de Coordinación Pedagóxica** para precisar aspectos sobre a atención á diversidade.
- **Tramitar a demanda** de atención **psicopedagóxica** a través dos titores/as.
- **Realizar as avaliacións psicopedagóxicas** do alumnado con neae.
- Faranse as correspondentes avaliacións destes nenos/as de acordo con **criterios de prioridade** en base a:
 - Características das necesidades.
 - Grao de adaptación e integración no grupo.
 - Nivel escolar.

Unha vez realizadas as avaliacións, o DO colaborará e **asesorará aos titores/as** e demais mestres/as **na elaboracións das ACs e medidas de reforzo** que procedan realizando un seguimento da evolución destes nenos/as.

Para o seguimento celebraranse **reunións periódicas** de todo o **profesorado implicados** co fin de cohesionar pautas de intervención e valorar posibles incidencias na evolución deste alumnado.

En canto ás actuacións en relación co **alumnado** serían, entre outras:

- Abordar **problemas e dificultades na comprensión e velocidade lectora**, así como na **expresión escrita** e as **matemáticas** (áreas instrumentais). Realizaranse actividades de reforzo para a aula e a casa en función das necesidades detectadas durante o primeiro período de observación polo profesorado.

Tentarase **implicar os pais/nais** nestas **actividades de reforzo** e apoio ás aprendizaxes. A atención á diversidade levarase a cabo a través fundamentalmente das opcións seguintes (en función das características e necesidades do alumno/a):

- **Apoio polos/as mestres/as especialistas de PT e AL dentro da aula** xunto co resto do alumnado do grupo.
- **A atención individual fóra da aula ordinaria por parte dos/as mestres/as especialistas de PT e AL** terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da

terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea.

Da atención excepcional fóra da aula á que se refire o parágrafo anterior, exclúense as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Neste caso, esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.

- **Medidas de reforzo na aula ordinaria** a cargo do profesor/a titor/a ou de área.
- **Actividades** específicas de **reforzo individual** ou en **pequeno grupo** de nenos/as atendidos polo seu titor/a ou por outro profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Proposta de traballo nas aulas de **programas específicos de atención e concentración**.
- Traballo de **estratexias de comprensión lectora**.

Respecto ao **profesorado** as principais propostas son:

- **Reunión con titores/as** e equipos docentes para sistematizar a **detección de alumnado con NEE** e realizar o seguimento da súa evolución.
- **Coordinación dos titores e profesores de apoio** dos nenos/as con neae.

Polo que respecta aos **pais/nais**:

- **Cooperar na relación titores-familias** para a **solución de problemas** que afecten aos seus fillos/as.
- **Información e seguimento** periódico coas **familias** de nenos/as con neae. En caso de que volvamos a vivir novas **situacións confinamento** facilitarase a **información e atención** a través de **medios telemáticos**: teléfono, *correo electrónico* e *aula virtual* do centro, na que xa se publican algúns **contidos** que poden resultar **útiles ás familias**: *pautas para as familias, recursos de educación emocional, recursos para alumnado con dificultades de aprendizaxe, recursos para alumnado con Altas Capacidades, etc.*
- **Colaboración e participación** na **elaboración** do *Plan de Adaptación Covid-19*, en especial na organización e atención ao alumnado con NEAE e NEE.

9.2. Plan de Acción Titorial.

Faise referencia ás principais **funcións que deberán levar a cabo os mestres/as-titores/as** como principais axentes da acción titorial:

- **Facilitar a integración do alumnado** no seu grupo clase e no conxunto da dinámica escolar.
- Contribuír á **personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe**.
- **Observación inicial do alumnado**: Valoración do titor/a do nivel de coñecementos do grupo. Revisión da documentación académica e psicopedagóxica (informes individualizados de final de ciclo, etc).

O Departamento de Orientación facilitará ou aplicará, se é o caso, **instrumentos e probas de avaliación** (rexistros, escalas de observación...).

- Efectuar un **seguimento global dos procesos de aprendizaxe** para **detectar NEAE**, ao obxecto de articular respostas educativas axeitadas, e recadar, no seu caso, os oportunos asesoramentos e apoios.
- **Fomentar actitudes participativas** no grupo.
- **Favorecer** no alumno/a o **coñecemento e aceptación de si mesmo**, así como a **autoestima** cando estea diminuída por fracasos escolares ou de outro xénero.
- **Contribuír ao desenvolvemento das liñas comúns** de acción cos demais titores/as no marco do proxecto educativo.
- **Manter informadas ás familias** de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos/as.

Como accións encamiñadas á atención temperá e a prevención de dificultades de desenvolvemento e aprendizaxe procurarase polo DO unha **incidencia especial nos primeiros anos de escolarización** en canto aos aspectos seguintes:

- **Detección de problemas de linguaxe oral**. Exploración e rexistro individual de alteracións na articulación. Intervencións para a corrección.
- **Valoración do grao de dominio de conceptos básicos** en nenos/as de Educación Infantil.
- Programa de **actividades de desenvolvemento da conciencia fonolóxica** para favorecer o acceso á lectura.

- **Detección de dificultades** no dominio das técnicas instrumentais e planificación de actividades de reforzo.
- **Integración do alumnado** no grupo.
- Traballo de **habilidades sociais e de convivencia** no grupo.
- Programas de **desenvolvemento da autoestima**.
- **Asesoramento sobre** técnicas de traballo intelectual e **hábitos de estudo e dinámica de grupos**.
 - **Información ao alumnado** que rematan a etapa de Primaria sobre os estudos posteriores: ESO.
 - En relación coas **familias**:
 - Contribuír ao **establecemento de relacións fluídas** cos pais/nais.
 - Información e **seguimento periódico** cas familias de nenos/as con NEAE.

9.3. Plan de habilidades sociais.

O obxectivo do **Plan de habilidades sociais** é **iniciar aos rapaces no entreno das habilidades sociais** básicas que favorecen a convivencia dentro e fóra do centro. A nosa proposta consiste en que os **titores introduzan transversalmente os contidos** necesarios a través das materias curriculares e nas propias dinámicas de organización e convivencia na propia aula, incidindo nos seguintes obxectivos:

- **Ensinar/aprender a discriminar as condutas axeitadas e desaxeitadas.**
- **Ensinar/aprender a escoitar aos demais.**
- Comprender porqué **é preciso manter unha orde razoable** para convivir.
- **Empatizar cos sentimentos** dos demais.
- **Establecer normas consensuadamente.**
- Aprender a **responsabilizarse da propia conduta.**
- **Colaborar no mantemento das normas.**
- **Observar as consecuencias da boa-mala conduta** no grupo/clase.
- **Aprender a respectar e comprender aos demais** para tamén ser respectado.

10. Reunións.

Os membros do Departamento con destino no propio centro **reuniranse o 1º luns de cada mes**, de 17:00 a 18:00 horas sen prexuízo das reunións necesarias que veñan determinadas por incidencias que o xustifiquen.

Celebraranse tamén **reunións por titorías** ou niveis para **seguimento da evolución do alumnado con NEAE**, nas que participará o profesorado titor (se é o caso tamén o de área), profesorado de apoio e xefa do DO.

Ademais **realizaranse as reunións entre a xefa do DO co profesorado de apoio e cos titores/as que resulten necesarias** ao longo do curso para o seguimento da evolución do alumnado con NEAE, así como a resolución de posibles incidencias na evolución escolar dos alumnos e alumnas.

Farase un seguimento da posta en **práctica do plan**, ao longo das reunións establecidas, para a valoración e adopción das modificacións oportunas.

11. Avaliación do plan.

Para realizar a **avaliación** e o **seguimento** do plan teranse en conta as observacións e conclusións dos diferentes membros da comunidade educativa, os diferentes **recursos de avaliación** e **autoavaliación**, os resultados acadados e as **diferentes propostas ou críticas** de todos os implicados na acción orientadora ao longo de cada curso.

A avaliación deste plan **realizarase a finais de curso por parte do Departamento de Orientación**, o cal **realizará unha memoria-avaliación** da implementación do plan e **das modificacións introducidas**. Ao mesmo tempo, **emitirase un informe de valoración coas suxestións** a considerar no **curso seguinte**.

12. Memoria Final.

Ao remate do curso escolar elaborarse unha memoria descritiva sobre a actividade realizada e cunha **valoración dos distintos aspectos do plan**.

33.2. PROGRAMACIÓN DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

INTRODUCCIÓN

O presente documento é a programación de de pedagogía terapéutica, na que se recollen as contribucións ás competencias básicas, ao conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación, que desenvolverán e regularán a práctica educativa durante o curso 2022/23.

De acordo coas disposicións xerais que se establecen no Decreto 229/2011 de 7 de decembro que regula a atención á diversidade do alumnado en Galicia, a intervención do profesorado especialista en PT deberá contribuír á adecuación da resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado e máis concretamente do alumnado con necesidades específicas de atención educativa.

Os principios de normalización e inclusión, sectorización, flexibilidade e accesibilidade e individualización son os eixes básicos da educación do alumnado con ACNEAE. Neste enfoque de intervención psicopedagóxica queda claro que a inclusión implica a necesidade de formar ao profesorado, a elaboración de adaptacións curriculares, a orientación e intervención psicopedagóxica, a innovación e investigación educativa dos procesos integradores, a adaptación dos recursos humanos e materiais e a propia avaliación da práctica docente, o que vai incidir nunha mellora da ensinanza.

ANÁLISE DAS NECESIDADES DO ALUMNADO

A identificación das necesidades do noso alumnado determínase a través da análise sistemática e individualizada da información persoal e académica que realizan os membros do equipo docente, así como da información que se recolle na avaliación inicial e psicopedagóxica, de ser o caso.

As necesidades nas que se incidirá dende o ámbito da Pedagogía Terapéutica son as que seguen:

- Necesidade de traballar habilidades sociais, autonomía, emocións... motivado polo elevado número de problemáticas relacionadas con situación de risco de exclusión social.
- Necesidade de mellorar a comprensión e razoamento xa que están dificultando a adquisición dunha boa competencia curricular nas áreas de matemáticas e lingua galega e castelá.
- Necesidade de reforzar as aprendizaxes básicas, facendo fincapé naquelas de carácter máis funcional, que favorezan a adquisición das competencias clave.
- Necesidade de mellorar o nivel de atención e concentración coa finalidade de seguir ás explicacións dos mestres así coma o desenvolvemento dunha determinada actividade (focalización e mantemento da atención).
- Necesidade de involucrar ás familias no proceso educativo dos seus fillos/as.

- Necesidade de manter unha boa coordinación co resto dos mestres e mestras do centro, principalmente, co profesorado que titoriza ACNEAE.
- Necesidade de coordinarse coas familias e cos servizos externos que tamén traballan co alumnado.

ALUMNADO CON NEAE QUE RECIBE ATENCIÓN ESPECIALIZADA DE PT NO CURSO 2022-2023

Para establecer os apoios do presente curso o Departamento de Orientación estableceu unha serie de criterios que xa se viñan aplicando en cursos anteriores.

O número máximo de sesións de PT por alumno/a é de 4 semanais (casos de NEE ou AC) mentres que o número mínimo de sesións a alumnado con NEAE é de 1 semanal. Ditas sesións desenvólvense habitualmente dentro da aula ordinaria do alumnado, realizándose fóra da mesma en casos debidamente xustificadas.

No presente curso están sendo atendidos 15 alumnos/as por unha persoa mestres de P.T. con horario completo no centro, con previsión de novas incorporacións (estanse valorando arredor 5-6 alumnas e alumnos) Entre as necesidades que se atenden encontramos maioritariamente alumnado con TEA, TDAH, déficits cognitivos e sensoriais, atraso global do desenvolvemento, dificultades de aprendizaxe e NEAE asociadas a historia persoal e escolar.

CURSO	CARACTERÍSTICAS	Nº DE SESIÓNS
EI	Retraso na linguaxe e problemas condutuais	1
1	Alumno con TEA que precisa da atención dunha ATE	2
3º	Alumno con DEA	2
	Alumno con DEA	3
	Alumno con DEA	2
	Alumna cun TEL	2
	Alumno con DEA e retraso na linguaxe	3
4	Alumno con DEA	2
	Alumno con TDAH e DI leve que conta con ACS	3
	Alumno con NEE graves que conta con ACS e precisa da atención dunha ATE.	4

5º	Alumno con DEA e condicións familiares desfavorables	2
	Alumna con DEA por condicións sociofamiliares.	2
	Alumna con DI moderada Trastorno específico de aprendizaxe	3
6º	Alumno con TDAH, DI leve e ACS.	4
	Alumno con DEA por condicións sociofamiliares.	2

O horario proposto de PT:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª sesión	4A	5B	5B	4A	6
2ª sesión	3A	6	5A	5A	3B
3ª sesión	5A	5A	6	5B	G
Recreo					
4ª sesión	6	3A	LD	EIC	1A
5ª sesión	3B	1A		3B	5B
	Tarde				

OBXECTIVO XERAL DA PROGRAMACIÓN

Conseguir o máximo desenvolvemento posible das capacidades cognitivas, motrices, de equilibrio persoal, de relación interpersoal e de inserción social do alumnado e acadar o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolles a adquisición de competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos na lexislación para as dúas etapas que se imparten no CEIP: Educación Infantil e Educación Primaria.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Con respecto ao Centro

- Priorizar a intervención nos contornos menos restritivos posibles.
- Colaborar na realización das ACS, programas de reforzo, detección de alumnos/as con NEAE, asesorar na intervención cos mesmos/as, e todas aquelas cuestións que poidan

ser competencia do profesorado especialista PT.

- Procurar a máxima coordinación entre o profesorado que atende ao alumnado con NEAE (establecemento de obxectivos prioritarios, acordos metodolóxicos, estratexias educativas, etc.).
- Coordinarse e colaborar cos diferentes equipos de traballo do centro para a elaboración e desenvolvemento de actividades co alumnado de NEAE.

Con respecto ao alumnado

- Mellorar a autoestima e autoconcepto.
- Potenciar o desenvolvemento de identidade e autonomía persoal.
- Traballar as emocións: identificación, control e regulación das mesmas; así como a resolución pacífica dos conflitos.
- Garantir a inclusión social e escolar.
- Fomentar o máximo desenvolvemento das competencias básicas ou clave no alumnado con NEAE.
- Realizar actividades educativas que complementen, consoliden e enriquezan a acción educativa ordinaria e principal, así como realizar reforzos especializados de determinados contidos académicos que supoñan unha maior dificultade para o alumnado con NEAE.
- Desenvolver a adquisición das técnicas instrumentais básicas: expresión oral e escrita, lectura, cálculo e razoamento
- Favorecer a comunicación do alumnado como medio de relación e inclusión social, utilizando sistemas aumentativos nos casos nos que se precise.
- Desenvolver aprendizaxes básicas funcionais que lles permitan unha maior autonomía na adquisición de coñecementos e a aplicabilidade dos mesmos en situacións reais e contextualizadas.

Con respecto ás familias

● Facilitarlles o coñecemento real e positivo das posibilidades e dificultades relacionadas coas diferentes áreas de desenvolvemento das crianzas (cognitiva, motora, lingüística e socioafectiva).

● Fomentar actitudes participativas e de colaboración co centro.

● Asesoramento para potenciar desde o fogar as habilidades e hábitos que se pretenden acadar co alumnado.

CONTIDOS

- Procurarase o reforzo dos contidos curriculares previstos na normativa para cada nivel educativo, aínda que se incidirá de forma máis especializada nos seguintes:

- Habilidades sociais, identificación e expresión de emocións, autorregulación do comportamento.

- Traballar na mellora do autoconcepto, a autoestima e a autonomía.

- Procesos Psicolóxicos Básicos (PPB): percepción e discriminación visual, auditiva e táctil; memoria a longo e curto prazo e focalización e mantemento da atención e a concentración.

- Lectoescritura: correspondencias G-F, conciencia silábica e léxica, vocabulario, fluidez e comprensión lectora de diferentes tipoloxías de texto.

- Os números e as operacións básicas, estratexias de cálculo mental e resolución de problemas da vida cotiá, procurando unha aprendizaxe funcional.

- Estratexias e técnicas de estudo.

METODOLOXÍA

Seguiranse os principios metodolóxicos recollidos no Decreto 105/2014 que regula o currículo da educación primaria en Galicia (aprendizaxe comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno/a). De forma máis específica, e tendo en conta a tipoloxía de alumnado atendido en Pedagogía Terapéutica, teremos en conta as seguintes estratexias na intervención:

- Facilitar instrucións claras e sinxelas, empregando apoios visuais sempre que se considere preciso.
- Priorizar os obxectivos que supoñan aprendizaxes máis funcionais.
- Transmitir a todo o alumnado altas expectativas de logro e empregaremos toda vez que sexa posible o reforzo positivo para mellorar a súa autoestima e autoconcepto.
- Favorecer un ambiente de traballo estimulante e de confianza, recoñecendo os erros como unha oportunidade de aprendizaxe.
- Ter en conta o potencial de aprendizaxe, ofrecendo apoios e adaptacións para que logren acadar o máximo desenvolvemento posible.
- Organizar os contidos desde un enfoque globalizador.

- Fomentar aprendizaxes significativas.
- As actividades serán curtas e estruturadas, empregando o xogo e materiais lúdicos e de carácter manipulativos.
- Favorecer a aprendizaxe colaborativa en grupos heteroxéneos naqueles apoios que se realicen dentro da aula ordinaria do/a alumno/a.
- Uso das TIC como apoio e reforzo dos contidos curriculares.

Con todo, con cada alumno estableceranse unhas estratexias metodolóxicas específicas en función das súas necesidades educativas particulares.

Cómpre mencionar a importancia que lle outorgaremos á coordinación e colaboración entre os diferentes axentes internos e externos. O obxectivo destas coordinacións (con profesorado titor, con CEE, gabinetes externos, equipos de Atención Temprá, etc.) será establecer uns obxectivos comúns e unhas estratexias e pautas de intervención compartidas e eficaces. Ao mesmo tempo, procurárase unha axeitada colaboración coas familias, pois entendemos que son, xunto coa escola, o axente socializador por excelencia.

TRABALLO COLABORATIVO A NIVEL DE CENTRO

O traballo con alumnado NEAE debe plantexarse de xeito global global a nivel de centro, para integralo en tódalas actividades e tarefas que os equipos e comisións desenvolvan ao longo do curso.

Só así poderemos traballar aspectos tan importantes como a autoestima e o autoconceito, así como outros elementos relacionados coa autonomía e os aspectos curriculares.

Ao longo do curso integraremos ao alumnado atendido polos mestres de PT en tódalas actividades que se desenvolvan, trasladando aos mencionados equipos e comisións, a necesidade de ter en conta este alumnado para a súa participación efectiva e para a elaboración das tarefas ou actividades que se propoñan.

AVALIACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua, terá carácter formativo e orientador. Os criterios de avaliación irán en consonancia cos obxectivos e as competencias básicas.

A avaliación consta principalmente de tres momentos: inicial, continua e final. É un proceso continuado no que as tres fases de avaliación deberán considerarse encadeadas

e non como algo puntual e illado.

Comezamos (a principio de curso ou cando un novo neno chega ao centro en medio do curso) por unha *avaliación inicial* para ver o punto de partida, cales son as capacidades adquiridas en relación aos obxectivos curriculares, cal é o seu estilo de aprendizaxe, as dificultades que ten ,etc. Logo, ao longo do curso académico, realizarase unha *avaliación formativa* e continua que permite ir reorientando o proceso ensinanza-aprendizaxe e a intervención especializada de PT para establecer os reaxustes oportunos en función das necesidades que xurdan. Ao finalizar o curso, realizarase unha *avaliación final* que permitirá comprobar o grado de adquisición dos obxectivos previstos para cada caso.

Instrumentos de avaliación

- Revisión e análise dos traballos e execucións do alumnado.
- Probas orais e escritas.
- Fichas de seguimento e informes.
- Observación directa: das execucións do alumnado, da idoneidade das actividades e tarefas propostas e autoavaliación das propias estratexias docentes.
- Información obtida nas reunións periódicas co resto do profesorado para tratar o progreso e dificultades do alumnado.
- Información obtida nas reunións coas familias e cos servizos externos que traballen co alumnado.

RECURSOS PERSOAIS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS

Os recursos que utilizemos deben ser adecuados as necesidades do noso alumnado e, ao mesmo tempo, procurárase o máximo aproveitamento e practica dos mesmos. Non debemos esquecer a importancia de que sexan motivadores e esperen no alumnado o interese pola aprendizaxe. Entre estes recursos utilizaremos:

Persoais Internos e externos :

- Titoras e titores e especialistas.
- Mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica.
- Mestras especialistas en Audición e Linguaxe.
- ATEs.
- Orientadora.
- Persoal externo ao centro: persoal de cociña, especialistas externos,...

Materiais:

Os recursos materiais a empregar serán o máis variados posible, procurando, en cada caso, traballar có material que mellor se adapte as características persoais de cada alumno/a: ao seu ritmo de aprendizaxe, aos seus gustos e preferencias, ao seu estilo cognitivo, etc. De maneira que esperte no alumnado motivación para a adquisición dos aprendizaxes. Por exemplo: letras móbiles, fichas de traballo, xogos de atención e memoria, materiais manipulativos, regletas, crebacabezas variados, material funxible e de refugallo, etc.

Organizativos:

A aula de apoio está organizado por recunchos de traballo. O horario vai ser o seguinte: Levaranse a cabo reunións, ao longo do curso, coa titorías para coordinar o traballo. Ditas reunións de coordinación realizaranse o primeiro luns de cada mes (de 17:00 a 18:00), tendo en conta a dispoñibilidade horaria dos mesmos en función das outras reunións e titorías con pais/nais, ademais a través destas reunións preténdese atender ás demandas que vaian xurdindo, tanto do alumnado coma do profesorado. As reunións de departamento vanse celebrar os luns de 18.00 a 19.00.

Tamén se realizarán reunións periódicas coas familias e cos servizos externos que traballen co alumnado NEAE, co obxectivo de facer un seguimento do traballo desenvolvido e valorar os avances ou posibles dificultades que poidan xurdir.

33.3. PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE

INTRODUCCIÓN.

Durante o curso 2022/2023, a aula de Audición e Linguaxe estará atendida pola mestra especialista, Ana Bermúdez Gómez , que estará a tempo completo no centro escolar.

A especialista estará en coordinación cos demais membros do centro: titoras, especialistas de inglés, educación física, música e relixión, coa Orientadora, o PT co que conta o centro e coas auxiliares de atención educativa, así como co Equipo Directivo. Ademais, coordinarémonos cos servizos externos ao centro, como son: o SAT de Noia, a Asociación MISELA, ASPANAES, logopedas externos ao servizo das familias, etc.

As funcións que debe levar a cabo o especialista de AL son as establecidas no Decreto 120/1998 de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e Orden de 24 de xullo de 1998 pola que se establece

a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, que son as seguintes:

- Participar na prevención, detección, avaliación, intervención e seguimento do alumnado con problemas relacionados coa linguaxe e a comunicación.
- Colaborar na coordinación cos titores/as, o equipo docente e organismos externos ó centro, na adopción de criterios técnicos para a adaptación ás necesidades do alumnado (sistemas alternativos e/ou aumentativos de comunicación).
- Informar e orientar ás familias.
- Colaborar e asesorar aos titores, xunto co departamento de orientación, na elaboración de ACIs.

Para a organización da aula de Audición e Linguaxe terase en conta o Decreto 213/1995 que regula as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral e o Decreto 320/1996 de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

Ademais, as medidas organizativas que se determinen deberán ser coherentes co PEC e, desenvolverse dentro do marco de atención global do centro e dar resposta as necesidades educativas dos alumnos.

No presente curso escolar serán atendidos aqueles alumnos que mostren alteracións na fala ou na linguaxe en calquera das súas dimensións.

Os **criterios de priorización** na selección de alumnado son os seguintes:

1. Necesidades educativas asociadas á linguaxe oral fronte ás escritas; neste caso daranse orientacións aos titores que o soliciten.
2. Necesidades educativas especiais permanentes sobre as temporais.
3. Grao de dificultade que presenta o alumno ou alumna en cuestión, priorizando naqueles que se considere que teñen unha dificultade maior.

Os **ámbitos de intervención** serán os seguintes:

✓ **Intervención familiar:**

Esta intervención estará orientada a modificar as condutas verbais e non verbais que interfíren no desenvolvemento normal da linguaxe dos alumnos. Consta de:

- Información e formación aos pais.
- Modificación das condutas non lingüísticas.
- Modificación das condutas lingüísticas, a través de orientacións.

✓ **Intervención escolar:**

- *Con relación a tutoría.*
 - Funcións de asesoramento ao profesorado: signos de alarma, protocolo de demanda de avaliación, coñecemento sobre determinados déficits relacionados coa linguaxe e a comunicación, medidas de reforzo e adaptación, estratexias de intervención.
 - Funcións a desempeñar co alumno/a dentro do grupo clase: evitar a marxinación do neno propiciando a súa integración, desenvolver o seu autoconceito, reforzando as condutas positivas que realice. Motivar ao neno para que participe en todas as actividades, estimular a conduta lingüística e reforzar a expresión verbal.
- *Con relación ao proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumno implica:*
 - Exploración inicial do alumno para coñecer as súas carencias e competencias lingüísticas. Das conclusións observadas informarase ao seu titor.
 - Elaboración dun plan de intervención individual para cada un dos alumnos, onde se recollerán obxectivos, contidos, estratexias, actividades... para este neno.
 - Desenvolver as sesións de traballo cos alumnos, dentro das que se inclúe a intervención logopédica.

Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais en relación á nosa actuación no centro e co alumnado serán os seguintes:

- Normalizar a fala, a linguaxe e a comunicación de todos os alumnos e alumnas que presentan deficiencias nalgúns de estes ámbitos de relación entre as persoas.
- Modificar ou cambiar as condutas comunicativo-lingüísticas alteradas.
- Estimular o desenvolvemento lingüístico e da comunicación.
- Facilitar e potenciar o uso doutro tipo de linguaxe alternativa ou aumentativa como medio de comunicación aos alumnos que así o requiran.

- Realizar un axuste continuo da intervención en función da evolución e necesidades que vaian xurdindo durante o tratamento.
- Traballar os prerequisites básicos da fala.
- Desenvolver e mellorar as dimensións da linguaxe (fonética, fonolóxica, morfosintáctica, léxico-semántica e pragmática).
- Desenvolver, mellorar e afianzar os aspectos básicos relacionados coa lectoescritura.
- Desenvolver o gusto pola comunicación e o diálogo como vehículo de transmisión de sentimentos, experiencias e vivencias.
- Desenvolver a área socioafectiva.

Ademais disto, para cada alumna e alumno proporanse uns obxectivos concretos adaptados ás súas necesidades específicas de apoio educativo. Estes obxectivos recolleranse nos respectivos programas de intervención individuais, elaborados para cada un dos alumnos que tratamos.

Contidos e actividades

A elección de contidos e o deseño de actividades para cada alumno e alumna dependerá das NEAE que presente, adaptándose as mesmas e respectando o principio de individualidade.

De forma xeral na aula de AL, como paso previo, centrarémonos en potenciar o desenvolvemento dos repertorios básicos de entrada: atención, imitación, seguimento de ordes verbais, memoria, coordinación motora, organización do esquema corporal, desenvolvemento de estruturas espacio-temporais.

Ademais son contidos a traballar dentro da aula de AL a lectoescritura, tanto a nivel comprensivo como expresivo, e os catro compoñentes da linguaxe:

Fonolóxico:

- Bases anatómico-funcionais.
- Percepción e discriminación auditiva.
- Articulación a través de imitacións, afianzamento, xeneralización e integración na fala por medio da linguaxe repetida e inducida.
- Conciencia fonética (recoñecemento do son dentro dunha palabra).
- Memoria auditiva secuencial.

Semántico:

- Aumentar o vocabulario para chegar a un desenvolvemento do léxico axeitado.
- Nomear obxectos e as súas características.
- Establecer semellanzas e diferenzas.
- Formación de familias de palabras.
- Establecer asociacións e clasificacións de palabras atendendo a un criterio.
- Buscar sinónimos e antónimos.
- Definicións de palabras.
- Razoamento verbal.

Compoñente morfosintáctico:

- Uso de palabras función dentro da oración.
- Utilización do xénero e do número.
- Concordancia dentro da frase.
- Repetición de frases.
- Expresar accións vividas no pasado, presente e futuro.
- Expansións verbais, a través do tren de palabras.

Compoñente pragmático:

- Diálogos sobre feitos ou experiencias.
- Descrición de láminas.
- Memorizar poesías, adiviñas, cancións...
- Dramatización de contos ou situacións da vida real, nas que o neno poida asumir diferentes roles e verbalizar sentimentos, emocións...
- Aprender a seguir o ritmo do discurso e a interactuar verbalmente con outros.

Metodoloxía:

Respondendo á pregunta de como ensinar, a metodoloxía da aula de A.L será integradora, motivante, activa, significativa, flexible e individual.

- Integradora. O traballo deberá facerse con referencia a situacións sociais, dentro dos grupos nos que o alumno ou a alumna, a pesares das súas dificultades, poida

participar. As sesións de linguaxe deberán estar sempre coordinadas con plantexamentos curriculares que se desenvolvan na aula, procuraremos que as sesións sexan funcionais, que teñan utilidade en situacións da vida diaria.

- Motivante. Dado que as actividades propostas aos alumnos/as deberán ser atraentes, estimuladoras e non converterse en exercicios aburridos e fóra dos seus intereses. É preciso coñecer os intereses individuais de cada alumno.
- Activa. O alumno/a é o protagonista, o que aprende facendo, practicando, traballando, experimentando fracasos e éxitos; o mestre será o mediador de axudas neste proceso. Unha metodoloxía pasiva crea suxeitos cómodos e que non se plantexan aspiracións nin a superación das dificultades.
- Significativa, ou o que é o mesmo, funcional; cunha aplicación práctica que lle serve para establecer os lazos sociais (satisfacer desexos, necesidades, demandas...)
- Flexible, pois dado que o proceso da avaliación é continuo, en moitas ocasións cambiaremos aspectos da nosa metodoloxía, no intento de conseguir resultados máis satisfactorios.
- Individual, adaptándonos as necesidade persoais de cada alumno.

Ademais destes seis requisitos, dentro da metodoloxía a seguir debemos procurar reforzar positivamente os logros e aproximacións dos alumnos, así como crear un ambiente de confianza e benestar para o neno durante as sesións.

Avaliación

O proceso de avaliación concrétase en dous ámbitos: por unha parte a avaliación da programación xeral de Audición e Linguaxe e por outra a avaliación individual de cada alumno. Distinguiremos:

- Avaliación inicial: Terá como finalidade coñecer o nivel de adquisición da fala e da linguaxe dos alumnos. En base a ela decidírase a mellor proposta de atención (número e tipo de sesións de traballo) e a elaboración dun plan de intervención individual da linguaxe.

- Avaliación formativa e continua das medidas de atención aos alumnos. Será o instrumento necesario que nos informará puntualmente dos progresos e fracasos. É unha avaliación trimestral.
- Avaliación final da programación xeral de AL co fin de recoller na memoria final os aspectos positivos e negativos, para mellorar no seguinte curso.
- Avaliación final do plan de intervención do alumno, onde nun informe final, recolleranse os obxectivos acadados polo alumno, así como as conclusións e a análise do apoio que recibiu o neno. Este informe final, permitirá establecer o punto de partida no vindeiro curso.

Este proceso de avaliación levarémolo a cabo mediante:

- Unha observación diaria do alumno, tanto nas sesións de linguaxe como en outros espazos do centro.
- Unha análise sistemática, utilizando probas e exercicios planificados. Para esta podemos empregar probas estandarizadas, entendendo que poderán adaptarse ás necesidades e á situación que presenta o alumno.

A **temporalización** entenderase como un elemento flexible que deberá adaptarse as necesidades e intereses de cada alumno. Cada sesión de intervención individual ou grupal será de 25 ou 50 minutos, determinando o número de sesións atendendo as necesidades de cada alumno ou alumna.

Recursos didácticos:

- Espaciais: aula de AL, TecnoLab, aula de informática, encerado dixital interactiva, biblioteca, patio como espazo de aprendizaxe e aula ordinaria.
- Materiais: material de reeducación fonética e fonolóxica, material manipulativo de elaboración propia segundo as necesidades do alumno ou alumna, recursos de novas tecnoloxías, contos, textos de uso social, material de motricidade fina e grossa, material de xogo simbólico e por suposto, materiais ligados á vida práctica.

Ademais do material existente na aula, elaborárase material acordo coas necesidades dos nenos e nenas, así como material informativo para os titores e titoras e as familias sobre o funcionamento da aula de Audición e Linguaxe e pautas de estimulación da linguaxe.

Despois da avaliación inicial e tendo en conta os criterios de priorización establecidos, determinouse que os alumnos e alumnas que acudirán a aula de Audición e Linguaxe son os seguintes:

- Unha nena de 4 anos con dificultades a nivel comunicativo e ambiente sociocultural desfavorecido. (2 sesións).
- Un alumno de 4 anos con disfemia (2 medias sesións).
- Tres alumnos de 5 anos con dificultades na linguaxe (2 sesións).
- Un alumno 1º de EP con Trastorno de Espectro Autista (2 sesión).
- Tres alumnos de 1º de E. Primaria con NEAE transitorias derivadas dun trastorno da fala (2 sesións).
- Un alumno de segundo de primaria cun Trastorno específico da linguaxe (2 sesións).
- Un alumno de 3º de EP con dificultades no proceso da lectura e da escritura (2 sesións).
- Un alumno de 3º de EP con TEL (2 sesións).
- Un alumno de 4º de EP con retraso xeralizado que precisa apoio tanto na linguaxe (a nivel oral e escrito) como na fala. (2 sesións).
- Un alumno 5º de E. Primaria con NEAE permanentes e grado de discapacidade recoñecido (4 sesión).
- Dous alumnos procedentes do estranxeiro un escolarizado en 5º e outro en 6º con dificultades no idioma (4 sesións).
- Tres alumnos de 5º de E. Primaria, dous dos cales presentan discapacidade intelectual con dificultades na linguaxe (2 sesións).
- Un alumno de 6º de Primaria procedente do estranxeiro con dificultades a nivel de fala e organización da escrita (1 sesión).
- Un alumno de 6º de EP cun retraso intelectual leve que lle repercute na linguaxe e nas áreas instrumentais (1 sesión).
- A maiores atenderase a alumnado con dificultades articulatorias, na medida do posible.

Esta listaxe de alumnos e alumnas poderá variar en función das necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso e dos alumnos que superen as súas dificultades

O **horario** inicial dispoñible para estes alumnos/as é o seguinte:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
AL	AL	AL	AL	AL
AL	AL	AL	AL	AL
AL	AL	AL	AL	AL
R	E	CR	E	O
AL	AL	AL	AL	AL
AL	AL	Libre disposición	AL	Libre

Levaranse a cabo reunións, ao longo do curso, coa titorías para coordinar o traballo. Ditas reunións de coordinación realizaranse o primeiro luns de cada mes (de 17:00 a 18:00), tendo en conta a dispoñibilidade horaria dos mesmos en función das outras reunións e titorías con pais/nais, ademais a través destas reunións preténdese atender ás demandas que vaian xurdindo, tanto do alumnado coma do profesorado. As reunións de departamento vanse celebrar os luns de 18.00 a 19.00.

34.- PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DA DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DA DINAMIZACIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

Esta programación recolle os obxectivos, as propostas e as liñas de actuación da Dinamización da Convivencia Escolar para o actual curso académico 2022/2023.

Os integrantes do Equipo de Dinamización da Convivencia Escolar son:

- Lucinda Paz Calvo
- Patricia Ferreira Lavandeira
- María del Carmen González Iglesias
- Sandra Caamaño López
- Ana Bermúdez Gómez
- Eva Nieto-García Ardións
- Jorge García García (coordinación)

O Equipo reunirase de xeito mensual o segundo luns de cada mes das 17:00 a 18:00 horas. Non obstante, de ser necesario celebráranse xuntanzas extraordinarias de ser necesario.

A programación que se presenta, para dinamizar e fomentar unha convivencia boa e de calidade no seo da comunidade educativa que conforma o noso centro no actual curso académico, está elaborada conforme o establecido na normativa de referencia vixente, é dicir:

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Instrucións do 17 de xuño de 2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa polas que se traslada o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma galega.

OBXECTIVOS:

Os obxectivos que se pretenden acadar ao longo do actual curso académico seguindo as diferentes actividades e liñas de actuación en materia de convivencia escolar preséntanse de seguido:

- Coñecer as normas xerais de convivencia do centro e as súas medidas correctoras.
- Desenvolver habilidades persoais de autoprotección, autocontrol, comunicación e resolución de conflitos.
- Sensibilizar a necesidade de recoñecer, evitar e controlar conflitos, acoso ou situacións que impliquen risco e/ou perigo.
- Adquirir hábitos saudables de alimentación, hixiene e prevención.
- Fomentar valores como o respecto, o coidado, a tolerancia, a axuda e a cooperación, entre outros.
- Promover relacións de afecto, confianza e respecto entre toda a comunidade educativa.
- Manter todas as instalacións do centro limpas e coidadas.
- Fomentar desprazamentos correctos, en orde, sen correr e berrar.
- Coñecer os recursos existentes no centro.

- Promover a inclusión de todo o alumnado dentro e fora das aulas, respectando e aceptando as diferenzas de toda índole.
- Potenciar actividades de mediación para a resolución de conflitos que favorezan a unha convivencia pacífica.
- Conseguir unha boa convivencia a nivel xeral no centro.
- Fomentar o sentimento de pertenza ao grupo.
- Desenvolver as competencias necesarias para lograr unhas relacións cordiais e de confianza tanto cos demais como no medio en que se vive.
- Elaborar o plan de igualdade.

ACTIVIDADES E LIÑAS DE ACTUACIÓN A SEGUIR:

Algunhas das actividades e/ou liñas de actuación a nivel xeral previstas para este curso coa pretensión de lograr os obxectivos recollidos no epígrafe anterior son as seguintes:

- Fomento dunha alimentación saudable e equilibrada coa participación do centro nun programa de consumo de froita e alimentos saudables durante todo o curso.
- Actividades de autoprotección, charlas informativas...ante posibles situacións de risco que poñan en perigo ao alumnado e profesorado, tales como por exemplo desaloxar o centro en caso de incendio.
- Charlas sobre a comunicación violenta durante o mes de setembro en 2º e 3º ciclo.
- Actividades para mellorar a empatía, o benestar, a autoestima e o coñecemento de si mesmos durante os tres timestres.
- Información e coñecemento por parte de alumnado e profesorado dos protocolos a levar a cabo en situacións de conflito e incumprimento das normas de convivencia do centro.
- Promoción do xogo cooperativo e compartido durante os recreos no patio, presentarase diversos materiais e propostas que permitan establecer diferentes relacións entre as nenas e nenos e o entorno para poñer en marcha a educación en valores, as habilidades sociais e a resolución pacífica de posibles conflitos que poidan xurdir.
- Realización de reunións do Consello da infancia con representantes do alumnado das distintas aulas, para que dean o seu punto de vista sobre as actividades do centro educativo e colaboren facendo propostas. Elixirase un representante por aula

dende 4º de Ed. Infantil a 6º de Ed. Primaria e haberá unha reunión cada mes, como se veu facendo o curso pasado.

- Implicar á comunidade educativa na mellora do patio escolar continuando co traballo da Comisión de Espazos integrada por profesorado do centro, familias e un representante do Concello e na que se recollen as achegas do alumnado a través do Consello da Infancia.
- Crear na aula virtual do centro dun espazo para compartir artigos, vídeos, ideas, webs interesantes, así como a organización dos patios e a distribución dos materiais nas distintas zonas.
- Organizar unhas Xornadas de Deportes Adaptados ofertadas polo centro ocupacional de Valadares no que traballar e conviven persoas con diversidade funcional.
- Fomento do coidado, do respecto e da orde no relativo a todo o que implica o centro educativo.
- Sinalización dos distintos espazos (aulas, despachos, salas,...) con Pictogramas para facilitar o acceso á información ao alumnado con NEE, obxectivo que quedou pendente do curso pasado.
- Talleres sobre coeducación e sexualidade para garantir a igualdade.
- Coordinación coa ANPA de xornadas informativas e formativas para as familias e o profesorado.
- Participación no Plan Director para sensibilizar sobre a educación viaria.
- Participación nos Contratos Programa a través da actuación CON-VIVE para desenvolver actuacións preventivas de condutas violentas ou discriminatorias.
- Organización de actividades e conmemoracións a nivel de centro de xeito coordinado cos restantes Equipos de Dinamización do centro:
 - 20 de Novembro: Día Universal da Infancia.
 - 25 de Novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
 - 3 de Decembro: Día Internacional das Persoas con Diversidade Funcional.
 - 10 de Decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
 - 30 de Xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
 - 8 de Marzo: Día Internacional da Muller.
 - 7 de Abril: Día Mundial da Saúde.
 - 2 de Maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

- 5 de Xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

Estas son algunhas propostas que se poden levar a cabo ao longo deste curso académico. Non obstante, poderán engadirse, cambiar ou retirar actividades nas sucesivas xuntanzas que manteña o Equipo de Dinamización da Convivencia coa finalidade de acadar os obxectivos nomeados anteriormente así como atender calquera situación, acontecemento ou problemática que poida darse en materia de convivencia ao longo de todo o curso.

AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA CONVIVENCIA ESCOLAR:

O Equipo de Dinamización da Convivencia Escolar fará un seguimento en cada reunión para comprobar se se están a conseguir os obxectivos propostos que se complementará coa avaliación trimestral. Asemade, na memoria de fin de curso quedarán reflectidos os resultados da avaliación final así como as propostas de mellora que se terán en consideración de cara o vindeiro curso escolar.

35.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Todos os plans e proxectos que se levan a cabo nos centros educativos han de ser avaliados, pois tal e como nos indica a lexislación todas as accións educativas se rexerán polo principio de mellora continuada da calidade e entre eses principios atópase a avaliación, como unha forma de reflexión sobre as propias accións e de propostas de mellora. Por iso a propia programación tamén será avaliada, así como o seu desenvolvemento

A avaliación terá un carácter persoal e educativo, contribuindo así á mellora integral do alumnado. A avaliación é un elemento e proceso fundamental na práctica educativa. A avaliación é un proceso continuo, con carácter formativo e integral, que proporciona información e permite a modificación naqueles aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe que así o requiran.

Os procesos de avaliación terán por obxecto tanto as aprendizaxes dos discentes como os procesos mesmos de ensinanza. A información que proporciona a avaliación servirá para que o equipo de mestres/as dispoña de datos relevantes, co fin de analizar criticamente a súa propia intervención educativa e tomar decisións ao respecto.

Ademais a avaliación tamén servirá para: investigar a necesidade, a viabilidade, a idoneidade, a oportunidade, o aproveitamento e a rendabilidade do deseño-desenvolvemento das actividades, proporcionar datos de todos os participantes no proceso educativo (o alumnado, o profesorado, o deseño curricular, os recursos e materiais, as actividades, etc), obter información cuantitativa e cualitativa acerca da asimilación do programa e da súa eficacia, avaliar adecuadamente o aproveitamento docente-discente para poder orientalo da mellor maneira, poder informar aos pais e nais sobre o proceso de aprendizaxe e solicitar axuda si se precisa, coñecer a calidade de actuación docente, individual e grupal

Todas as accións educativas se rexerán polo principio de mellora continuada da calidade e entre eses principios atópase a avaliación, como unha forma de reflexión sobre as propias accións e de propostas de mellora. Por iso o propio programa tamén será avaliado, así como o seu desenvolvemento.

Utilizaremos de xeito estándar e para iniciar o proceso observable en relación a cada un dos ítems, as seguintes táboas:

PREPARACIÓN

INDICADORES	Valoración	Observacións e propostas de mellora
Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia o currículo e no seu caso, a programación de área		
Formulo os obxectivos didácticos expresando con concreción os logros a acadar		
Selecciono e secuencio os contidos da programación de aula cunha distribución e unha progresión axeitada ás características do grupo de nenos/as.		
Adopto estratexias e programo actividades en funcións dos obxectivos, dos distintos tipos de contidos e en función das características dos alumnos		

Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos...) axustados ao currículo e ás necesidades dos alumnos		
Establezo explícitamente os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos e comprobar o grao no que adquiren as aprendizaxes.		
Planifico a miña actividade educativa de xeito coordinado co resto de profesorado do nivel e/ou equipo docente)		

REALIZACIÓN.

INDICADORES	Valoración	Observacións e propostas de mellora
Motivación inicial dos alumnos		
Presento e propoño un plan de traballo, explicando a súa finalidade , antes de cada unidade		
Propoño situacións introdutorias previas al tema a traballar (traballos, diálogos, lecturas)		
Motivación ao longo de todo o proceso		
Manteno o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada		
Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, finalidade, aplicación real.		
Facilito información dos progresos acadados así como das dificultades atopadas		
Presentación dos contidos		
Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos alumnos		
Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (mapas conceptuais, esquemas, o que hai que aprender, o máis importante...)		
Facilito a adquisición de novos contidos mediante os pasos necesarios, intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando		

Actividades na aula		
Planifico actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas		
Propoño actividades variadas (de diagnóstico, de introdución , de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación de ampliación e de avaliación)		
Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e o traballo en grupo		
Recursos e organización da aula		
Distribúo o tempo adecuadamente (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que os alumnos realizan na clase		
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar, etc. controlando sempre un adecuado clima de traballo		
Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...) tanto para a presentación dos contidos como para as prácticas dos alumnos, favorecendo o traballo		
Instrucións e orientacións ás tarefas dos alumnos		
Comprobo de diferentes maneiras que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso...		
Facilito estratexias de aprendizaxe: o modo de solicitar axuda, o modo de buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, e aseguro a participación de todos.		
Controlo frecuentemente o traballo dos alumnos: explicacións adicionais, dar pistas, feedback		
Clima da aula		

As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula e as que eles establecen entre si son correctas, fluídas e dende unhas perspectivas non discriminatorias		
Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas		
Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxerencias e aportacións, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe		
Proporciono situacións que facilitan aos alumnos o desenvolvemento da afectividade como parte da súa educación integral		

Seguimento/control do proceso de ensino/aprendizaxe

Reviso e corrijo frecuentemetne os contidos, actividades propostas dentro e fóra da aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados		
Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación		
No caso de obxectivos insuficientemente acadados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición		
No caso de obxectivos suficientemente acadados propoño, en corto período de tempo, novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición		

Diversidade

Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxe, as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino- aprendizaxe (motivación, contidos, actividades..)		
Coordínome con outros profesionais (profesorado de apoio, departamento de orientación...) para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos...aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe		

AVALIACIÓN

INDICADORES	Valoración	Observacións e prospectas de mellora.
Teño en conta o procedemento xeral, que concreto na miña programación de aula, para a avaliación das aprendizaxes		
Aplico criterios de avaliación e de cualificación ponderados en cada un dos temas ou unidades das programacións de área		
Realizo unha avaliación inicial a principio de curso, para axustar a programación, na que teño en conta o informe final do titor/a anterior, o de outros profesores, e do departamento de orientación, se é o caso.		
Contemplo outros momentos de avaliación inicial: a comezos de tema, unidade didáctica, bloque de contidos		
Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos		
Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información (rexistros, fichas de seguimento, diario de clase....		
Corrijo e explico habitual e sistematicamente os traballos e actividades do alumnado e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes		
Utilizo estratexias e procedementos de autoavaliación e coavaliación en grupo que favorezan a participación do alumnado na avaliación		
Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade de nenos/as, das diferentes áreas, contidos ...		
Utilizo diferentes medios para informar a pais, profesores e alumnos (sesións de avaliación, boletíns, reunións colectivas, entrevistas individuais, asambleas de clase...) dos resultados da avaliación		

